

A reforma do financiamento do SAF: Visión dos Concellos e artigos de opinión política

Araceli Gestido
alcaldesa de Cangas



Cristina Correa
alcaldesa de Oia



Digna Rivas
alcaldesa
de Redondela



Félix Juncal
alcalde de Bueu



Pax.: 5

O Entroido
de Salceda

Pax.: 12

Incendios e
bombeiros
forestais

Pax.: XX

Entrevista:
**Lucía
Rodríguez**
xogadora da selección
española de bádminton
natural do Condado

Pax.: 16

As Entidades Locais
Menores:
**Vilasobroso e
Queimadelos**

Pax.: 21

Entrevista:
Pedro Velasco,
presidente do
comité de empresa
de GKN Vigo

Pax.: 26

**Morre
Xesús Alonso
Montero**

Pax.: XVI

Desde el compromiso de la entrega
hasta la excelencia en el cuidado

GUMERJO
SERVICIO OFICIAL



SKODA





Tino Lago, director de "A Nova Peneira"

Sobre a dignidade humana

editorial

A dignidade humana maniféstase en dúas formas diferentes: A dignidade innata e a dignidade resultante do noso comportamento no período de tempo que cada persoa teña a oportunidade de vivir.

A dignidade innata é propia de todas as persoas sen excepción, que só polo feito de termos nacido debemos de gozar dos dereitos humanos básicos: O dereito á vida, o dereito á educación, o dereito á sanidade, o dereito á nosa propia identidade, o dereito á igualdade de xénero, o dereito á vivenda, o dereito ao traballo remunerado de maneira xusta, o dereito á liberdade persoal, o dereito á privacidade, o dereito á liberdade de expresión, o dereito á tutela xudicial efectiva, o dereito á seguridade, o dereito a unha vellez comfortable e o dereito a unha morte digna.

A dignidade que xorde do noso comportamento non a teñen todos os seres humanos. Só a posúen aqueles que se comportan de maneira xusta cos seus semellantes.

Non é necesario ser un santo, nin un heroe que se rexe sempre por sólidos principios morais. De feito é case imposible que o noso comportamento moral ou as nosas interaccións sociais teñan sido sempre correctas. Todas as persoas temos contradicións, luces e sombras e non creo que exista ningún adulto que poida dicir que ao longo da súa vida amosara un comportamento moral impoluto sempre, e unha acción social impecable en todos os momentos sen excepción.

O que si é necesario para ser unha persoa digna é algo moi básico e doado, que si se dá na maioría das persoas,



pero tamén cualidades un pouco máis complexas que xa non é tan fácil atopar. É necesario non agredir a ningún e tratar con respecto a todos os seres humanos que se crucen no camiño das nosas vidas, algo que facemos a maioría das persoas. Non todos, hai quen como o presidente arxentino define como escoura, ás persoas que non pensamos como el, ou hai quen como o presidente israelí carecen de escrúpulos en mandar asasinar nenos e nenas para acadar os seus obxectivos. Pero ben, agás ese tipo de anormais, creo que se pode dicir que a maioría das persoas son decentes, pacíficas e só queren vivir en paz a carón dos seus. Sería entón a maioría da humanidade persoas de comportamento digno? Na miña opinión si, pero..

Si en contextos de paz, tranquilidade e xustiza social maioritaria, pero non exactamente en contextos como este. Cando as gadoupas do fascismo petan de novo con forza na porta de entrada das nosas vidas non abonda con mirar a outro lado. É necesario como cantaba

Gabriel Celaya "Tomar partido, tomar partido ata mancharse".

É necesario tomar partido como tomou o escritor David Ucles e mandar á merda a un impresentable como Pérez Reverte que organiza unhas xornadas sobre a guerra civil chamadas "La guerra que perdimos todos". Dá igual que o título do simposio leve interrogación ou que non o leve. Dicir que a guerra a perdemos todos é unha abominable falsidade moral pois suporía que entre un asasinado como por exemplo Alexandre Bóveda e un asasino como Queipo de Llano, existiría unha especie de simetría e que un determinado contexto histórico lles levou a enfrontarse abrindo unha ferida que cómpre pechar. Vaia forma tan vergonzosa de branquear o fascismo.

É necesario tomar partido como por exemplo tomaron varias ducias de católicos de Asturias que lle din ao miserable arcebispo de Oviedo, aquel que di que non todas as persoas cabemos," Señor arcebispo deixe de avergonzar á nosa Igrexa".

Nos momentos nos que a desgraza de outros aparece nas nosas vidas podemos aplaudir aos responsables do sufrimento alleo, podemos mirar a outro lado ou podemos comprometer nos tomando partido en favor dos que sofren abusos e inxustizas. Esas persoas que erguen á súa voz en prol dos que sofren, e contra os canallas responsables do sufrimento de outros, son en verdade as únicas persoas total, absoluta e completamente dignas.



**Mecánica
Neumáticos
Alineado de dirección
Cambio de lunas
Servicio de grúa a clientes**

**PEINADOR - TORROSO
(Mos)**

Al lado de la Capilla de San Juan

**986 337 187
645 991 192**



RABADEIRA

**AUTOMÓVIL - MAQUINARIA AGRÍCOLA
NEUMÁTICOS - ACCESORIOS
ALINEADO
DISTRIBUIDOR AUTORIZADO DE NOKIAN TYRES**

Telf. 986 340 753

**Revolta.nº 7 - Parderrubias. 36472 - SALCEDA DE CASELAS
rabadeira2011@hotmail.com**



**Manolo
RESTAURANTE**

AUTOVÍA VIGO-OURNENSE - SAÍDA 305

PORRIÑO 986 333 404 - 986 344 414



**CALIDADE, EXCELENCIA
E TRADICIÓN EN PLENO
CENTRO DA LOURIÑA**

VEN A COÑECERNOS

**www.restaurantemanolo.es
info@restaurantemanolo.es**



De novo Lola Ferreiro, Violeta sempre

Baldomero Iglesias Dobarrio 'Mero'

opinión

Días atrás, despois de dous eternos anos, xuntamos na súa memoria. En Compostela para falar dela e sentir menos cruel a súa ausencia, contando pequenas cousas emocionadas, revisando fotos. Quedei de, xa con máis sosego, contar algo daquel tempo de loita aínda en ecos sabendo que xa falara dela, aquí nestas mesmas liñas cando se produciu a súa despedida.

Un día pedíume que lle escribise algo, só palabras. A ela, que soubo ser ese ser desatado, tranquila e firme que estaba ben e na certeza de vencer, que mesmo estaba onde ela quería, cos seus afectos, as súas amizades, a súa familia, as súas angueiras, o seu traballo, os presos e presas políticas, as cousas que lle gustaban, a marxinalidade na que tanto había que facer e na que sempre estaba envolta, tamén das intervencións para pór en claro e coutar todo aquilo discriminatorio ela, e con todo fervor, asumía como compromiso vital naquela loita que aínda levamos dentro e, moitas veces, non sabemos como afrontar.

Nestes días foi aniversario daquela nova e o enorme baleiro. Un día chegou a fatal noticia. Ninguén sabe como foi, tristemente foi. Posto a divagar creo que botaba en falta sobre voar as alturas para ver en perspectiva, lonxe da toxicidade de tanta crueldade e mentira, de tanta falsidade e roubo. Si, necesitaba parar, deter o tempo e mirarse na distancia onde -por fin- recrearse na beleza da xustiza, na verdade.

Decidíu subir a algures e quedar nese alén descoñecido para voar na infinita liberdade que tanto aquí se nos resiste. Pode que aínda ande detrás dunha nube, atenta a calquera mareira, a cal-

quera tormenta nova.

Quizais mire e se sinta avergoñada de como van as cousas por aquí desde o espectáculo que temos diante dos ollos. Si, semella lamentable nesta bola azul, desde as alturas. Verá, que tamén nós vemos que está chea de penchas e guerras, de odios e violencias. Moita xente con problemas mentais, derivamos neste urxencia de angustias. Pero tamén outra parte de xente, sobre todo aquela que está ben privilexiada pode estar tola de atar e está no poder, de calquera maneira e que quere gobernar o mundo. Diso ela sabía moito. Si, un mundo que se resiste a resolver os problemas nosos. A eles chégalles con resolver os problemas propios a base de maiores desigualdades, fames, horrores que todos os días vemos no ámbito social, xa consideramos normais dentro dos activos de calquera circunstancia. Normalizamos a morte violenta, todos os días, o odio e a ira, a mentira en calquera momento e ocasión.

Era Lola Violeta, Lola Ferreiro, a miña amiga. Amiga na paz e na loita, nesa indagación que descobre a verdade, ou

quere, e de paso descobre a moita farsa que nos envolve. Esa persoa sinxela á que boto en falta para falar e para rifar. Viámonos con certa frecuencia. Chamámonos e liabámonos nos novos acontecementos, nos nosos asuntos pendentes.

Escoitaba a miña música e a do grupo no que milito, A Quenlla. Tiña moita ilusión nos nosos proxectos clarificadores. Un día pedíume que lle escribise algo, para falar dela, que describise a súa crónica vital e reducilo a palabras. Non era preciso fose moi meditado o texto, catro trazos, quizais un verso solto e libre, sen cálculos de ningún tipo. Sen rimas e sen ritmos. Palabras que desen un perfil axeitado daquel ser que agora boto tanto en falta.

Eu valoraba e estimaba os seus comentarios e confidencias. Tamén os seus xuízos, aínda contraditorios dos que andaban ao meu redor, nalgunha ocasión tan precisos e necesarios e tan cheos de razón. Por ambas partes facíamos na prensa ou nos libros a nosa expresión a modo de relato. Non deixabamos nada fóra. Era a miña cómplice e deume moitas claves ás tantas dúbidas propias da

nosa común anarquía, para facer uso da liberdade ata consecuencias distraídas.

Sei que non lle gustaban algunhas das miñas amizades. Canta razón tivo en tantas ocasións. E contábame o por que, xa que as súas consideracións despois abundarían en contundente razón.

Sempre disposta a botar unha man aínda desde o silencio, desde a loita contra os xigantes, non todos poñían medo. De súpeto sucedeu aquilo, que golpe terrible! Quedou nunha néboa pousada nun solpor.

E nós nesta hecatombe, orfos dela e da razón que se perdeu sen saber onde. Nadaba contra corrente encabezando concentracións, dando a cara sempre, alzando a voz para manifestar a certeza da paisaxe identitaria.

Agora, aparece diante de nós un mundo patas arriba -crimes, guerra, parcialidades, a xustiza inxusta, dereitos LXTBI postos en cuestión, demoras, o dereito a protestar vixiado, os dereitos sen acadar pospostos, a esquerda dividida e confrontada, os patriarcados, as masacres, o aborto de novo en cuestión, as corrupcións, o racismo, os presos políticos, o comercio de armas, a inacción climática, ...a indignación constante. Foi así, chegamos a este estado de cousas mirando a esta xente que nos gobernan.

Gardareite, tamén no medio deste caos, dentro da miña caixa pequeniña e agradecida das memorias, esas que sempre me acompañan e non sucumben nin ás escuridades nin aos esquecementos. Imaxinarei a conversa pousada, arranaxaremos o que poidamos, que para máis non dan os días. Compre gardar na memoria, sobre todo aquilo que máis queremos!



Inmobiliaria Traviesas

Carlos Parada Pereiro

647.607.657

c/ Vigo Nº 14, portal 3 - Bajo
(36470) Salceda de Caselas - Pontevedra

Telf. 986.340.500
Movil. 628.174.501

www.inmobiliariatraviesas.es
E-mail: info@inmobiliariatraviesas.es



"En Puxeiros"

Rúa Ludeiro 31 A - Mos 986 682 494

info@ferreteriamos.com

www.ferreteriamos.com

TODOS PARA EL PROFESIONAL



A Louriña

O “contrato histórico” da limpeza viaria o era para as empresas pero non para os traballadores

O Porriño leva aproximadamente un ano sen contrato de limpeza viaria, cunha empresa prestando o servizo sen contrato en vigor e mediante facturación continuada

O PSdeG-PSOE de O Porriño denuncia que o alcalde enganou á veciñanza cando, hai apenas uns días, presentou como “histórica” a licitación do servizo de limpeza viaria. O propio Decreto 2026-0304, asinado polo mesmo rexidor, desmonta ese relato: o contrato non contemplaba salarios dignos nin custos laborais reais, ao empregar un Salario Mínimo Interprofesional desactualizado e ao omitir custos esenciais, tal e como reconece expresamente a resolución municipal 20260202_DECRETO 2026-0304.

Desde o PSOE subliñamos que, se algo era “histórico”, era para as empresas que optaban a gañar o contrato, non para as persoas traballadoras, ás que os pregos non lles garantían condicións salariais axeitadas nin actualizadas. Esta realidade non é unha valoración política: é un feito admitido polo propio alcalde no seu decreto, que cualifica os erros como infraccións non emendables da Lei de Contratos do Sector Público.

Resulta especialmente grave que o alcalde, responsable directo da área económica, non contemplase nin sequer a suba do SMI, unha actualización coñecida, obrigatoria e perfectamente previsible nun contrato básico e recorrente. Todo indica que a prioridade non estaba na planifi-

cación nin no rigor, senón no titular fácil e na propaganda, mentres se descoida a licitación dun servizo esencial para o municipio.

Este episodio súmase a outros contratos que xa chegaron ao límite por defectos nos pregos, algúns salvados anteriormente no último minuto. Nesta ocasión, foron os propios licitadores potenciais os que advertiron que o expediente estaba mal feito desde a orixe. Para evitar unha anulación segura, o alcalde optou por pechar o procedemento e empesar outro, recoñecendo que o partido estaba perdido antes de comezar. O PSdeG-PSOE lembra ademais que O Porriño leva aproximadamente un ano sen contrato de limpeza viaria, cunha empresa prestando o servizo sen contrato en vigor e mediante facturación continuada. Advertimos con claridade: esas facturas carecen de cobertura contractual e son contrarias á legalidade, exactamente o que o propio alcalde denunciaba cando estaba na oposición e que agora aplica sen rubor desde o goberno.

“Non se pode falar de contratos históricos mentres se ignoran os dereitos laborais e se licita con números falsos. Os decretos non menten: deixa claro quen estaba a enganar e a quen”, conclúen desde o PSdeG-PSOE de O Porriño.

O PSOE de Salceda esixelle á Deputación que cumpra o seu compromiso coa senda peonil de Salceda a Entenza

Salceda de Caselas

O voceiro do PSOE de Salceda de Caselas, Xurxo Gregorio Vaqueiro, trasladou á Deputación de Pontevedra, para o pleno do pasado 26 de Decembro, a través do Grupo Socialista na Deputación, unha pregunta formal sobre o estado do proxecto de Seguridade Vial da EP-2505 entre o núcleo urbano de Salceda e Entenza. Esta obra foi anunciada en Xuño do 2024 polo presidente da Deputación Luis López e non se volveu a saber nada dela.

A resposta oficial remitida pola Deputación, confírma que non existe, a día de hoxe, ningunha data prevista para a execución desta actuación. Todo isto malia tratarse dun proxecto anunciado polo presidente da institución provincial, Luis López, á actual alcaldesa de Salceda, Loli Castiñeira, como un compromiso da Deputación coas veciñas e veciños de Salceda e en particular cos de Entenza.

O Grupo Municipal do PSOE de Salceda lembra que se trata dun proxecto redactado durante o mandato da anterior alcaldesa socialista, Verónica Tourón, polo que non estamos ante un proxecto novo, senón ante unha iniciativa xa definida tecnicamente e coñecida pola propia Deputación. Buscábase

una forma segura de comunicación a pé entre o núcleo urbano e Entenza, ó longo da EP-2505, rematando nunha primeira fase no torreiro de San Brais coa súa correspondente humanización, debido a que é un núcleo de referencia na parroquia.

Segundo os datos feitos públicos, a actuación anunciada contaba cun investimento previsto de 523.000 euros. O PSOE de Salceda considera que este tipo de anuncios xeran expectativas que non se corresponden coa realidade, e reclaman á Deputación de Pontevedra “menos propaganda e máis seriedade”.

O Grupo Municipal Socialista, anuncia que seguiremos a fiscalizar, preguntar e defender os intereses de Salceda nas institucións.

Seguiremos esixindo transparencia, prazos e feitos concretos, porque Salceda non pode vivir permanentemente de promesas sen data”, concluíu o voceiro do PSOE de Salceda, Xurxo Gregorio Vaqueiro.



Xurxo Gregorio

SILVAKARAVAN

AUTOCARAVANAS

COMPRA - VENTA - ALQUILER

- Caravanas, autocaravanas
- Mobilhomes
- Remolques, accesorios
- Todo para el camping

info@silvakaravan.com
www.silvakaravan.com

C/ Rosalía de Castro, 39
36350 Nigrán
Pontevedra

986 365 629
696 383 650
696 293 764

C/ Costeira, 1 - Budiño
36475 Salceda de Caselas
Pontevedra

986 346 842
696 143 835
696 293 764

Talleres SITO

MOS

Distribuidor oficial

Telf.: 634 88 70 54

BCS BERTOLINI Oleo-Mac

ESTRADA PORRIÑO-REDONDELA 73B
CP. 36416 MOS

A reforma do financiamento do SAF

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo público de atención a persoas dependentes nos seus fogares. O SAF **por G. figueiredo e Tino Lago** funcionando de maneira óptima é unha das marcas que definen a diferenza entre unha sociedade decente, e unha que non o é. Atender a unha persoa dependente é un proceso que pode chegar a ser emocionalmente devastador, cando vemos como o inexorable deterioro do corpo humano converte a unha persoa querida en alguén que depende da axuda de outros e de outras, xeralmente de outras, para poder desenvolver as tarefas máis básicas da vida cotiá: asearse, vestirse ou alimentarse. Atender a unha persoa dependente adoita ser tamén incompatible coa propia vida, pois as persoas que están privadas das súas capacidades motrices e ou volitivas esixen atención permanente. Normalmente cando algún familiar chega a esa fase da vida é preciso contratar a algunha persoa que nos axude, o que é practicamente imposible de afrontar para a ampla maioría das familias. Velai a extrema importancia do SAF, pois que funcione ben ou non pode marcar a diferenza entre que os usuarios e usuarias afronten esa etapa das súas vidas con dignidade ou sen ela. Tempo haberá para analizar as condicións de traballo das traballadoras do SAF, ou como a carga de traballo da atención á dependencia recae case sempre nas mulleres, pero desta volta queremos falar do seu financiamento.

Ata este ano a Xunta achegaba 12€ hora por cada usuario e o resto do seu custe era sufragado pola administración municipal. Estes custes estaban a un prezo aproximado, na nosa área de influencia, duns 20€/22€ hora usuario. Os custes non paran de subir e nas licitacións que se van renovar este 2026 xa se fala de 22€, 24€ ata incluso de 26€ hora. Os concellos, polo menos os concellos non gobernados polo PP, láianse de ter que sufragar unha competencia que non lles corresponde e entenden que debe de ser a Xunta a que afronte o custe íntegro do SAF.

Este ano o goberno de Galicia anunciou un acordo coa FEGAMP que suporá unha reforma no sistema do financiamento do SAF que fará que a achega da administración autonómica para sufragar o SAF pase dos 12€ hora actuais, ata os 16 € no 2026, 17€ no 2027 e 18€ a partir do 2028. É dicir nos próximos dous anos o goberno galego aumentarán nun 50% a súa achega para o financiamento do SAF, pois pasará dos 12€ hora que viña achegando ata agora ata os 18€ hora que achegará a partir do 2028. Nós quixemos coñecer a opinión de varias alcaldesas e alcaldes ao respecto deste asunto, de enorme relevancia nas contas anuais dos seus concellos, e falamos con Cristina Correa, alcaldesa de Oia, Araceli Gestido alcaldesa de Cangas, Digna Rivas alcaldesa de Redondela e Félix Juncal alcalde de Bueu. Asemade alén das devanditas entrevistas contamos tamén con artigos de opinión de representantes das distintas forzas políticas: Alberto Pazos do PP, Xabier Pérez Igrexas do BNG e Lara Méndez do PSOE. Moitas grazas a todas e todos eles pola súa atención.



Cristina Correa

Cristina, cal é o impacto global do SAF no conxunto total das finanzas do

“No que respecta ao SAF é o Estado o que ten que pór a súa parte e regularizar coa Xunta”

Cristina Correa, alcaldesa de Oia (PP)

Concello de Oia?

O SAF é, a día de hoxe, unha das partidas máis importantes do noso orzamento.

Supón un sacrificio para vós o sufragar este servizo?

Si. Cada ano os custos deste servizo incrementanse, o que fai que para os

concellos sexa cada vez máis difícil mantelo.

A canto pagades vós o prezo hora?

Eu lembro perfectamente que en decembro de 2016 pagábamnos 11,89 € por hora máis IVE. Agora, en 2026, estamos pagando 18 € por hora, e nas próximas licitacións os prezos alcanza-

NEUMÁTICOS
Belicar
 Joaquín Benito Sousa
 652 95 50 50
 FRONTE AO LEROY MERLIN
 neumaticosbelicar@gmail.com
 Ctra. Porriño - Redondela, KM. 1 - Mos

EL SOL
 Estrada Porriño - Redondela 76
 tel: 986336303 - administracion@carburanteselsol.com

CARBURANTES EL SOL
 Descontos de 7ct. a Taxistas + 2 lavados gratis/mes.
 Descontos de 6ct. por litro ao momento repostando un mínimo de 20 €. Gasóleo micro inflado e gasolina sen chumbo 95 Plus (Activado especial)
Ven e Infórmate!

Tapería A Calustra
 Se hacen banquetes programados

Todos los días desde las 18:00 h hasta las 24:00 h.
 SÁBADOS Y DOMINGOS DESDE LAS 12:00 H. HASTA LAS 24:00 H.
 Bouzavedra, 23 - San Xurxo - SALCEDA
986 349 298

rán 23 € por hora. Noutras localidades, os custos están entre 20 e 26 € por hora, dependendo do concello.

Como valoras o acordo asinado entre a Xunta de Galicia e FEGAMP que vai incrementar o que achega a Xunta para financiar o SAF dos 12€ hora actuais a 16 € por hora en 2026, 17 € en 2027 e 18 € en 2028?

Valóroo de maneira positiva, desde

logo. Neste momento o acordo é necesario. Isto vai aliviar un pouco a carga, pero non resolverá o problema estrutural do aumento constante de custos, que se producen como consecuencia de políticas nacionais que fan subir os prezos tanto deste servizo, como da enerxía, do cemento e de moitos outros recursos necesarios para manter con normalidade o día a día. Estes custos

fan insostibles a xestión dun Concello.

Entón na túa opinión o aumento xeral de custes, que fai “insostible a xestión dun concello”, é consecuencia das políticas de Madrid?

É unha combinación de factores que sumados fan que sexa imposible afrontar con tranquilidade o futuro. No que respecta a este servizo en concreto é o Estado o ten que poñer o 50%, e regu-

larizar coa Xunta para sufragar o SAF con garantías. Son insostibles estas subas para nós, e se os custos seguen subindo chegaría a non ser asumible.

Este acordo Xunta FEGAMP vai solucionar?

Non, vai aliviar un pouco pero non vai solucionar. Se os custos seguen subindo ano a ano reitero que os concellos non o imos poder asumir.



Araceli Gestido

Que importancia ten o SAF desde o punto de vista económico para as contas do Concello?

O Servizo de Axuda no Fogar, é para o Concello de Cangas o contrato máis grande que temos en marcha. Pero non só aquí: temo que isto ocorre na inmensa maioría dos concellos galegos. Tendo en conta a pirámide poboacional, é practicamente imposible que non sexa un dos contratos de maior volume.

Ademais, a situación viuse agravada polo contexto inflacionista. Nos últimos cinco anos, o custo do prezo por

hora foi subindo ano tras ano. Hai que adaptarse aos novos convenios laborais, e é evidente que as traballadoras teñen que ter un salario digno, acorde co ritmo de vida e coa subida xeneralizada dos prezos que todos padecemos.

Que consecuencias ten isto para as arcas municipais?

O que se traduce para o Concello é que estamos asumindo unha competencia que non é municipal e que nos está lastrando gravemente as finanzas. O gasto corrente, o gasto ordinario e a capacidade de facer novos investimen-

“O acordo é unha esmola que non soluciona case nada. Estabamos mal e imos seguir estando mal”

Araceli Gestido, alcaldesa de Cangas (BNG)

tos e proxectos vense moi limitados por ter que asumir un servizo que non é propio.

A Xunta incrementou a súa achega nos últimos anos?

Durante moitos anos a Xunta só aportaba arredor de 12 euros hora por usuario, mentres que os concellos asumíamos todos os incrementos que se producían ano tras ano. Esta situación é absolutamente insostible.

Que opinas do novo acordo de financiamento asinado entre a Xunta e a FEGAMP, que incrementa a achega autonómica ata os 16 euros no 26, 17€ no 27 e 18€ no 28?

Interprétooo como asumir, por desesperación, unha esmola. Así de claro. Nós estamos sacando un contrato que agora mesmo se sitúa en arredor de 26 euros por hora. Isto non soluciona practicamente nada, non nos alivia en absoluto. Estabamos mal e imos seguir estando mal.

Consideras entón insuficiente esta mellora?

Evidentemente, un euro a maiores é

mellor que ningún euro, pero na situación na que nos poñen a todos os concellos, o que deberíamos facer é dar a batalla. E desde logo, o Concello de Cangas está disposto a facelo xunto coa FEGAMP fronte á Xunta, porque isto é unha inxustiza clara. Ao final estamos restándolle recursos á veciñanza para asumir algo que non nos corresponde.

A situación financeira do Concello vese moi comprometida con estas dúas lousas: SAF e SOGAMA.

Penso que cada administración ten que asumir as competencias que lle corresponden e que se financien adecuadamente os servizos. Non é xusto nin sostible que os concellos sigamos asumindo estas cargas a costa dos recursos da veciñanza.

apeneira
O teu xornal
en galego



CÁRNICAS LABREGO
SABOR RURAL

Praza de abastos
posto nº15
Salceda de Caselas

637 04 93 36

Servizo a Domicilio





Digna Rivas

Que supón o Servizo de Axuda no Fogar no conxunto das finanzas anuais do Concello de Redondela?

O SAF supón unha carga económica moi importante para o Concello de Redondela. Na actualidade, o prezo da hora do servizo sitúase arredor dos 24 euros, unha cifra elevada que se fixou na última licitación, realizada hai aproximadamente un ano e medio. Se temos en conta que Redondela conta cun

orçamento municipal duns 20 millóns de euros, é evidente que estamos a falar dun volume de recursos moi considerable, que condiciona de maneira directa a nosa capacidade financeira.

Desde o primeiro momento teño claro que o Servizo de Axuda no Fogar é unha competencia da Xunta de Galicia. Non vou deixar de reivindicar que sexa asumida como tal. Os concellos estamos a facer un esforzo que non nos

“Reclamo que a Xunta de Galicia asuma as súas responsabilidades, como os concellos asumimos as nosas, e financie integramente o SAF, un servizo que é da súa competencia”

Digna Rivas, alcaldesa de Redondela(PSOE)

corresponde e que nos resta marxe de manobra.

O concello vese imposibilitado de acometer outro tipo de investimentos ou servizos pola enorme cantidade de recursos que se necesitan para afrontar o SAF?

Si. Este esforzo económico fai que o concello se vexa limitado á hora de acometer outros investimentos ou de mellorar determinados servizos municipais, xa que unha porcentaxe moi elevada do orzamento acaba destinada a cubrir o custo do SAF. Isto non é unha realidade exclusiva de Redondela, senón que ocorre na maioría dos concellos galegos.

este ano, 17 o seguinte e 18 nos anos posteriores. Como valora este acordo?

A miña valoración é clara: trátase dun acordo inxusto e insuficiente. Entendo que as negociacións non son sinxelas e que non sempre é doado acadar avances, pero como alcaldesa de Redondela teño a obriga de esixir o máximo, xa que o SAF é competencia da Xunta e ten que responsabilizarse deste gasto. Todo o que sexa que non o cubra na súa integridade é insuficiente.

É certo que pasar de 12 a 16 euros por hora supón un alivio económico. Ese alivio é benvido, por suposto, pero os concellos estamos asumindo unha responsabilidade que non é nosa desde hai moitos anos. Esta suba non resolve o problema estrutural do financiamento do SAF. Non é suficiente nin garante a estabilidade económica a longo prazo. O que se está facendo é aliviar parcialmente a situación, pero non se aborda o fondo da cuestión. Non se trata de cargar o custo sobre a veciñanza nin de que os concellos asumamos competencias que non nos corresponden. O que reclamamos é que a Xunta de Galicia asuma plenamente as súas responsabilidades, como os concellos asumimos as nosas, e financie integramente o servizo.

Recentemente, o Partido Popular anunciou un acordo coa FEGAMP que supón un incremento do prezo hora que asume a Xunta, pasando de 12 a 16 euros


BAR CASELAS
Nieves Canosa Lorenzo
Telf. 986 347 969
Avenida de Galicia, 3 SALCEDA DE CASELAS

O BRASEIRO DO LUCHO
ESPECIALIDADE EN CHURRASCO E POLOS A BRASA
E POR ENCARGO A COMIDA QUE NOS PIDAS...
COMIDA PARA LEVAR E A DOMICILIO
HOXE COCINAMOS NÓS!
TEL. 604 007 240
R/ Rafael Tilve Adrio, 8 SALCEDA DE CASELAS

 **MAPFRE | SALCEDA**



C/ Joaquín Fdez. Sestelo, 26 bajo
36470 Salceda de Caselas
E-mail: mjsaave@mapfre.com
Teléf.: 986 347 970
Móvil: 622 851 155


TALLERES Ferreira
SERVICIO TECNICO
Venta, Alquiler y Reparación de Carretillas
C/. Amieirolongo (Las Angustias), n.º 69
36418 MOS (Pontevedra)
e-mail: taller.ferreira@hotmail.com
Tifs.: 986 331 397 - 986 333 489
Fax: 986 344 019


PANADERIA Nova Devesa
Javier González Riveiro
C/ Generoso Dguez. 110
36419 Cela (Mos)
T. 986 907 346
M. 670 327 210
M. 619 839 058
panaderianovadevesa@gmail.com



Félix Juncal

Que significa o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) desde un punto de vista económico no conxunto dos orzamentos do Concello de Bueu?

Non me gustaría dicir que o SAF é unha ruína económica para os concellos, porque obviamente é un servizo imprescindible. Polo que significa e polo que representa a nivel social e para as familias, é fundamental garantir a prestación deste servizo. A Xunta de Galicia sábeo, pero o SAF supón un

condicionante moi importante para que os concellos poidamos desenvolver as políticas municipais que asumimos cando gañamos unhas eleccións locais. Ao ter que destinar cada vez máis recursos a financiar o Servizo de Axuda no Fogar, deixamos de atender outros servizos municipais en mellores condicións das que nos gustaría.

O financiamento do SAF é, dalgún xeito, unha carga imposta pola Xunta, que sobredimensiona económica-

“O acordo alivia, pero non soluciona e converte o problema do financiamento do SAF en crónico”

Félix Juncal, alcalde de Bueu (BNG)

mente o esforzo dos concellos e trasladalles unha competencia que non é propia?

Si, eu son crítico coa actitude da Xunta de Galicia neste ámbito. O que se está facendo é trasladar aos concellos o financiamento dunha competencia que non é nosa mediante unha lei autonómica que establece que os Concellos estamos obrigados a prestar este servizo que permite a lei 27/2013, que di que a Xunta pode delegar os seus servizos aos Concellos, vía convenio de xestión. Esta lei tamén di que debe garantir a suficiencia económica para poder financiar a prestación deste servizo, algo que non se cumpre desde o primeiro momento. A evolución destes anos representou cada vez máis, unha carga maior para os Concellos xerando un desequilibrio económico que condiciona seriamente a capacidade de actuación municipal.

Recentemente a Xunta anunciou unha mellora no financiamento do

SAF, asumindo unha porcentaxe maior do custo. Cal é a túa valoración desa medida? Considera que é suficiente para garantir a estabilidade económica do servizo?

A min dóeme especialmente que teñamos que falar nestes termos dun servizo tan importante para as persoas que o necesitan. Parece que estamos a xogar con algo tan esencial como é a atención ás persoas maiores e dependentes. Hai uns custos actuais e reais do servizo e o que aporta a Xunta non chega nin para o 50% do custe real. Hai catro anos licitamos o servizo a un custo de 19€ por hora e pouco despois os demais Concellos fixérono a 22 ou 24 €. O que acaban de acordar entre FEGAMP e a Xunta para as melloras anunciadas non soluciona o problema de fondo: poden aliviar lixeiramente a situación, pero non a resollen.

Alivia pero non soluciona?

Si, o acordo alivia, pero non soluciona o problema. É máis: faíno crónico.



Rueda abandona a dependencia

opinión

Lara Méndez, Secretaria de Organización do PSdeG-PSOE

Hai esperas que doen. As esperas de quen solicita unha axuda de dependencia non son números nun informe nin estatísticas frías. Son unha filla que pide días libres no traballo para poder coidar. Son unha muller maior que fai contas, unha e outra vez, para ver se pode seguir pagando a alguén que a axude a levantarse da cama cada mañá.



TRAMILOURO, S.L.
TRAMITACIÓN Y GESTIÓN

C/. El Pinar, 3
36400 PORRIÑO

Tel.: 986 348 096
Fax: 986 330 710

BAR · RESTAURANTE

CASTRO



COCINA TRADICIONAL GALLEGA

Antonio Palacios, 154
Teléfono: 986 330 757

36400 PORRIÑO
Pontevedra

AUTOCARES LUCHO, S.L.

CTRA. N-120
PETELOS
MOS



986 331 203 - 649 901 278 / 649 901 279

Os datos confirman esa dor. En Galicia, a espera media para resolver unha solicitude de dependencia é de 349 días. Case un ano. O dobre do que marca a lei. Un tempo interminable cando falamos de galegos e galegas que precisan axuda hoxe, non dentro dun ano. Desde 2017, 6.500 persoas morreron na nosa terra sen que a súa situación fose recoñecida. Sen resposta. Agardando.

Esta é a nosa realidade. Unha triste realidade se lembramos que a Lei de Dependencia, aprobada en 2006 grazas ao Goberno socialista de Zapatero, situou España —e Galicia— como un país de dereitos, á altura de Europa. E que dous anos despois, coa presidencia do socialista Touriño na Xunta, Galicia deu un paso máis coa aprobación da Lei de Servizos Sociais. Foron avances históricos.

Conquistas sociais que recoñecían algo esencial: o coidado é

un dereito. Pero quedaron baleiras de contido pola falta de compromiso dos gobernos do PP. Primeiro con Feijóo, agora con Rueda. En 17 anos foron incapaces de desenvolver o mandato legal máis básico: crear e executar un plan estratéxico galego de Servizos Sociais. Ese abandono ten consecuencias moi concretas xa que pecha a porta a un marco claro de colaboración cos concellos, que son os quen están a soste-
ter unha prestación autonómica tan necesaria como a Axuda no Fogar, o SAF. Fano asumindo un acompañamento esencial que non lles corresponde financiar por lei e que, en moitos casos, os está a levar ao límite económico. E non falamos dun reto que vaia a menos. Todo o contrario. Galicia envellece, e hoxe xa son máis de 700.000 as persoas que superan os 65 anos. Delas, 26.000 viven nunha situación de dependencia e necesitan coidados e certezas. Precisan saber que non están soas.

As administracións locais están a poñer as súas propias arcas arredor de 350 millóns de euros ao ano para cubrir un gasto que lle correspondería asumir á Xunta. Pensemos nun concello grande: xa é un esforzo enor-

me, unha tensión constante nos orzamentos municipais. Pero pensemos, sobre todo, nos concellos pequenos, nos do rural, nos máis avellentados. Onde hai máis dependencia e menos recursos. Aí xa non falamos de dificultade. Falamos de algo simplemente inviable.

Os números falan claro. Só tres exemplos: en Vilalba, o 25 % do orzamento municipal destínase ao SAF, e en Valdoviño e en Xermade esa porcentaxe supera o 30%. Iso significa menos recursos para outras políticas básicas. Significa concellos afogados por facer o que Rueda non quere asumir.

Agora, tras unha presión constante na que o socialismo galego estivo desde o primeiro momento, a Xunta propón unha mellora no financiamento do SAF. Trátase da primeira actualización do módulo autonómico desde 2020. É un paso, si, pero claramente insuficiente. Un pequeno alivio fronte a tantos incumprimentos, non a solución. Un parche cando o que se necesita é cumprir a lei e asumir responsabilidades.

Está mesmo enriba da mesa a posibilidade de abrir unha fronte xudicial. A Xunta fala dunha suposta débeda que tería a súa orixe nos gobernos presididos por Mariano Rajoy. Se a Xunta considera que ten dereito a re-

clamar eses fondos, está no seu dereito de facelo. Pero os concellos tamén o están de esixir-lle que financie aquilo que lle corresponde por competencias propias.

Por iso, fronte a esta realidade, o Partido Socialista, cunha clara vocación municipalista, vai poñer toda a súa forza e toda a súa maquinaria política ao lado dos máis vulnerables e dos concellos. Reclamamos ao goberno galego que garanta o financiamento do 100 % do custo real do SAF, para evitar que as administracións locais sigan asumindo un gasto que non lles pertence por competencia.

Imos mobilizarnos para reverter esta situación, sen descartar ningunha vía, tampouco a xudicial. Porque mentres o PP segue botando balóns fóra, a realidade non desaparece: hai graves problemas de persoal no SAF, tempos de tramitación inasumibles e unha xestión que non está a dar resposta. Feitos claros, contrastables, que amosan un fracaso evidente na maneira de gobernar.

E gobernar vai de persoas. Vai de dignidade. Vai de cumprir a lei.

Por iso Rueda debe cumprir cos concellos. Cumprir coas persoas en situación de dependencia e coas súas familias. Cumprir coa súa responsabilidade.

Carnicería Tranvía Charcutería

Peñador, 81 Mos
Telfs: 986 487 947
646 907 230

adega Tría Carmen

T. 986 333013. Mób. 600 304608
Estrada Porriño - Redondela 237. LOUREDO. 36415 MOS

JULIO PIÑEIRO
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

Rua Arxentina, nº 9 Baixo
36470 - SALCEDA DE CASELAS

Tfnos. 606 968 156 e 986 347996
julio.pineiro.barros@coitagalicia.org

RIVADA SEGUROS

Generales, vida e inversión

Estrada de O Porriño a Redondela, 153 (36415) MOS

Tlf. 986 33 74 81 / Fax: 986 33 94 12

seguros@rivadaseguros.com



O pacto do SAF e a roda que chía

Alberto Pazos, portavoz do PP de G

opinión

Advertía Ortega y Gasset, nunha das súas mais celebradas sentencias, que toda realidade ignorada prepara a súa vinganza, e poucos exemplos mais acaídos da sabedoría que encerra esta cita orteguiana que a evolución sufrida polo sistema público de dependencia desde que se aprobara, xa fai case vinte anos, a lei que o regula.

O certo é que durante estas dúas décadas, o Goberno de España, independentemente da súa cor, nunca foi quen de cumprir coas obrigas de financiación contempladas na normativa estatal, que establece que debe contribuir ao sostemento da dependencia aportando o 50 % dos seus custes.

A ignorancia desas obrigas financeiras, levou a que a Administración Xeral fora acumulando unha importante débeda coas CCAA's, sen dúbida, as grandes prexudicadas por este permanente incumprimento, xa que están a compensar co seu esforzo a falla de compromiso estatal.

As consecuencias desta realidade ig-

norada ao longo de vinte anos cobrouse a súa vinganza en forma dunha mastodóntica débeda coas administracións autonómicas, que no caso de Galicia xa se aproxima aos 3.000 millóns de euros, imposibilitando o completo despregue dos efectos previstos na lei.

A pesares desta realidade, moito temos avanzado neste tempo na implementación e mellora dos servizos asociados á dependencia, e sen dúbida, un dos elementos fundamentais do mesmo é o Servizo de Axuda no Fogar. Un servizo de carácter municipal, tal e como establece a Lei de Servizos Sociais de Galicia, aprobada en 2008 por un executivo constituído por dúas forzas de esquerda, PSdG e Bng, que hoxe cuestionan a conveniencia daquela decisión que elas mesmas adoptaron.

En datas recentes, Xunta de Galicia e Fegamp alcanzaron un acordo que compromete un importante incremento da aportación autonómica para financiar o SAF. Este mesmo ano, o Goberno de Alfonso Rueda achegará 16 euros por hora de servizo, que se

convertiran en 17 no 2027, para alcanzar os 18 euros no 2028, o que garante a medio prazo unha correcta prestación do servizo, ao tempo que supón un importante alivio das arcas municipais.

Un acordo, en definitiva, froito do diálogo sincero e construtivo entre a administración autonómica e os representantes do municipalismo galego, e que da resposta a unha demanda unánime de todos os concellos, incluídos aqueles gobernados polo Bng, que de forma sorprendente, non dubida en criticar hoxe o mesmo que estaba esixindo ata onte.

As críticas que está a recibir o acordo para a financiación do SAF teñen moi pouco que ver cos intereses das persoas dependentes ou dos concellos, e obedecen fundamentalmente, a comeencias de carácter partidista relacionadas coa extratexia de confrontación e ruído imposta pola UPG tras un novo fracaso do nacionalismo, na súa última tentativa por alcanzar o goberno de Galicia.

En 2021, no seno do Parlamento de Galicia alcanzamos un primeiro acordo para aumentar a financiación da Xunta ao SAF, e as tres forzas políticas con representación parlamentaria, felicitámonos naquel momento polo relevancia daquel avance. Cinco anos despois, acadamos un novo acordo sobre as mesmas bases do anterior, pero mellorando aínda mais a aportación autonómica, e en troques de sumarse, o Bng prefere utilizalo como elemento de confrontación e desgaste político.

A pesares disto, Galicia e o seu goberno continuarán avanzando pola senda do diálogo leal e construtivo, conscientes de que os 150 millóns de euros adicionais que acabamos de comprometer, redundaran nun mellor servizo para os mais de 24.000 galegos que hoxe reciben este apoio fundamental nos seus fogares.

Por moito que algúns insistan na extratexia da confrontación, fai tempo que os galegos aprendemos que a roda estropeada do carro, sempre é a que mais chía.



SAF, a maltratada columna vertebral dos coidados

Xavier Pérez Igrexas, portavoz municipal do BNG de Vigo

opinión

OServizo de Axuda no Fogar é a columna vertebral do hoxe incompleto, precario e insuficiente sistema de coidados. O SAF constitúe para moitos millares de galegas e de galegos o único recurso asistencial e de apoio para atender persoas maiores, dependentes ou con discapacidade. Trátase dun recurso fundamental, que se desenvolve no propio domicilio das persoas beneficiarias, e que presta unha axuda imprescindible para o desenvolvemento da vida cotiá, o acompañamento e socialización e tamén a atención integral das súas persoas usuarias. Pero é tamén un soporte, mesmamente vital, para as familias (nos casos nas que as houber), que ven como atender a familiares dependentes se torna na práctica unha tarefa heroica, por non dicir esgotadora, moi dificilmente conciliábel

con cargas laborais e profesionais ou outras atencións familiares.

Nun contexto marcado pola estrutural e grave insuficiencia de prazas de residencias públicas, de centros de día, e de recursos intermedios como as vivendas asistidas, o SAF acaba por absorber con moitos menos medios e capacidades das debidas unha inxente carga asistencial, padecendo tamén importantes listas de agarda. E faino ademais con carácter limitado, tanto nas horas de prestación de servizo como tamén na súa carteira funcional. E todo, a pivotar na evidente explotación laboral das traballadoras do SAF, que padecen condicións ultraprecarias, salarios de miseria, xornadas e ritmos de traballo extenuantes e unha clara desprotección tanto dos seus dereitos como da súa saúde laboral e mesmo integridade física. O asasinato de Teresa

de Jesús Sánchez, traballadora do SAF do Porriño, en xullo do pasado ano foi o trágico vértice que puxo o foco nunha realidade soterrada e invisibilizada.

O SAF é un servizo de titularidade pública pero na súa inmensa maioría desenvólvese cunha xestión privatizada a mans de empresas contratadas polos concellos que operan procurando e priorizando o seu rendemento económico. Esa privatización acaba por se tornar, na práctica, un agravante e acelerante da precarización das condicións nas que opera un servizo social de carácter esencial.

Xunta e Estado teñen a obriga de soste, cunha participación do 50% respectivamente, os custes do SAF. No entanto, na realidade son os concellos quen asumen a meirande parte da factura, a pesar de non contaren na meirande parte dos casos con suficiente capacidade económica.

Os datos son incontestábeis: o custe por hora medio da prestación do SAF é de 24 euros horas, porén até agora a Xunta financiaba apenas a metade, 12 euros.

Unha realidade que se manterá nos vindeiros anos, a pesar do vergoñento acordo atinxido pola FEGAMP e o Goberno galego, no que o único avance é que este 2026 a achega da Xunta elevarase até os 16 euros, no vindeiro ano será de 17 e en 2028 de 18 euros. Concluído ese prazo, dentro de dous anos, o certo é que os concellos galegos terán que seguir asumindo do seu peto como pouco o 25% dos custes. Como mínimo tendo en conta que nesa altura o prezo real do custo por hora do SAF terá superado, con toda certeza, os 24 euros. Estamos, pois, ante un falso avance, avalado polo PSOE, que ademais se desprega polo PP en forma de indisimulada chantaxe aos conce-

SUMYRENT

ALQUILER Y VENTA DE MAQUINARIA



Polígono O Cerquido, 59 BUDIÑO

SALCEDA DE CASELAS

Telf. 986 34 68 53

sumyrent@sumyrent.com

www.sumyrent.com

llos: ou aceptas estas migallas ou quedas como estas.

Fronte a ese acordo-trampa que consolida un modelo de infrafinanciamento que traslada aos concellos unha responsabilidade económica que non lles corresponde e pon en risco a calidade do servizo, os dereitos das persoas usuarias e as condicións laborais das traballadoras, o BNG reclamou, en troca, un compromiso real da Xunta para asumir o financiamento suficiente do SAF e cumprir coas obrigas que establece a Lei de Dependencia, para garantir que en 2027 asuma (coas achegas do Estado) o cento por cento do seu custe.

Porén, non falamos apenas de números en xenérico. Falamos de coidados. De dereitos e de dignidade. De aí que para alén de resolver o inmediato, que é garantir os recursos necesarios e as condicións axeitadas para a prestación do SAF, temos que avanzar tamén para facer realidade que este instrumento de benestar social sexa parte dun verdadeiro sistema público de coidados no noso País, un "Sergas" dos servizos sociais que debe ser xestionado e financiado pola Xunta de Galiza. Pero dotado tamén cos recursos que por Lei debe transferir o Estado, que xa acumula co noso País unha débeda de máis de 2500 millóns de euros en materia de Dependencia.



Paulo Peres Lago, Comité Antifascista da Louriña

Rojava, protectorado do imperialismo ianqui

opinión

Siria é unha peza importante debido a súa posición xeográfica. Non ten grandes riquezas en recursos enerxéticos, nin minerais, mais está nun lugar primordial para as rutas comerciais, enerxéticas, e de cadea de subministración.

O imperialismo anglo-ianqui-sionista intenta frear o crecemento dos BRICS cortando esas rutas, que serve para que o ente xenocida e criminal sionista poida expandirse como fixo cara os altos do Golán, creando un colchón estratéxico e apropiándose das riquezas acuíferas. O protectorado Rojavo, subvencionado, armado, e soportado loxisticamente pola CIA e o Pentágono, funcionaron como pinza no derrocamento de Al-Assad, como unha pata que sostivo os plans do sindicato do crime (Mossad, CIA, MI6, DGSE), xunto con Turquía, para a balcanización da República Árabe Siria.

No seu momento, Al-Assad permitiu que os kurdos ingresaran no norte para protexerse dos ataques de Al-Qaeda e o ISIS, mais traizoaron ao pobo sirio no 2011, cando colaboraron co chamado Exército Libre Sirio, unha torre de Babel de mercenarios sanguentos ás ordes emitidas dende Langley en Virginia, e que xunto aos chamados cascos brancos, facían montaxes de ataques de falsa bandeira con armas químicas para culpar ao goberno

de Al-Assad de masacrar ao pobo sirio.

Estes traidores das YPG/YPJ, xunto ao PKK, arrebataron as zonas no norte máis ricas en petróleo e en terras agrícolas, contribuíron a empobrecer ao pobo sirio, e estiveron entregando esas riquezas aos EUA. Son auténticas tropas terrestres baixo o mando de xenerais ianquis que teñen máis de dez bases militares na zona, simples monicreques imperialistas que serán entregados a Erdogan para que os masacre como fai cos kurdos na Turquía. Na actualidade cos yihadistas no poder en Siria, estamos vendo como xa non son funcionais aos intereses imperialistas, e agora perante o abandono, os kurdos maniféstanse diante das embaixadas ianquis para pedir protección, tal e como fixeron no Reino Unido e no Iraq.

As YPG e o PKK críanse a salvo no seu protectorado deseñado polo Pentágono, escoitaron os cantos de serea nas voces de militares ianquis, prometíanse moi felices ata que os intereses do "amigo norteamericano" virou completamente. Pensaban erroneamente que os EUA ían enfrontarse a Turquía, un país da OTAN para defendelos dos planos que Erdogan ten para esa zona? Perante anos venderon a idea dunha Rojava "autoorganizada", "comunas independentes", á vez que protexían os negocios norteamericanos na zona. Uns mercenarios baixo protección ianqui, mais que con estas consignas conseguiron "fascinar" a troskos, anarcolibertadores, e demais fauna das esquerdas progre-woke.

Con fotos de mulleres armadas con

AK-47, engaiolaron a unha tropa de antiimperialistas de sofá que nin leron, nin lerán a Marx, Lenin...etc, iso sí, seguen a individuos que sacan frases de contexto, moi dados a consignas de "pacotilla", que coñecen a alguén que é amigo doutro, que di que leu a un que ten un libro sobre imperialismo. Son os parvos útiles ás directrices das administracións ianquis, os mesmos que definen a guerra da OTAN por medio da Ukro-nazia contra Rusia como guerra interimperialista, os mesmos que ollan a unha muller kurda con un fusil e din que é unha muller empodeirada, mais se a muller leva hijab e é iraní, coitada hai que derrocar a terríbel ditadura dos Ayatolás.

Son os que camiñan cos anteollos eurocéntricos e que homologan todo segundo estándares europeos, mercan toda teoría saída dos think-tank norteamericanos, incapaces de elaborar pensamento propio, revestindo os seus posicionamentos con retórica subversiva, resultando en revolucionarios de salón que fan reunións hiper-mega-anticapitalistas no Burger King. No estado español os troskos chiquilicuatres e a camarilla progre-reformista-woke, saen ás ruas a defender un proxecto anticapitalista, autoxestionado, armado, e financiado con dólares que obedece a intereses dos EUA? O chiste cóntase só.

Igual que os kurdos, acabarán manifestándose para solicitar protección diante das embaixadas ianquis para Rojava? Para un trosko nada é imposible.

Antifascistas e antiimperialistas sempre!

cita: 986 34 09 95
638 93 08 23

A&R PELUQUER@S
peluquería y estética

c/ pontevedra bajo 11
salceda de caselas

crisbor
peluquería mista

Avda. Galicia, 25 - Baixo
986 34 79 52
Salceda de Caselas

O Progreso
Panadería - Cafetería

O Porriño - RÚA PROGRESO 5
Tui - RÚA CASAL ABOY 4

986 334 079

FLOR DE LOTO
Arte Floral

Ctra. Peinador nº 26 Bajo - Puxeiros
Tameiga Mos

teléfono: 986 48 60 20
móvil: 687 46 76 34
696 15 63 59

E-mail: flordelotomos@gmail.com

Horario
Lunes a viernes: 10:00 a 13:30
16:30 a 20:00
Sábado: 10:00 a 14:00

SONIA GROBA
PELUQUERÍA

692 184 817

Victoriano Pérez Vidal, 19 B
Salceda de Caselas

Toys Maniatic
Porque los niños son lo más importante

GRUPO DE ASOCIADOS

xoguetería

Rafael Tilve Adrio, 8 - Telf.: 886 123 137
36470 - SALCEDA DE CASELAS (Pontevedra)
toysdetalles@gmail.com

CAFE
O Rincón de Olga

Rúa Carreira, 29
Cans

Nova edición do Entroido de Salceda

A vila de Salceda viviu, un ano máis, unha nova edición do seu centenario Entroido. Esta festa ten moitísimos atractivos entre os que destaca a apaixonada rivalidade entre os Barrios da Feira e Catro Barreiro que levan xa 140 anos confrontando os seus disfraces e as troulas. Este ano presenta unha importante novidade: O I certame fotográfico Xank Penavella.

O Entroido de Salceda é un dos máis importantes de Galicia a sí o amosan os centos de persoas que desfilan ano a ano nas súas comparsas e os milleiros de persoas que nestas datas se achegan sempre a esta vila da Louríña a gozar dunha festa imperdible o calendario galego de festas. Velaí vai unha reportaxe fotográfica dunha das xornadas de festa.



SERVIZOS VETERINARIOS
Serveco
 CLÍNICA / ASESORAMIENTO / PRODUCTOS / CONSULTA A DOMICILIO

veterinario

Telfs. 649 813 334 - 986 347 842
 c.serveco@colvet.es
 Avda. de Galicia, 63 baixo
 SALCEDA DE CASELAS

AGRO COSME S.L.
 JARDINERÍA, AGRÍCOLA Y FORESTAL

Estrada a Tui, 25 - Cela - 36419
 MOS - Pontevedra
 Telf.: 986 344 599
 Fax: 986 344 584
 E-mail: agrocosmesl@gmail.com

MARLYAMA
Barbieri
Jonsered
pasquali
MCCORMICK
LOMBARDINI
Arvipo

Otero
 JOYERÍA

986 349 184 Avda Galicia, 6 SALCEDA DE CASELAS

NAO
 NADAL
 Pedro Durán
 GALOS
 CASIO
 TIME FORCE
 BREIL

PEGADAS
 clínica veterinaria

Telf. 986.349.434

C/ Coruña, 2
 36470 Salceda de Caselas
 pegadasclinicaveterinaria@gmail.com

Medicina General
 Medicina Preventiva
 Identificación
 Radiología
 Cirugía
 Servicio a domicilio
 Tienda especializada
 Peluquería



*Máis de 35 anos
creando natureza*
Grazas por seguir confiando en nós

Estrada das prantas s/n Tameiga, Mos

Sanguñeda. Mos

Cítanía
Mobiliario & Descanso



Victoriano Pérez Vidal, 13
Salceda de Caselas
Telf.: 986 34 06 06
moblescitanía@gmail.com

facebook.com/moblescitanía

asegal

asesoría fiscal, laboral y contable
seguros

SUSANA CABALEIRO

Manuel Rodríguez 112 PORRIÑO
Tlfo. 986338216 info@asegal.org



Elisa Rodríguez Vaqueiro
T. 675 846 202
farafloristas@gmail.com



Ribeira, 73
Torreiros - Porriño
986 337 568



O Sr. X, cal viva e outras traizóns

opinión

Marco A. Santos Soto, Colectivo pro Palestino de Redondela

Felipe González non é un recordo incómodo do pasado: é unha peza viva do presente. Cada vez que aparece en medios, cada vez que é tratado como referente moral ou político, confírmase que a chamada democracia española segue premiando aos seus verdugos de traxe e palabra fácil. O Sr. X non foi unha anomalía: foi unha función perfectamente definida dentro dun sistema que necesitaba desmontar a esquerda sen disparar un só tiro visible. Os GAL non foron excesos nin desviacións puntuais. Foron terrorismo de Estado. Secuestros, torturas e asasinatos executados desde as cloacas do poder, financiados con diñeiro público e xustificados en nome da estabilidade democrática. Felipe González foi o máximo responsable político daquela etapa. Nunca pediu perdón. Nunca asumiu culpa. Nunca respondeu ante as vítimas. A Transición cumpriu aquí

a súa misión principal: garantir impunidade aos que mandaban. Filesa tampouco foi un episodio illado. Foi o método. O PSOE financiouse ilegalmente mediante empresas pantalla mentres se presentaba como forza ética e progresista. Cartos negros, corrupción estrutural e silencio cómplice. O partido que dicía representar á clase traballadora empregaba os mesmos mecanismos que o poder económico. Felipe González non foi enganado polo sistema: foi o seu rostro amable e eficaz. O punto exacto da traizón ten nome: Suresnes. Alí o PSOE renunciou ao marxismo e, con el, á transformación social. Non foi modernización, foi rendición. A esquerda institucional aceptou os límites impostos polo capital, pola OTAN e polos mercados. Felipe González converteuse no garante de que nada esencial sería cuestionado. Sen Suresnes e sen o apoio das elites,

nunca tería pasado de político secundario. As privatizacións completaron o espolio. Empresas públicas estratéxicas, construídas co esforzo colectivo, foron vendidas a mans privadas baixo a mentira da eficiencia. Telefónica, Repsol, Endesa. O que era de todos converteuse en negocio para uns poucos. O resultado foi precariedade, desemprego, tarifas abusivas e perda de soberanía económica. O discurso falaba de modernidade; a realidade foi un roubo legalizado. E despois chegou o premio. Felipe González non regresou á vida común nin á militancia. Pasou directamente ás portas xiratorias, aos consellos de administración, aos despachos onde se decide quen manda. O expresidente “socialista” converteuse nun multimillonario integrado no corazón do poder económico. Non é contradición: é coherencia. Gobernou para eles e eles re-

compensárono. Cando agora afirma que “o seu PSOE non eran máis que siglas”, está a dicir a verdade. As siglas foron unha máscara electoral para conter a rabia social, neutralizar o conflito e garantir estabilidade ao réxime. O PSOE de Felipe González non foi alternativa ao poder: foi o seu mellor empregado, o cortalumes perfecto contra unha ruptura democrática real. Felipe González nunca sería quen é sen a complicidade mediática, sen unha Transición deseñada para que nada mudase de verdade e sen unha esquerda domesticada. Non é un estadista nin un referente democrático. É unha advertencia histórica: o sistema non só tolera a traizón, senón que a premia cando é útil. O problema non é que Felipe González fale hoxe con desprezo do que queda da esquerda. O problema é que segue sendo escoitado con respecto. Iso di máis do réxime que

del. O Sr. X segue presente porque encarna á perfección este sistema: impunidade, cinismo e memoria curta. Nun país con dignidade democrática, Felipe González sería lembrado polos GAL, por Filesa, pola renuncia ideolóxica e polo saqueo do común. Aquí é lembrado polos seus traxes caros e as súas opinións. Esa é a verdadeira derrota. Dilo non é radicalismo. Radical foi matar desde o Estado, roubar o público e vender a esperanza colectiva. Nomealo é unha obriga política. Porque Felipe González fixo poder e fortuna a costa do pobo, e mentres non se rompa co seu legado, non haberá esquerda nin democracia que mereza ese nome.

Os “Tonios” e o Milei.

<http://comandantecha.blogspot.com.es> *por Marcos Escudero



Encrucillado

Por Khan Dean

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14
A														
B														
C														
D														
E														
F														
G														
H														
I														
K														
L														
M														

HORIZONTAIS

A-- CANTAUTOR GALEGO, ÚNICO CANTANTE EN CONSEGUIR O NÚMERO UN EN ESPAÑA COAS SÚAS LETRAS EN GALEGO . B - ACCIÓN DE NACER- SÍMBOLO DO OURO - CONSOANTE. C - SÍMBOLO DO TERBIO - CONXUNCIÓN CON VALOR DISXUNTIVO QUE EXPRESA UNHA ALTERNATIVA - TRANSFORMARA UN ÁTOMO OU MOLÉCULA EN IÓN. D - PERCIBES POLO SENTIDO DO OÍDO- SÍMBOLO DO LANTANO- PERÍODO DETERMINADO DA VIDA DUN SER. E - NIÑADA - DÍA ANTERIOR AO DE HOXE - NOME DE MULLER. F - DOBRE CONSOANTE - SÍMBOLO DO ROENTGEN - EMBARCACIÓN LIXEIRA A REMO - DEZ. G-ANTIGO PRESIDENTE PORTUGUÉS-CONSOANTE.....DE VEGA, DRAMATURGO DO SÉCULO DE OURO ESPAÑOL H - VOGAL - TODO AQUELO QUE EXISTE OU TEN A POSIBILIDADE DE EXISTIR - AVE RAPAZ NOCTURNA CON OLLOS AMARELOS E GRANDES. I - PRÁCTICA UN XOGO DE- TERMINADO - SENTIMENTO DE PROFUNDO AFECTO CARA A ALGUÉN - VOGAL - CONSOANTE. K - SÍMBOLO DO AMPERE - FORMADO POR CADROS DISPOSTOS COMO OS DUN TABOLEIRO DE XADREZ - CINCUENTA. L - AXEITADA - ARO DE METAL OU OUTRA MATERIA, LISO OU CON LABORES DE ADORNO, QUE SE LEVA NALGÚN DOS DEDOS DA MAN. M - PRONOME PERSOAL TÓNICO DE TERCEIRA PERSOA EN FEMININO - RÍO ENTRE GALICIA E ASTURIAS- SÍMBOLO DO OSMIO - FLOR DA ROSEIRA.

VERTICAIS

1 - MÚSICO, LIDER DE OS RESENTIDOS -CONXUNCIÓN. 2 - LEIRA DE NABOS- VOGAL - SÍMBOLO DO ALUMINIO. 3 - 600- EN ESTADO DE BOA SAÚDE - QUE NON TEN OU AMOSA NINGUNHA APTITUDE PARA ALGO. 4 - PERSOA CULPABLE DUN DELITO - OPERACIÓN QUE CONSISTE EN LIMPAR OU DESECAR O FONDO DE PORTOS OU RÍOS. 5 - REPRODUCE UN COMPORTAMENTO - SÍMBOLO DO ESTERO - ALTERNATIVA CANGUESA DE ESQUERDAS. 6 - SÍMBOLO DE SUESTE- VOGAL - CONSOANTE - VOGAL - GRUPO MUSICAL FORMADO POR DOUS MÚSICOS OU DÚAS VOCES. 7 - DOCUMENTO NACIONAL DE IDENTIDADE -ANTIGO EQUIPO DE BALONCESTO E FERROL - PEDRA SAGRADA EN QUE SE CELEBRABAN AS OFRENDAS E OS SACRIFICIOS AOS DEUSES. 8 - XIGANTE FILLO DE GAIA - DOBRE CONSOANTE - SENTIMENTO DE INQUIETUDE QUE SE EXPERIMENTA ANTE A PRESENZA, REAL OU IMAXINARIA, DUN PERIGO. 9 - QUE PRODUCE UNHA IMPRESIÓN AGRADEABLE AOS SENTIDOS OU AO INTELLECTO- MULLERES QUE XA SUPERAN A INFANCIA PERO AÍNDAA NON CHEGARON Á IDADE ADULTA. 10 - VOGAL - MANEIRA DE PENSAR SOBRE UNHA COUSA CONCRETA - REZA. 11 - ESPAZO BREVE DE TEMPO EN QUE LOCE O SOL NUN DÍA DE CHUVIA - SÍMBOLO DO LUTECIO - FACER VOLUNTARIAMENTE QUE ALGO PASE A SER DOUTRA PERSOA. 12 - REUNIÓN DE XENTE, POLO XERAL POLA NOITE, PARA DIVERTIRSE CON CANTIGAS E BAILES - MASA DE AUGA SALGADA QUE COBRE APROXIMADAMENTE AS TRES CUARTAS PARTES DA SUPERFICIE TOTAL DA TERRA. 13 - VOGAL - NINGUNHA COUSA OU MOI POUCA COUSA - COEFICIENTE QUE INDICA O GRAO DE ACIDEZ OU BASICIDADE DUNHA SOLUCIÓN ACUOSA - TES EXISTENCIA OU REALIDADE . 14 - 4º NOTA MUSICAL - PON DE XEONLLO S.

VERTICAIS

1 - ANTON REIXA - E. 2 - NABEIRA - O -AL. 3 -DC. 4 - NEGADA. 5 - EMULIA - ST. 6 - ACE. 7 - SE. 8 - A - C - E - D - O. 9 - D - IN - OAR. 10 - ARA. 11 - OTO. 12 - MOZO. 13 - MOZAS. 14 - A - A - IDEIA. 15 - ORA. 16 - RAZA. 17 - LU. 18 - DAR. 19 - RUA. 20 - OCÉANO. 21 - REN. 22 - PH. 23 - ES. 24 - FA. 25 - AXEONLLO. 26 - ANEL. 27 - ELA - EO - OS - ROSA. 28 - R - CANOVA - X. 29 - G - EAVES - R. 30 - LOPE. 31 - H - I - ENTE. 32 - MOUCHO. 33 - XOGA - AOR - E. 34 - K - A - A - AXADREZADA - L. 35 - T. 36 - ADECUADA - R - R. 37 - NACEMENTO - AU. 38 - F. 39 - C - TB. 40 - IONIZARA. 41 - D - OES - LA - IDADE. 42 - E - NIADA - ONTE - ANA. 43 - F - RR. 44 - ANDRÉS DO BARRO. 45 - B. 46 - NACEMENTO - AU. 47 - F. 48 - C - TB. 49 - IONIZARA. 50 - D - OES - LA - IDADE. 51 - E - NIADA - ONTE - ANA. 52 - F - RR. 53 - ANDRÉS DO BARRO. 54 - B. 55 - NACEMENTO - AU. 56 - F. 57 - C - TB. 58 - IONIZARA. 59 - D - OES - LA - IDADE. 60 - E - NIADA - ONTE - ANA. 61 - F - RR.

SOLUCIÓNS:

HORIZONTAIS:

1 - ANTON REIXA - E. 2 - NABEIRA - O -AL. 3 -DC. 4 - NEGADA. 5 - EMULIA - ST. 6 - ACE. 7 - SE. 8 - A - C - E - D - O. 9 - D - IN - OAR. 10 - ARA. 11 - OTO. 12 - MOZO. 13 - MOZAS. 14 - A - A - IDEIA. 15 - ORA. 16 - RAZA. 17 - LU. 18 - DAR. 19 - RUA. 20 - OCÉANO. 21 - REN. 22 - PH. 23 - ES. 24 - FA. 25 - AXEONLLO. 26 - ANEL. 27 - ELA - EO - OS - ROSA. 28 - R - CANOVA - X. 29 - G - EAVES - R. 30 - LOPE. 31 - H - I - ENTE. 32 - MOUCHO. 33 - XOGA - AOR - E. 34 - K - A - A - AXADREZADA - L. 35 - T. 36 - ADECUADA - R - R. 37 - NACEMENTO - AU. 38 - F. 39 - C - TB. 40 - IONIZARA. 41 - D - OES - LA - IDADE. 42 - E - NIADA - ONTE - ANA. 43 - F - RR. 44 - ANDRÉS DO BARRO. 45 - B. 46 - NACEMENTO - AU. 47 - F. 48 - C - TB. 49 - IONIZARA. 50 - D - OES - LA - IDADE. 51 - E - NIADA - ONTE - ANA. 52 - F - RR. 53 - ANDRÉS DO BARRO. 54 - B. 55 - NACEMENTO - AU. 56 - F. 57 - C - TB. 58 - IONIZARA. 59 - D - OES - LA - IDADE. 60 - E - NIADA - ONTE - ANA. 61 - F - RR.

Hermes & Atenea

Nº160

XORNAL GALEGO DE CULTURA E DEPORTE

Febreiro 2026 - 2€

○ **gobierno de Marín
ignora as necesidades
e problemas
da parroquia de Seixo**



Pax.: XIV



Gastro Pub
TRISQUEL
*Rúa da Prata, 8
Redondela*

PUB
AQUELARRE
REDONDELA

 **euronics**
REDONDELA

Telf.: 986 405 069
Móvil: 620 89 41 41
Ernestina Otero nº 26
36800 Redondela (Pontevedra)
e-mail: euronicsredondela@gmail.com

“Un bar ten que ter identidade propia”

Marta e Jorge “Chopi”, Propietarios de “O Funil

Marta e Chopi son os propietarios do bar o Funil en Redondela. Este é un proxecto da hostalaría redondelá relativamente recente, pero atrevémonos a prognosticar que o paso do tempo vaino converter en clásico, pois a ilusión, simpatía e intelixencia coa que o xestiona esta parella de vellos amigos de ANP faime augurar que O Funil terá un longo e próspero futuro. Brindo por elo con eles.

Como xurdiu a idea de montardes “O Funil”?

Marta: Estábamos a traballar os dous no mar, e o que entraba na casa non era suficiente para vivir. Tiñamos varias posibilidades: marchar fóra ou probar algo aquí. Ao final, xurdiu a oportunidade de xestionar este local, que era dos meus tíos e xubilábanse. Decidimos coller o negocio e facelo ao noso xeito, isí, grazas a axuda que nos brindaron os nosos familiares a os cals estamos moi agradecidos. Ao principio só tiñamos algo de pinchos pero agora xa temos máis cociña. O primeiro día foi un pouco caótico, empezamos a renunciar, a probar cousas... pero sempre tivemos claro que queriamos facer algo propio, algo de pinchos. Algo de hostalería que nos gustase e que funcionase

Chopi, ti alén do marisqueo xa tiveras experiencia na hostalería?

Si, eu veño da hostalería e tamén traballei dende moi novo, desde os 14 anos, estudaba polas mañás e traballaba polas tardes. O meu primeiro traballo foi nos Molinos de Reboreda

E que tal se che daba a hostalería cando eras novo?

Ao principio era tímido e non era capaz de falar con ninguén, pero pouco a pouco collín confianza.

Carallo Chopi, pois calquera o diría Agora, aprendín e non hai que me pare, risas. Tamén estiven algún tempo na política.

E ti, Marta. Cal é a túa historia?

Eu veño da docencia, son profesora. Dei clases de primaria e infantil durante 17 anos nun cole en Vigo. Pero a vida é moi curta e sempre tiveren claro que quería facer unha parada, desconectar, respirar forte, coller unha mochila via-xar, probar, experimenta e empaparme todo o que puidera de moitos lugares do mundo.

Cando comezamos xuntos, pedín unha excedencia e escapamos os dous, pero cadrou co COVID, tiña que volver e tele traballar de mestra e non o fixen. Como non se podía via-xar saquei o título de mariñeira, traballei uns meses e namoreime do mar. Máis tarde presentouse a oportunidade de xestionar un local con Jorge, e decidimos lanzarnos.

Creo que esa primeira escapada foi un tanto accidentada?

Accidentada non, o seguinte. Foi Hou-



Marta e Chopi na cociña de “O Funil”

bo un momento crítico cando comezou a arder a furgoneta, a tres horas de chegar, con todo o noso material: roupa, cámara, todo. Quedamos sen nada, foi un golpe duro, pero sobrevivimos e aprendemos moito, ademais da alegría de estarmos vivos, claro.

Marta, que é o máis duro para ti, o marisqueo, a docencia ou a hostalería?

Todos teñen cousas boas e cousas malas pero, agora mesmo se puidera elixir me quedo con este proxecto na hostalería.

E ti Chopi, política, marisqueo ou hostalería?

A política sería unha ferramenta marabillosa para o ser humano, pero non o é. Xa desde os romanos os seres humanos utilizan a política para beneficiarse e degradar ao resto, tristemente sem-

pre gañan os que máis menten. Sempre me encantou a política, pero acabei aborrecido. O mar gustoume e no bar creíame. Creíame nunha tenda bar do meu pai, para min a hostalería tócame moito no corazón e ten momentos complicados, pero é algo que me encanta.

Cal é a esencia de O Funil?

Un bar ten que ter identidade e démoslle moitas voltas ao nome. “O Funil” é como o voso periódico..Nós tamén pe-neiramos o malo e só deixamos entrar aos bos e xenerosos, boas e xenerosas

Unha innovación importante foi o do Tardeo de Nadal?

Si, queremos dar vida á zona, ao pobo, e facer algo distinto: concertos, eventos, actividades durante as festas... un local vivo e creativo no que a partir das 6 da tarde tiñamos un DJ ata ás 21:30



da noite. Logo parabamos coa música porque temos que convivir cos veciños e teñen que madrugar para traballar.

Tamén innovastes coa comida e organizastes un certame culinario, un certame de hamburguesas?

Si, lanzamos un concurso de hamburguesas, onde cada mes presentamos unhas seleccións de diferentes tipos de hamburguesas que propoñen os clientes. Dos que se presentaron seleccionamos catorce para o concurso. Cada xoves de xaneiro presentamos unha hamburguesa diferente e os clientes votan pola súa favorita. A hamburguesa gañadora, a máis votada que remata o 30 de abril, queda na carta durante todo o ano e o creador recibe o 10% dos beneficios. É unha forma de involucrar aos clientes e de fomentar a participación.

Como se vota neste concurso?

A través dun QR que hai no recibo, este QR desvíache a páxina de King Burger para votar coa hamburguesa que probaches. Para a final elixiremos a un xurado por si houbera un empate sexa o xurado o que decida a hamburguesa gañadora.

Parece un proxecto moi participativo e dinámico coa clientela?

Exacto. Queríamos que fose divertido,

inclusivo e que a xente que veña se implique, tanto probando as hamburguesas como asistindo aos eventos. Esta é a nosa clave.

Que aprendizaxes sacastes deste novo proxecto de O Funil?

Aprendemos que un bar debe ter identidade propia. Cada decisión, cada cambio, cada innovación fai que o local teña carácter. E tamén que a perseveranza paga a pena: non todo sae á primeira, pero se estás motivado e tes boas ideas, todo é posible.

Marta: Sí, e que a colaboración coa clientela é fundamental. Non é só sobre nós, senón tamén sobre a xente que participa, a que vén, a que comparte e se diverte connosco. Iso é o que nos move. Animamos á xente a que veña probar as hamburguesas e participe, é moi divertido ver os piques entre os participantes ou ver como veñen a probar con toda a familia as hamburguesas que crearon.

Chopi: Nós probámolas un día antes de que saían ao concurso e as veces quedamos sorprendidos do resultado, queremos resaltar a valentía da xente e o ben que o está facendo e animamos a que segan connosco para poder continuar máis anos con esta iniciativa que é moi divertida.

O Concello de Redondela sanciona a dúas empresas e un particular por vertidos incontrolados

A concellería de Medio Ambiente do Concello de Redondela tramita tres sancións por vertidos incontrolados, un na Senda da Auga e dous en vías públicas de Chapela. A policía conseguiu localizar aos responsables grazas á colaboración veciñal e logo dun traballo de investigación. Estas infraccións carrexan sancións que van dos 750 aos 3.000 euros.

A Concellería de Medio Ambiente lembra que existe unha normativa que prohibe os vertidos incontrolados e fai un chamamento á cidadanía para que actúe “con respecto e civismo”. Desde o Concello agradecen a implicación da veciñanza para poder detectar estes vertidos e destaca a labor policial de investigación na identificación dos infractores.



Imaxes de dous dos verquidos



Redondela

O departamento de Medio Ambiente do Concello de Redondela tramita actualmente tres sancións por vertidos incontrolados rexistrados en vías públicas de Chapela e na Senda da Auga. O concelleiro, Alberto Álvarez, sinala que estas verteduras ilegais son un dos maiores problemas ambientais para os municipios. Cascallos, restos de poda, residuos industriais, mobles, electrodomésticos, etc. localízanse “tanto en zonas rurais e forestais como en zonas urbanas ao redor dos colectores de recollida do lixo”. Isto ten “graves consecuencias ambientais, deterioran a paisaxe, xeran cheiros, proliferación de

pragas, contaminan o chan e a auga, e aumenta o risco de incendios”, advirte Álvarez. Tamén é un “grave problema desde o punto de vista económico, xa que en moitos casos o Concello, co diñeiro de todos, debe asumir o gasto de retirar estes residuos incontrolados”. Estes vertidos supoñen unha infracción da Ordenanza Municipal de Xestión e Tratamento de Residuos, que o Concello de Redondela sanciona con multas que van desde os 750 ata 3.000 euros.

Un vertido na Senda da Auga e dous en Chapela

O último caso investigado detectouse en decembro na Senda da Auga, na

amador A/pérez
 imprenta | dixital | deseño | web

📍 Rúa da Cooperativa, 10
 36800 REDONDELA (Pontevedra)

☎ 986 400 259
 📞 627 900 878
 ✉ info@amadorimprenta.com
 🌐 amadorimprenta.com

ODONTOLÓGICA INTEGRAL
NOVAODONTO

**“A TÚA SAÚDE DENTAL,
 A NOSA RAZÓN DE SER”**

ORTODONCIA - BLANQUEAMIENTO - LIMPIEZA
 IMPLANTES - PRÓTESIS - ENDODONCIA
 TRATAMIENTO - ESTÉTICA DENTAL

¡AGENDA TU CITA! ☎ **660 509 181**

📍 Av. Ernestina Otero 45, Redondela 📱 @novaodontoredondela

**Talleres
 VILABOA**
 MECÁNICA EN GENERAL
 SERVICIO DE RUEDAS



El Muro, 62 bajo
 Crta. Redondela - Porriño
 Teléfono **986 400 870**
 36800 REDONDELA

parroquia de Vilar. Foi un veciño o que alertou dun vertido de mobles, electrodomésticos, colchóns, etc. nas proximidades do camiño Lagoa de Millarada. A policía de Medio Ambiente conseguiu localizar o vehículo responsable do vertido grazas aos testemuños dos veciños. Feitas as pescudas oportunas, localizouse a orixe do vertido nunha propiedade en reformas no Concello de Vigo. Localizado o propietario, onte luns (2 de febreiro) informáuselle das consecuencias legais dos feitos acontecidos e da urxencia de proceder a retirar o vertido.

No último trimestre do ano pasado investigáronse tamén dous vertidos en Chapela, na vía pública, un de restos de mobles de madeira e outro de fiestras de PVC. O primeiro localizouse por un aviso cidadá que alertou do vertido na rúa Estación, preto da antiga estación ferroviaria. Unha furgoneta descargou mobles de madeira, táboas e outros restos en varias ocasións nas inmediacións dos contedores de lixo. Os datos recollidos pola Policía de Medio Ambiente grazas á colaboración cidadá permitiron dar coa empresa responsable.

O segundo caso deuse no camiño do Gaio, onde se detectou un vertido de restos de fiestras de PVC. A investigación realizada pola policía de Medio Ambiente determinou a orixe dos residuos nunha empresa do sector.

O concelleiro de Medio Ambiente

agradece a colaboración cidadá “que está a dar os seus froitos” e destaca a gran labor policial de investigación na identificación dos infractores. O Concello de Redondela lembra que queda totalmente prohibido arroxar ou depositar residuos de calquera tipo fóra dos colectores. Neste sentido, os contedores instalados en todo o municipio están destinados á recollida dos residuos domésticos, en bolsas de lixo e dentro do horario permitido. Depositar trastes na vía pública sen autorización, en solares ou no exterior dos colectores; ou non axustarse ás programacións de recollida establecidas constitúen unha infracción. No caso das infraccións leves a ordenanza municipal contempla multas que van desde os 90 euros ata os 750, para as infraccións graves entre 750 e 1.500 euros, e no caso das moi graves as sancións van dos 1.500 aos 3.000.

Servizo de recollida de residuos voluminosos

Para o depósito de residuos voluminosos, mobles, electrodomésticos, etc. existe un servizo de recollida a domicilio sinxelo e gratuíto para os veciños e veciñas particulares. Tan só é preciso contactar con Urbaser no teléfono 986.388.111, de 9 a 14 horas, onde os informarán do día e lugar para depositar os residuos. No caso de empresas a normativa autonómica establece que deben retirar os seus residuos a través de xestores autorizados.

oportunidades tras perder seis anos, unha partida específica de 800.000 euros da Xunta e outras catro convocatorias de axudas autonómicas e acusa aos nacionalistas de ser “cómplices dun executivo anti-Chapela”

O voceiro municipal advirte de que esta escola infantil só sairá adiante cun executivo popular ante a incapacidade de xestión e o pasotismo do actual, polo que lle pide aos nacionalistas que deixen de actuar de “cooperadores necesarios” tras a devastación deste mandato

Redondela

“O BNG está a actuar de mala fe e intoxicando coa construción da imprescindible escola infantil de Chapela, porque se aínda non hai este servizo é porque o Bloque apoiou hai tres anos a investidura de Digna Rivas que nin fixo nin vai facer esta gardería. De feito, se Xoán Carlos González e os seus non levantaran a man para facer alcaldesa a Digna Rivas malia perder as eleccións, este centro educativo xa estaría aberto con cen nenos porque para o PP é unha absoluta prioridade”, replicou o voceiro municipal, Javier Bas, ante as “surrealistas acusacións” dos nacionalistas.

O concelleiro popular pediulle ademais ao Bloque local, se ten un interese real nesta instalación educativa “do que moito dubidamos”, que sexa proactivo a prol dos veciños de Chapela para que contén coa necesaria escola infantil “e deixe de apoiar e salvar cos seus votos a un executivo municipal anti-Chapela”.

“Este mandato está totalmente perdido cunha xestión devastadora que vai seguir en picado os próximos 16 meses pola incapacidade de Digna Rivas e do PSOE e a cooperación necesaria e complicidade do BNG, así que haberá que agardar ao seguinte sempre que haxa un goberno do PP”, sinalou Bas, que admitiu que o Bloque está “nunha posición complexa”, posto que non ten ningunha opción de gobernar e só lle

queda a posibilidade de facer novamente de muleta socialista en caso de que os populares non teñan maioría absoluta, “o que deixaría de novo a Chapela sen escola infantil”. “Se non van sumar, polo menos que deixen de poñer paus nas rodas e no futuro deixen de exercer de cooperadores necesarios do desastre, pero non lles vai deixar desde Santiago, que son os que deciden por Xoán Carlos González e os seus acólitos”.

Javier Bas lembrou que a escola infantil de Chapela é unha cuestión municipal que debe contar coa axuda do Goberno galego, pero o executivo de Digna Rivas deixou escapar todas as oportunidades tras perder os últimos seis anos e ata catro convocatorias de axudas da administración autonómica a través dos fondos europeos MRR para o centro de Chapela.

O tamén ex alcalde reiterou que o seu goberno deixou todo listo en 2019, incluíndo unha partida específica de 800.000 euros da Xunta, a falta da tramitación urbanística correspondente para cambiar a calificación dos terreos, pero Digna Rivas desaproveitou esta achega, recollida dous anos seguidos nos orzamentos autonómicos, polo seu enorme retraso na modificación da categoría do solo.

Xa posteriormente, non presentou ningún proxecto ás catro convocatorias realizadas polo Goberno galego para

Bas: “O BNG intoxica coa escola infantil de Chapela, porque se non apoiara a investidura de Digna Rivas hai tres anos este centro educativo xa estaría aberto con cen nenos”

Os populares lembran que o goberno socialista deixou escapar todas as



Zapatería Candi

Reparación de calzado, cosido, afiados e complementos.
Duplicado de chaves e mandos.
Cerralleiro.

Tlf: 639 07 54 56

candi@zapateriacandi.com
www.zapateriacandi.com

R/. Telmo Bernárdez, 3 - 36800 REDONDELA
(Fronte ó despacho de butano).

DESFRUTA DAS CARREIRAS DE MOTO GP EN DIRECTO CON NOS

POOL BAR VIDEO CLUBE

NALUA

Ernestina Otero, 49 - Tel. 986 402 462
Tel. 986 401 394 - REDONDELA



PANADERÍA - PASTELERÍA

A ARTESA

OBRADOR SEN GLUTEN

Hermes&Atenea

611 953 419

instagram: a_artesa_sen_gluten

Paseo da Xunqueira nº41 baixo - 36800 - Redondela

financiar a construción de escolas infantís.

“Non se lle pode dar a quen non pide”, apostillou Bas, que tamén reiterou as súas acusacións aos nacionalistas por ser “cómplices dun executivo anti-Chapela”. “Nestes anos concellos como Mos, O Porriño ou Pontearreas si que optaron a estas achegas para ampliar a súa rede de escolas infantís, e incluso

tamén municipios socialistas, como O Grove ou A Guarda no mandato anterior, pero incomprensiblemente en Redondela non aspiraron a estas axudas nunha medida totalmente prexudicial para Chapela”, manifestou Bas, que advertiu que, dada a incapacidade de xestión e pasotismo do actual goberno, esta escola infantil só sairá adiante cun executivo local do PP

de Redondela continúa a dar froitos. Grazas ao labor de difusión realizado a través da nova páxina web de Memoria Democrática, o Concello ten contactado con familiares de presos que sufriron o horror da Illa de San Simón. Un dos máis recentes é o da bisneta de Francisco Merino, quen documentou o periplo do seu antepasado no libro “Francisco Merino, el alcalde de los mantecaos”. A obra recupera e dignifica a memoria de quen foi unha das miles de vítimas do franquismo que pasaron polo lazareto reconvertido en colonia penitenciaria.

Unha ferramenta para o reencontro

O proxecto de dixitalización e publicación dos datos dos represaliados busca precisamente isto: que os nomes e apelidos que constan nos arquivos cheguen ás súas familias. A páxina web permite aos descendentes non só consultar información, senón tamén achegar testemuños que axudan a completar o mapa emocional e histórico de San Simón. A alcaldesa, Digna Rivas, destacou que este tipo de achados “dan sentido a todo o esforzo institucional”. Segundo

a rexedora, a declaración da illa como Lugar de Memoria Democrática debe ir acompañada dunha labor constante de posta en común coa sociedade civil e as asociacións de memoria.

Francisco Merino: da alcaldía ao “campo de exterminio”

A historia de Francisco Merino é o reflexo de moitos outros que, por defender a legalidade democrática, acabaron detidos. O libro da súa bisneta non só é un exercicio de xenealoxía familiar, senón unha crónica necesaria sobre a represión e a vida diaria na enseada de San Simón durante os anos máis escuros da ditadura. Un Consello de Guerra sentenciouno a Reclusión Perpetua o 25 de novembro de 1939. Consta o seu falecemento por “cardiopatía” o 14 de xuño de 1941 na illa.

A alcaldesa, responsable da Concelleira de Memoria Democrática, convida a toda a cidadanía e a descendentes de presos en San Simón a seguir utilizando as ferramentas de contacto da web “para seguir tecendo esta rede de dignidade e recordo”.

O Concello de Redondela estreita lazos coas familias das vítimas de San Simón grazas á nova web de Memoria Democrática

A divulgación de datos sobre os presos da illa permitiu contactar coa bisneta de Francisco Merino, cuxa historia foi recuperada por María Pilar López Vera no libro “Francisco Merino, el alcalde de los mantecaos”.

A alcaldesa, Digna Rivas, reafirma o seu compromiso “coa reparación e visibilización das historias silenciadas no campo de concentración” e convida a toda a cidadanía e descendentes de presos en San Simón a utilizar o contacto da web “para seguir tecendo esta rede de dignidade e recordo”.



Iria Vilaboa, Pedro Blaco Digna Rivas e Antonio Cabaleiro diante do monumento @s asasinados no alto da Cuncheira

Redondela

O traballo de recuperación da Memoria Democrática impulsado polo Concello

Redondela presenta en Fitur a campaña “Única” da man de Galicia Suroeste

Redondela

Redondela está presente en Fitur un ano máis para participar nun dos grandes escaparates mundiais no sector turístico. Redondela participa da man de Galicia Suroeste para promover unha oferta baseada no seu patrimonio natural e paisaxístico, cultural e histórico. A alcaldesa de Redondela, Digna Rivas, e a concelleira de Cultura e Turismo, Rita Pérez Táboas estiveron hoxe na feira en Madrid para dar a coñecer unha oferta “baseada nun turismo de

calidade e sostible”. A oferta turística do Concello pon en valor xoias como a illa de San Simón, declarada “Lugar de Memoria Democrática”. Esta paraxe, que suma patrimonio natural e patrimonio histórico, atesoura un pasado digno de ser coñecido, xa que foi empregada como mosteiro, lazareto, campo de concentración e fogar para orfos. A intención é “poñer en valor o patrimonio natural, paisaxístico e histórico do municipio a través do turismo”, si-

TU AUTOESCUELA EN REDONDELA

Paseo da Xunqueira, 39. B1

986 17 35 07

¡TE ATENDEMOS POR WHATSAPP SIEMPRE QUE LO NECESITES!

667 847 683

TAMBIÉN CLASES ONLINE

A tu ritmo y desde donde tú quieras...

PANADERIA

Vila dos Viadutos

886-297-047 **621-060-313**

Rúa Xeneral Rubín 23, 36800 Redondela

REPARACIÓN Y VENTA DE MOTOCICLETAS

TODAS LAS MARCAS

CTRA. DEL CAMPO DE FÚTBOL, 47 - REDONDELA

986 40 43 86

nala a alcaldesa Digna Rivas. Redondela forma parte da nova campaña turística “Única”, unha proposta que reivindica a singularidade, diversidade e autenticidade deste territorio de Galicia Sur situado entre o Suído, o Miño e o Atlántico. Este territorio ten identidade propia cun patrimonio natural e cultural excepcional, e cunha oferta turística que aposta pola calidade, a sustentabilidade e a experiencia auténtica. A campaña ‘Única’ é unha chamada a descubrir un destino que non se parece a ningún outro, onde cada visitante pode atopar unha experiencia persoal, próxima e inesquecible: natureza, patrimonio, gastronomía, cultura e tradicións.

Rivas destacou experiencias “únicas” que poden vivirse no municipio redondelán como kaiak pola enseada de San Simón, visitasr o cemiterio dos Eidos ou xoias admirar arquitectónicas do século XIX como son os viadutos de Madrid e de Pontevedra. Redondela cota tamén con grandes celebracións ao longo do ano como a Festa da Coca e as ancestrais danzas das Penlas e as Espadas, a Festa do Choco ou o Festival Internacional de Títeres, ademais dunha ampla e variada programación cultural.

O acto contou coa intervención de Sandra González, presidenta de Galicia Suroeste e alcaldesa de Tomiño, e Ánxela Fernández, representante institucional do Xeodestino, e Pedro Blanco, Delegado do Goberno en Galicia.

Redondela comparte este xeodestino de Galicia Sur cos concellos de Gondomar, Nigrán, Mos, Tui, Soutomaior, Tomiño, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, O Porriño, O Rosal, A Guarda. Baiona e Oia.



Alberte Román, Xestor cultural

A humidade que mata

opinión

Hai unhas semanas comezáronme a aparecer no timeline dunha rede social diversos vídeos con títulos do tipo “Como saber q estás numa casa tuga sem saber?”. Tuga é un xeito coloquial de dicir portuguesa, para quen non souber. Nas micropezas, as persoas comezaban a enumerar unha serie de ítems, tais como, na casa hai un deshumidificador, úsanse varios cobertores nas camas, a xente ten de vestir roupa de abrigo cando está no interior, hai varios produtos contra o barolo ou directamente, vai máis calor fóra do que dentro da casa. Se xa non había ben de evidencias do relacionamento histórico entre ambas marxes do Miño, velaí outra constatación de que malia levarmos varios séculos separados, a cultura galaico-portuguesa permanece. Alén da brincadeira, a verdade é que eses vídeos podían describir perfectamente o que se vive en grande parte das nosas casas. Evidenciase, sobre todo, en construcións anteriores aos anos setenta e oitenta.

Poderíase dicir que non ter resolto o problema da humidade é o fracaso da arquitectura, como disciplina, neste país. Que nun país como o noso non se teña propiciado unha arquitectura que dese solución ao problema da humidade é significativo. Si, chove, e chove moito, mais non somos a única zona do planeta onde se dan estas condicións, e noutros lugares teñen conseguido ter lares para vivir que ofrecen unhas condicións de confortabilidade que

aquí non se dan en grande parte delas. Alguén dirá que é cuestión máis de quen constrúe e do que se quere gastar. Sendo certo, obvia a responsabilidade de quen diseña e asina. No tempo vivido, padecín non poucos espazos de traballo onde a principal característica era a incomodidade de estar. Eran edificios públicos que parecían pensados para maior lucimento de quen asinaba a obra, mais que para quen alí tiña que estar traballando. Por desgraza, exemplos hai abondo. E non é frío, é unha sensación de humidade ambiental que paraliza. Durante décadas na Galiza o debate arquitectónico estivo centrado no controvertido termo do feísmo. Así, falábase máis de tixolos á vista que de como se vivía nese interior.

Segundo o IGE, o 30% das vivendas na Galiza presentan problemas de humidade. Unha porcentaxe alta, se temos en conta que a humidade está por tras de non poucas doenzas respiratorias. É curioso que nos centros de saúde, mentres as pantallas informativas si mencionan outras causas como orixe de problemas respiratorios, non fagan mención a como as condicións ambientais dunha vivenda poden estar na orixe de moitas desas doenzas.

Non podemos obviar que a humidade non nós afecta a todas por igual. A humidade sabe de clases

sociais. Quen a padece en maior medida son as camadas sociais máis vulnerábeis. En grande parte, ese parque de vivendas con problemas de humidade están no mercado de aluguer, e nesas condicións debería estar prohibido que puidesen ser alugadas. Ollemos cara Inglaterra, onde desde outubro pasado vigora unha lei que obriga os propietarios a actuar de urxencia ante problemas de humidade nas casas en aluguer. A lei, coñecida como Awaab’s law, marca obrigas e prazos para actuar. Por desgraza, o nome da lei fai referencia a Awaak Isaah, unha crianza morta en 2020 por causa da exposición prolongada ao barolo na casa que os pais tiñan arrendada. Na Galiza, a humidade como problema de habitabilidade e saúde está nas axendas políticas? Non vexo tal. Cumpre, pois, colocar a cuestión no debate social, e avanzarmos cara unha lexislación que protexa a nosa saúde, tamén nas casas.



**Temos os mellores peixes e mariscos
Especialidade: Chocos na súa tinta**



Avda Xeneral Rubín, 22 Redondela

986 40 09 72

Ara, Víctor e Noa: Desde Redondela e Vallecas ata a fin do mundo..

“Despois de ter estado en arredor de 50 países podo dicir que, en liñas xerais, a xente é extraordinariamente amable”

Ara, Víctor e Noa

Araceli é unha muller de Redondela de 43 anos de idade que aos 17 marchou a Madrid a estudar a carreira de xornalismo. Poucos anos despois coñeceu a un mozo de Vallecas, Víctor, que é a súa actual parella e pai da súa filla Noa, de oito anos de idade. Hai máis de dúas décadas, no ano 2003 comezaron un apaixonante periplo viaxeiro, sendo apenas uns rapaciños, que a día de hoxe lles levou a coñecer arredor de medio cento de países nos 4 continentes. Eles xestionan un blog de viaxes de enorme éxito “Esto no es lo que parece” que recentemente foi seleccionado para competir nos premios IATI, uns galardóns de enorme prestixio no universo da comunicación de viaxes.

Nós quixemos coñecer un pouco máis a Araceli e á súa emocionante vida e conversamos con ela. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa

Como chega unha moza de Redondela a vivir en Madrid e a viaxar por todo o planeta?

Eu nacín en Redondela, no ano 82. A miña familia materna e de Cesantes e a paterna de Reboreda. Estiven vivindo no meu pobo ata os 17, case 18, que foi cando vin estudar a Madrid.

Gustábache Redondela?

Si, encantábame. De feito volvo continuamente a visitar á miña familia e algún día pretendo volver vivir alí.

Estudaches xornalismo. Por que?

Sempre me gustou escribir, desde que era nena, e moi pronto tomei conciencia de que quería ser xornalista.

En principio vas a Madrid a estudar

a carreira pero xa quedaches a vivir alí?

Si, quedarme en Madrid foi motivado por unha suma de varias razóns: Gustábame moito o ambiente nocturno de Madrid, no 2003 coñecín a Víctor un rapaz de Vallecas que é a miña actual parella e tamén atopar traballo en Madrid era máis doado ca en Galicia.

Víctor, a túa parella, é con quen viaxas?

Si, viaxo con el. E desde que somos 3 na familia tamén coa nosa filla Noa.

A que te dedicas na túa vida profesional?

Traballei nunha axencia de prensa, tamén nunha empresa de turismo, ata



Araceli, Víctor e Noa

que quedei embarazada e decidín facerme autónoma no campo do marketing dixital. Entre esa actividade e a explotación do blog, gaño a vida.

Víctor en que traballa?

É deseñador gráfico.

Cando nace o blog “Esto no es lo que parece”, e por que?

Nace no ano 2013. En principio xorde grazas ás miñas gañas de escribir. Logo enfoqueino cara ás viaxes porque xa levabamos 10 anos viaxando e pareceume un xeito bonito de gardar as lembranzas e partillalas coas lectoras e lectores.

Vaia. Se comenzastes as viaxes no 2003 erades case case uns nenos

Pois si, eu tiña daquela 21 anos e Víctor 19

Miña nai. E con esa idade a onde ides?

Londres, París, Praga, Rusia..

Eu teño unha filla de 20 anos, máis ou menos a idade que tiñades Víctor e ti cando empezastes a viaxar.. Asegúroche que se coa súa idade me di que se vai a Rusia co mozo dáme un síncope...

Ha, ha, ha, ha.. Daquela a situación política non estaba tan perigosa como está agora

Ramos de flores personalizados
Eventos y defunciones
Entregas a domicilio



Telf: 622 614 006 - 646 030 005

Rúa Telmo Benardez, 2
(Redondela)

Flores Aym

floresam4954

Dende 1962 ó seu servizo

CONFITERIA



PASTELERIA ARTESANA

Casto Sampedro, 4
Teléfono 986 401 718
REDONDELA (Pontevedra)



RÚA ALFONSO XII, 23 - REDONDELA - 986 40 30 99



**STORES, CORTINAS
Y ALFOMBRAS
a medida**

**Presupuesto
sin compromiso**

**OUTLET
en las mejores marcas
de TEXTIL - HOGAR**

Desde que comezastes no 2003 sempre estivestes viaxando?

Si, todos os anos. Normalmente facemos 3 viaxes ao ano. Unha longa de arredor de dúas semanas e outras dúas algo máis curtas.

Facer tres viaxes ao ano non creo que sexa especialmente barato?

Non, barato non é. Pero con imaxinación e creatividade á hora de nos organizar pode levarse ben. Nós as reservas de billetes e aloxamentos sempre as facemos con moita antelación para que os prezos sexa o máis asumíbeis posibles.

Tes feita a conta de cantos países tes visitado?

Non, non o sei exactamente pero han de ser arredor de 50.

Algunha vez, en tantas e tantas viaxes, vivistes situacións de perigo potencial?

Ben, de perigo real penso que non. Pero situacións algo tensas e incómodas si. Que eu lembre unha vez en Cidade do Cabo, e outra no metro de Moscova.

As estacións de metro de Moscova teñen sona de ser preciosas

Abofé que si o son. E a cidade en si é moi bonita tamén.

Cal foi a viaxe máis longa que fixestes?

A Australia e á Polinesia Francesa.

Supoño que nin a Noa nin a Víctor nin a ti vos darán medo os avións?

A Víctor, si.

Vaia, pois que mal o debe pasar porque a viaxe a Australia deben de ser arredor de 20 horas de voo

Son 24 horas de voo. Ben, teño que dicir que xa o leva bastante mellor. Desde que naceu Noa a cousa vai bastante mellor.

Tendo estado en tantos sitios non debe de ser doado salientar algún que te parecera especialmente bonito?

Non é fácil, non. Estivemos en moitos

sitios fermosos. Pero eu teño os meus preferidos. Por exemplo en Europa un país que me pareceu espectacular é Islandia. Está ateigado de lugares bonitos en calquera curruncha da illa. Fóra de Europa creo que me quedo con Australia, Arxentina a costa oeste dos USA e Xapón.

Ti es a terceira viaxeira empedernida que entrevistado. As outras dúas persoas, que coma ti teñen percorrido unha morea de sitios do mundo, coinciden en que en liñas xerais a xente, sexa do sitio que sexa, é moi amable e sempre que pode bótache unha man. Ti estás de acordo?

Si, estou de acordo. En xeral, con pequenas excepcións, a xente adoita ser moi amable.

Que tal levades o das comidas?

Levámolo moi ben. Non é que nos dea medo experimentar pero con certos límites

Xa pero se estades por exemplo en Asia, non pedirás polbo á feira con pedimentos de Padrón ou choco de Redondela?

Ha, ha, ha, ha..Non, claro. Pero tampouco pediría cascudas ou grilos...Experimentar sabores novos si, pero con certos límites.

Cóntanos algo rechamante que vos puxeran de comer?

Pois por exemplo en Sudáfrica puxéronnos crocodilo. Eu non o probei, Víctor si que o comeu.

Houbo algunha comida que che sorprendera positivamente?

A comida xaponesa. Desde que a probei como moito Sushi.

E que che sorprendera en negativo?

Non me gustou nada o café árabe.

Fálame do blog

Nun principio a miña intención só era ir contando ás miñas experiencias. Aos poucos fun aprendendo márketing dixital e xa o fun facendo de forma máis profesional. Xusto antes da pan-

demia comezou a ir moi ben e aumentou significativamente o número de visitas. No ano 23 google decidiu deixar tirados a todos os blogs e eu deixei de escribir. Comecei a elaborar un podcast de viaxes que tivo moi boa acollida, google rectificou a súa política e o blog comezou a recuperar a o tráfico ata tal punto de que hoxe é unha das miñas principais fontes de ingresos.

Os premios IATI gozan de enorme prestixio no que se refire á comunica-

ción sobre viaxes. O teu blog foi seleccionado. Imaxino que sería un enorme orgullo?

Si, a gala de entrega foi o 23 de xaneiro. Foi no teatro Real do Retiro de Madrid. Non gañamos, pero, tendo en conta a cantidade de blogs de viaxe que existen, o feito de sermos seleccionados foi un enorme orgullo.

Cales van ser as seguintes viaxes?

A seguinte en semana santa. Iremos a Corea do Sur e a Doha

O PP de Redondela reitera a urxencia dun plan de mantemento de edificios municipais ante o deterioro, as pingueiras e as filtracións na maioría destas instalacións

Os populares lamentan que o bipartito leve anos sen investir en mantemento e que estea a incumprir o acordo plenario do pasado mes de abril, impulsado polo PP, para facer unha auditoría técnica do seu estado e destinar unha partida específica a conservación

A formación advirte da degradación dos inmobles e servizos do Concello e revela que hai graves problemas no conservatorio, os multiusos e as piscinas de Redondela e Chapela, os pavillóns de Chapela e Cabeiro, campos de fútbol, as pistas de pádel ou a Casa da Cultura

Redondela

O grupo municipal do PP de Redondela vén de reiterar a necesidade urxente de deseñar e executar un plan de mantemento e conservación dos edificios municipais ante o deterioro, as pingueiras e as filtracións, coa entrada de importantes cantidades de auga ao longo deste inverno, na maioría destas instalacións que pertencen ao Concello. "Practicamente todos os inmobles públicos de Redondela presenta na actualidade un estado lamentable, con numerosas deficiencias e desperfectos

e, sobre todo, con charcos e pequenas inundacións polas eivas que presentan as súas cubertas e estruturas tras anos de absoluto abandono. Deste xeito, estes edificios non cumpren axeitadamente as condicións que deben ter para prestar os servizos públicos coa calidade que merecen os redondeláns polo abandono e a deixación de funcións do executivo de Digna Rivas", explicou o voceiro municipal, Javier Bas.

Neste senso, os populares revelaron que a degradación, as pingueiras e a



María del Carmen Lago Pereira
Agente Exclusivo de Plus Ultra Seguros
nº reg. C0517360029735
sotoseguros@hotmail.com
Avda de Vigo, 234 - Bajo
36320 Chapela-Redondela (Pontevedra)
T 986 45 81 10 - M 672 213 497



TELEFONÍA MÓVIL Y TABLETS
INFORMÁTICA
ACCESORIOS Y CONSUMIBLES
EQUIPOS MULTIMEDIA
TLF: 986404192
email: redondela@tecnysat.es
Rúa Salgueiral, 13 bajo - REDONDELA



VISITA NUESTRA WEB Y
SIGUE TODAS LAS OFERTAS
Y NOVEDADES
BICICLETAS - ACCESORIOS
RECAMBIO - TALLER
FINANCIACIÓN

Estrada de Vigo, 14
36800 REDONDELA
630 229 438
886 112 219
info@hobbybike.es
hobbybike.es

HAIBIKE WINORA GHOST LAPIERRE
MELLOW MERIDA STEVENS



ÓPTICA TRAVESÍA
ESPECIALISTAS EN SAÚDE VISUAL E AUDITIVA

Vigo - Travesía de Vigo, 133 - Telfn: 986 37 22 42
Redondela - C/ Alfonso XII, 27 - Telfn: 986 40 48 68

presenza de graves problemas da tipoloxía máis diversa afectan ao conservatorio, os Multiusos de Redondela e Chapela, as dúas piscinas municipais públicas, os pavillóns de Chapela e Cabeiro, as instalacións dos campos de fútbol de Santa Mariña e A Gándara, as pistas de pádel ou a Casa da Cultura, por só citar aos máis afectados, pero estas eivas esténdense a practicamente a totalidade dos bens municipais “e máis que irán aparecendo”.

O concelleiro do PP responsabilizou exclusivamente desta situación ao goberno de Digna Rivas, posto que leva anos sen investir en materia de conservación malia que “estaba advertida de sobra polo noso partido” e incluso incumpre un acordo plenario do pasado mes de abril no que se aprobou unha moción do PP demandando unha auditoría técnica do estado de todos estes inmobles e a reservar dunha partida económica específica para a realización de obras que evitasen o seu deterioro. “Xa nos temíamos que non ían facer nada de nada, porque a nosa proposta aprobouse malia o voto en contra do PSOE e AER, pero está claro que non poden dicir que lles pillou de sorpresa. E daqueles polvos, veñen estes lodos”,



Vista do estado dun dos institutos

apostillou o edil popular.

Finalmente, Javier Bas advertiu que a degradación dos inmobles e servizos do Concello, acrecentada pola crueza dos temporais deste inverno, xa que sacaron á luz todas as súas deficiencias, é motivo de queixa e preocupación de milleiros de veciños que empregan diariamente estas instalacións, polo que reiterou a necesidade urxente de que o bipartito execute a proposta do PP e realice, tras seis anos e medio, a preceptiva labor de mantemento dos edificios municipais. “As pouquísimas veces que este goberno acerta e cando rectifica e nos fai caso”, concluíu o voceiro.

O Concello de Redondela, a través da Concellaría de Medio Ambiente que dirixe Alberto Álvarez, promove a compostaxe a través dun servizo de préstamo gratuito de biotrituradoras. Esta iniciativa reforza a aposta do Goberno local pola sustentabilidade e a economía circular, facilitando á veciñanza as ferramentas necesarias para a xestión de residuos orgánicos. O obxectivo principal



Alguns restos das podas

é que veciños e veciñas que teñan restos vexetais poidan triturar ramas de ata 4 centímetros de diámetro para xerar “estruturante”, un material esencial para o proceso de compostaxe. A alcaldesa, Digna Rivas, subliñou a importancia desta medida para “contribuír á mellora da calidade ambiental e á redución de custos no tratamento dos residuos sólidos urbanos”. Con este servizo, o Concello busca non só facilitar o mantemento das fincas particulares, senón tamén converter os restos de poda nun recurso valioso para a terra, evitando que rematen no colector de lixo convencional. De feito, depositar restos de poda e xardinaría nos colectores de lixo convencional está prohibido pola ordenanza municipal. Esta práctica considérase

unha infracción que pode derivar en sancións económicas.

As persoas interesadas poden solicitar o préstamo da biotrituradora a través da web oficial do Concello, na sección de Medio Ambiente, ou ben facelo de xeito presencial nos rexistros de Redondela ou Chapela.

As dúas biotrituradoras dispoñibles contan cun motor eléctrico de 3 HP de potencia e unhas dimensións de 60x100x100 cm. Están equipadas con coitelas desfibriladoras para produtos leñosos e martelos móbiles para follas e sebes, cunha capacidade de produción de 1 metro cúbico por hora. Unha vez feita a solicitude, os usuarios reciben as instrucións necesarias para poder empregar esta ferramentas sen problemas.

Redondela fomenta a compostaxe co préstamo gratuito de biotrituradoras

O Concello de Redondela, a través da Concellaría de Medio Ambiente, conta cun servizo de préstamo gratuito de biotrituradoras. Esta iniciativa reforza a aposta do Goberno local pola sustentabilidade e a economía circular, facilitando á veciñanza as ferramentas necesarias para a xestión de residuos orgánicos.

Redondela

O Concello de Redondela e o sector do taxi acordan un servizo 24 horas para todo o municipio

O colectivo de taxistas garante a cobertura os 365 días do ano. A medida reforza a mobilidade nos centros urbanos de Redondela e Chapela así como nas diferentes parroquias. en todas as parroquias cunha frota total de 56 vehículos. O servizo estará dispoñible as 24 horas no teléfono de Radio Taxi 986 68 68 68. Dende o Concello valorouse moi positivamente a

+ 34 667 709 495
@PELUQUERIAGUAU

GUAU
SALÓN PELUQUERÍA CANINA

C/ SALGUEIRAL Nº1
BAJO 5 REDONDELA
PONTEVEDRA 36800

EL MEJOR CUIDADO
PARA TUS MASCOTAS!



MEDIADOR DE SEGUROS - Asesorando desde 1960

Agencia Exclusiva AXA


Rúa Reveriano Soutullo 23, Bajo - 36800 Redondela

Tfno.: 986 400 842 604 00 33 46

bullomediacion@agencia.axa.es



687 612 774 · 677 513 604
info@nietoconstrucciones.com



“vontade de diálogo e o esforzo profesional” dos taxistas.

A alcaldesa, Digna Rivas, salientou que esta colaboración público-privada é “fundamental para garantir un transporte de calidade nun municipio tan disperso como o noso”, lembrando que iniciativas previas como o transporte escolar en taxi xa demostraron o éxito deste modelo de traballo.

Redondela

O Concello de Redondela e os representantes do sector do taxi veñen de pechar un acordo estratéxico para garantir a plena dispoñibilidade do servizo público de transporte en todo o termo municipal. Grazas a este compromiso o colectivo comprométese a ofrecer servizo as 24 horas do día, os 365 días do ano, atendendo de xeito efectivo tanto os centros urbanos de Redondela e Chapela como as diferentes parroquias. O servizo estará dispoñible no teléfono de Radio Taxi 986 68 68 68.

Este acordo busca dar resposta ás demandas históricas de mobilidade da veciñanza, asegurando que calquera persoa poida dispoñer dun taxi en calquera momento, independentemente do punto do municipio onde se atope. Para acadar este obxectivo, os 56 taxistas que operan no Concello coordinarán as súas quendas para cubrir as franxas nocturnas e os festivos, reforzando así a seguridade e a conectividade local.

de local.

Pola súa banda, o Goberno local asumiu o compromiso de levar a pleno a actualización das taxas do servizo. Esta revisión tarifaria é unha das reivindicacións do sector para facer fronte ao incremento do IPC e garantir a viabilidade económica da frota, que non viu actualizados os seus prezos nos últimos anos.

Dende o Concello de Redondela valorouse moi positivamente a “vontade de diálogo e o esforzo profesional” dos 56 taxistas que compoñen o servizo. A alcaldesa, Digna Rivas, salientou que esta colaboración público-privada é “fundamental para garantir un transporte de calidade nun municipio tan disperso como o noso”, lembrando que iniciativas previas como o transporte escolar en taxi para os institutos xa demostraron o éxito deste modelo de traballo. Con esta medida, Redondela sitúase á vangarda na xestión do transporte público local.



Os poemas de Mar Míguez

Prendían no fondo da ialma



Prendían no fondo da alma
seiz cravos, un sentimento,
e gra tan forte o abrazo
que non fuxía nin o rlxento.

Prendidas no silencio da noite
palabras que non se dixeron,
calaron e bicaron ao orgullo
que deixou o corazón morrendo.

Prendéron os teus ollos a pomba
que levaba florinas no peteiro,
voo libre e despreocupado
dibuxando o camiño senlizo.

Prendéron as miñas mans con cadzas
e fzechos zmborrallados e tortos
e ficaron os candados da ausencia
custodiando o corazón morto.

Prendeu nas zspiñas da rosira
un futuro no que ti non estabas
e saíu e volveu a brillar aquel sol
que libre me bicaba na cara.

O grupo Casa Paco 81 contra o Cancro

Os de Manolo Conde co gallo da semana de loita contra o cancro luciron brazaletes para visualizar a semana de loita contra o cancro neste caso acompañados pola mocidade de Arbo e de Coruxo, sumamos pois ao seu lema “Deporte, convivencia e amizade” a palabra solidariedade.



O Concello de Soutomaior denégalle a subvención municipal ao club de petanca Arcade

“Estamos moi decepcionados co Concello, tanto é así que valoramos seriamente deixar Arcade e irnos a Ponte Sampaio”

Jesus Pérez Alonso, membro do club Petanca Arcade

Nos oito anos de vida do club de petanca Arcade sempre percibiron unha subvención municipal, importante para a xestión do día a día do club. Pero este ano por vez primeira foilles denegada polo Concello. Falamos cun dos membros deste equipo de petanca, que amosa a súa decepción co goberno municipal por este feito, que eles entenden inxusto, pola suposta pouca consideración do Concello cara a un club da localidade que gaña trofeos importantes, e polo, ao seu xuízo, mal estado do campo de xogo.

Cantos anos de vida ten o club?

Constituído como club ten oito anos. Pero en realidade levamos máis de 15 xogando.

Que competición disputades?

Xogamos a liga de Pontevedra. O ano pasado fomos campións de liga e campións de copa.

Onde xogades e adestrades?

Nuns campos de petanca municipais situados no lugar de Cagazó a carón do río. Estivemos xogando en varios sitios ata que fixeron eses campos e xa nos instalamos alí.

Como vos financiades?

Nós pagamos unha cota de socio e a subvención do Concello tamén era moi importante para nós. Por desgraza este ano non a imos cobrar.

Canto tempo levabades cobrando esa subvención municipal?

Desde que está o club constituído.

Entón esta subvención tédela cobrado tanto co anterior goberno do alcalde Agustín Reguera, como co actual do alcalde Manuel Lourenzo?

Si, cobrámosla desde que constituímos o club. Coincidiunos nos últimos anos do anterior alcalde e nos primeiros do actual.

Cal foi a última que cobrades?

A que solicitamos a finais do 24 e que cobramos no ano 25. A que solicitamos no 2025, que sería para cobrar no actual 2026, denegáronnola.

É unha subvención importante?

A cantidade é pequena, son arredor de 800€, pero para nós é moi importante, si, porque contamos con eses cartos para costear o material necesario para a práctica do noso deporte.

Por que motivo foi denegada?

Porque existen que todas as facturas subvencionables sexan abonadas por transferencia bancaria e débese achegar os xustificantes desas transferencias. Nós eso non o sabiamos e temos algunhas facturas que si pagamos por transferencia, pero hai varias que son pequenas e abonamos en efectivo. Entón destas últimas podemos achegar a factura por suposto, pero non o xustificante de transferencia porque non a pagamos por transferencia.

Cales son as facturas que vos subvencionan?

Todo o que compramos para o club.

Entón, imaxino que vos denegarían só as facturas das que non achegastes o xustificante da transferencia bancaria?

Non, denegaron a subvención completa.



O equipo recibindo os trofeos do dobrete

E cal é a vosa opinión ao respecto?

Pareceunos moi mal. Deberían, entendemos nós, ternos avisado antes para poder cumprir ese requisito.

Non vos mandaron ningún requirimento dándovos un prazo para emendar as incidencias?

Si, déronnos 15 días. Pero era imposible de solucionar a posteriori porque esas facturas xa estaban pagadas

Este requisito da obrigatoriedade do pago por transferencia bancaria das facturas subvencionables é unha novidade desta convocatoria, ou xa aparecía en convocatorias anteriores?

Non o podo asegurar, pero supoño que será novo porque nas convocatorias anteriores tamén presentamos facturas pagadas en efectivo e nunca tivemos ningún problema para cobrar a subvención. Non o tivemos nin co anterior alcalde nin co actual. A nós parécenos moi mal esta situación. Entendemos que o Concello debía de ter actuado de maneira moito máis transixente. Consideramos que o goberno municipal debe de ter un mínimo de consideración cara a un club que leva o nome de Arcade por Galicia adiante.

Non ten ese mínimo de consideración?

Home, pois cando gañamos os trofeos que gañamos nin tiveron nin sequera a delicadeza de chamarnos para recoñecernos.

Vaia, non recibistes nova algunha do Concello despois de terdes gañado a liga e a copa de Pontevedra?


Non. E é aínda peor. Nós mandámoslle as fotografías cos trofeos e quedaron de vir onda nós. E non apareceu ninguén. Por outra parte o mantemento das instalacións é moi deficiente: Hai bancos esnaquizados, temos un contedor que deixou o Concello que gotea auga de seguido. Nós estamos fartos de dicirllle e non fan nada para pórllle solución. Tal é a nosa desilusión que estamos valorando tomar unha decisión drástica.

Cal?

Estamos pensando seriamente a posibilidade de levar o club de Arcade e pasarmos a domiciliarnos en Ponte Sampaio.

Estades tan decepcionados co Concello?

Si, si que o estamos. Pola súa parte todo son moi boas palabras pero nada ten que ver coa realidade dos feitos.



Desde 1996
con moito gusto

**Avda. Redondela, 35
Chapela**



Nova xerencia

Troncoso, Trancoso e o rei Don Dinís de Portugal

Por *Alberte Reboreda*

O pasado domingo, 1 de febreiro, celebrouse no barrio do San Pedro a terceira edición da Festa do San Brais, organizada pola Asociación Cultural Penedo das Pedras e o Concello de Mondariz Balneario. A propósito dela línos medios de comunicación que os manxares que alí se serviron (castañas cocidas con cacheira e chourizo) xa eran degustados polo rei Don Dinís de Portugal (1261-1325), en referencia á suposta voda que o tería unido á Raíña Isabel de Aragón na capela de Troncoso, barrio do concello de Mondariz ata o ano 1924.

Este falso histórico xorde no ano 1917, data da publicación dun artigo anónimo na revista Mondariz, dando por certa a voda en Trancoso (Mondariz) destes dous monarcas. Desde entón esta invención –que non lenda– sen base histórica algunha tense repetido en múltiples ocasións sen

lugar de Troncoso (hoxe Mondariz Balneario).

Tan suxés6va era a idea de que esta voda histórica 6vесе lugar nas proximidades do Balneario de Mondariz, que Enrique Peinador Lines, fillo do fundador da vila de augas, pretendeu que as

vidreiras da Fonte da Gándara, “representasen la boda del rey portugués D. Dinís con la infanta Isabel de Aragón, la «rainha santa», en Troncoso”, afirma Pérez Sánchez (2005) na súa tese de doutoramento. As dificultades económicas impediron esta e outras pretensións do proxecto orixinal, redactado por Antonio Palacios.

A figura de Isabel de Aragón ou de Portugal, que peregrinou a Sanfago desde Coimbra en dúas ocasións, interesou tamén a Ramón Cabanillas, responsable da revista Mondariz e do semanario La Temporada en Mondariz entre 1922 e 1929. Con todo, o poeta de Cambados nunca ousou relacionar á “Rainha Santa” coa capela de Troncoso de Mondariz Balneario, co castelo de Sobroso ou co santuario da Franqueira xa que, ata hoxe, non se coñece documentación histórica que o acredite.

Os meus parabéns aos organizadores –en particular a Luís Bouza– por recuperar unha festa popular tan entrañable que non necesita de boatos nin infundios históricos para xustificarse a súa celebración.



O Imperialismo, inimigo da humanidade

opinión

Pedro Cortegoso, traballador do SERGAS

Hoxe podemos emendar estas palabras do Che e dicir que todos os pobos do mundo temos o mesmo inimigo. Un inimigo, o Imperialismo, do que non nós podemos fiarnos ni un "tantito así".

Estes días o Imperio está actuando simultaneamente por todo o planeta. Non podemos separar o que acontece en Venezuela das revoltas orquestradas pola CIA e o Mossad en Irán, como tampouco do recente intento de golpe de estado organizado pola Franza en Burkina Faso ou da guerra na Ucraína da OTAN contra Rusia.

As ameazas contra Cuba, acompañadas dun brutal bloqueio, Nicaragua, Corea do Norte ou calquera outro país que non se digne acatar os ditados imperiais son un condicionante para o libre exercicio da soberanía.

As "revoltas" en Irán non teñen nada que ver coa situación económica, están organizadas por "occidente" para derrocar un país que non se somete, como fixeron con Iraq ou Siria, e pola súa alianza con Rusia e China. A estas alturas alguén pode crer que a ese "occidente" criminal lle preocupan os dereitos humanos, a situación das mulleres, a democracia? Que llo pregunten aos Palestinos.

Trump deixouno claro, queren o petróleo e todos os recursos naturais do mundo.

Cando falamos de Imperio non es-

"Ningún pobo de América Latina é débil, porque forma parte dunha familia de douscentos millóns de irmáns que padecen as mesmas miserias, albergan os mesmos sentimentos, teñen o mesmo inimigo, soñan todos un mesmo mellor destino e contan coa solidariedade de todos os homes e mulleres honrados do mundo."

Ernesto Che Guevara

tamos referíndonos a un presidente bufón que solta barbaridades e non agocha as súas intencións. Trump, como Baiden ou Obama, só representan un papel ao servizo do capital que move os fíos imperiais. Tan criminais son uns como os outros. Desde o nacemento dos EEUU sempre estiveron metidos en guerras coloniais. Primeiro cos nativos americanos e despois contra o resto do mundo, para colonizar e espoliar recursos.

A diferenza é que neste século XXI estamos ante un Imperio decadente que ve como pouco a pouco perde influencia no mundo, e tenta evitar esa situación do peor xeito posíbel. EEUU ten unha débeda que non pode pagar, e que aumenta día a día, está desindustrializado e necesita importar, pese a ser un dos maiores produtores, miles de barrís de petróleo diarios.

Os EEUU quedaron relegados economicamente a unha segunda posición. China é hoxe a principal potencia económica, os BRICS representan unha porcentaxe de poboación e de

movemento económico que non está ás ordes de EEUU. O dólar vai perdendo influencia nas transaccións comerciais mundiais.

A aguia imperial non se resigna a morrer con tranquilidade, non asume que uns novos tempos son chegados. Quitou a careta e agora ameaza, bombardea e secuestra presidentes sen necesidade de falsos argumentos. Queremos o petróleo!

A Unión Europea é hoxe o mellor vasalo dos EEUU.

Despois da segunda guerra mundial os países que conforman o núcleo duro da UE quedaron ocupados militarmente e convertéronse en neo-colonias dos EEUU. Desde aquela perderon a súa soberanía, son estados sometidos sen independencia política, económica e militar.

A Unión Europea non deixa de ser un instrumento ao servizo da dominación política e económica dos pobos para satisfacer os intereses dos grandes fondos de inversión que moven os fíos dos gobernantes da UE.

O exemplo máis claro témolo no conflito con Rusia. A UE desde un primeiro momento obedeceu os ditados de Washington e participou activamente na infiltración e posterior golpe de estado en Ucraína. Alentou a belicosidade dos nazis que están no goberno de ese país, calando ante as masacres e bombardeos da poboación civil. Están gastando miles de millóns de euros que saen dos nosos petos en armamento para que continúe a guerra contra Rusia.

Estamos ante un reparto de papeis. O amo Yanki quere tomar posesión

dos seus "dominios" Americanos (incluída Groenlandia), pois necesita os seus recursos naturais, mentres a UE coa Gran Bretaña continúa a guerra contra Rusia. As discrepancias sobre Ucraína son puro teatro. Non nós enganemos, é unha guerra da OTAN, do occidente colectivo, contra Rusia para continuar despois o enfrontamento con China.

Hoxe a UE lévanos ao abismo da guerra total dilapidando recursos económicos en armamento, mañá, cando xa non queden ucráinos que empuñen as armas, teremos que ir nós a combater contra unha potencia nuclear.

Venezuela o primeiro acto da nova era Imperial.

Nin Venezuela é un narco-estado, nin Maduro é un ditador sanguinario. Neste país realizáronse moitos procesos electorais con distintos resultados, o problema está en que eses resultados non son os que quere EEUU. O goberno venezolano combate o narcotráfico e a produción de drogas no seu territorio, como de feito reconece a ONU. A droga, a cocaína, chega a EEUU desde outros países aliados sen ningún tipo de obstáculo. Que lle pregunten á DEA como funciona ese negocio, como é de lucrativo, e como empregan a droga como instrumento de control social.

Venezuela é un estado soberano, ese é o problema. Un estado que quere decidir sobre o seu petróleo e os seus recursos naturais, que decide a súa forma de gobernarse, que mantén relacións económicas e de amizade con China, con Rusia, con Irán, con Cuba.

Poden adubalo con relatos sobre opositores, dicir que é unha ditadura, que Maduro é un narco, hoxe esas mentiras xa non enganan a ninguén. O lamentábel é que xente, que teoricamente está "informada e formada" compre o relato que nós quere vender o goberno Trump sobre a intervención en Venezuela e os acontecementos posteriores.

BAR UMIA

-TAPAS Y BOCADILLOS-



Almuiña, 14 | Tel. 986 88 13 43 | 36900 MARÍN (Pontevedra)

MARINER
Fuorabordas

YANMAR
marine

QUICKSILVER

CM

BLACK
FIN

VALIANT
RIGID INFLATABLE BOATS

GONBELA

Distribuidor Exclusivo

MERCURY
MerCruiser

WALKER BAY



Avenida de Ourense, 50 - Marín

Telf. tienda: 986 88 39 31- Fax: 986 88 00 95

Telf. nave: 986 70 32 14 - Móvil: 666 45 00 95

gonbelventas@gonbelmar.es

WWW.gonbelmar.com

Seixo, a parroquia que empurra mentres o Concello mira para outro lado

por **Aarón Franco**



Hai unha hora do día ,entre o café e a primeira compra, na que Seixo se delata a si mesma: non é só unha parroquia, é un nó. Unha bisagra entre o Marín máis urbano e o rural que sostén, en silencio, parte da vida cotiá do concello. A xente pasa, cruza, detense un intre, e segue. A PO-551 marca o ritmo do tráfico e tamén o das promesas. Aquí, onde todo parece estar “preto”, a distancia real mídese doutra maneira: en beirarrúas que non chegan, en servizos que minguan, en parques que se deterioran e en decisións políticas que, unha e outra vez, colocan o rural ao final da lista.

Seixo, por potencialidades, non vai escasa. Ten tecido social, ten cultura viva, ten comercio de proximidade e unha posición estratéxica que podería convertela nun espazo amable para vivir e camiñar. Ten memoria e tamén futuro: litoral e interior a poucos minutos, accesos que conectan, un patrimonio espallado que podería artellar rutas, identidade, actividade. Porén, leva anos instalada nesa categoría que os gobernos municipais do Partido Popular de Marín manexan con habilidade: a do territorio “atendido” a base de parches, fotos e notas de prensa. O resultado é un Seixo que empurra coas súas asociacións, co seu voluntariado e coa súa paciencia mentres o Concello administra o abandono con sorriso institucional.

Cultura que sostén máis do que debería.

Unha das fortalezas máis evidentes é a súa vida cultural organizada. O Grupo Cultural Ronsel leva tempo facendo o que tantas veces non fan as institucións: crear comunidade e ofrecer programación, tradición e actividade. Entroidos, encontros, iniciativas que funcionan como un “arquivo do común”, unha forma de dicir: “estamos aquí, existimos e facemos”.

O relevante non é só o calendario de actos. É o que revela: cando unha parroquia depende tanto da musculatura das súas asociacións para manter a vida pública, algo falla na escala municipal. A cultura, en Seixo, aparece como resistencia e como substitución. Resistencia, porque persiste. Substitución, porque ocupa ocos que deberían estar garantidos por políticas públicas de barrio e parroquia: espazos coidados, equipamento actualizado, accesibilidade, mantemento, coordinación estable.

E aí entra outro síntoma, aparentemente menor, pero moi elocuente: a



contorna da Casa de Cultura de Seixo estado das árbores, encargado polo e a necesidade dun estudo sobre o Concello á Estación Fitopatolóxica do

Areiro. A noticia institucional existe e soa correcta: estudo técnico, prevención, xestión. Pero no día a día, o que moita veciñanza le é outra cousa: o mantemento chega tarde, e case sempre cando hai unha alerta, unha queixa ou un risco. En vez dunha política continuada de coidado do espazo público, hai unha administración de urxencias.

O parque infantil como metáfora

Se alguén quere entender o abandono sen entrar en discursos, abonda con mirar cara ao parque infantil de Seixo cando aparecen as queixas: sucidade, acumulación de excrementos, mobiliario deteriorado, sensación de insalubridade. Non é unha denuncia abstracta: é política municipal en forma de columpio estragado.

Porque un parque infantil non é só un parque: é unha declaración de prioridades. Se un goberno local non garante limpeza e seguridade nun espazo destinado á infancia, que está dicindo sobre o resto? Que o rural pode esperar. Que a conservación é secundaria. Que a xestión se activa

TALLERES HERDASA
MECÁNICA · ELECTRICIDAD · NEUMÁTICOS
ESPÍRITU SANTO 20, 36940 CANGAS
986 30 09 56
TALLERESHERDASA@HOTMAIL.COM

PENEIREIRO
Taller Automoción
C/ Camiño Vello nº 5
36913 Seixo - Marín
Pontevedra
Tels: 986 703 485 - 629 160 912
talleres_peneireiro@outlook.com

MIRANDA
LIBRERÍA
en BUEU, onde ía ser?
Rúa Pazos Fontenla 35
Bueu - Pontevedra
Tel/Fax: 986 320 504
libreriamiranda@yahoo.es
f Librería Miranda Bueu

Cando recuperar a saúde é o máis importante

Fisio LOIS
terapia
REXCE nº C-36-001963



986 89 10 89

www.fisiolois.es



604 03 51 89

En Marín, Avenida de Ourense 44 - Interior da praza Centro Morrazo (loais 7 e 8)

cando hai ruído, non antes.

E cando isto se repite, a “incidencia” convértese en patrón: arranxos puntuais, intervencións de maquillaxe, promesas que se anuncian como se fosen transformacións. No balance, a veciñanza aprende a ler entre liñas: non hai un plan, hai unha resposta. Non hai modelo de parroquia, hai supervivencia.

Mobilidade: unha senda non fai un proxecto

Nos últimos anos, Seixo foi escenario dunha intervención que, sobre o papel, encaixa coa idea de modernización: a senda peonil e ciclista na PO-551 entre Bagüín e Seixo, anunciada e presentada pola Xunta, con detalle de metros, anchuras e solucións técnicas.

A senda é útil, si. Pero tamén serve para ilustrar que o que chega con forza vén doutras administracións, e non dun proxecto municipal integral para Seixo.

De feito, a oposición sinalou problemas derivados das obras na PO-551, falando de fendas e deficiencias á altura do Pazo de San Brais e demandando actuacións e control. É dicir: a infraestrutura aparece, pero a xestión local do Partido Popular non lidera un modelo de mobilidade amable, nin unha estratexia de calmado do tráfico, nin unha reordenación pensada desde a vida da parroquia. A PO-551 segue mandando. E cando manda unha estrada, manda o coche. Quen non conduce (nenos, maiores, persoas con mobilidade reducida) queda de novo nas marxes.

Un estilo de goberno: moito anuncio, pouca parroquia.

O Partido Popular en Marín leva anos gobernando con maioría e cunha lóxica moi recoñecible: centralidade do casco urbano e xestión do rural como espazo electoralmente útil, pero estruturalmente secundario. A oposición leva tempo acusando o goberno de gobernar “de costas” aos problemas, e mesmo desde opinión publicada se recolle esa tensión permanente tras as eleccións de 2023 e a revalidación da maioría absoluta.

Hai quen defenderá que “Seixo recibiu investimentos”: que a senda é investimento, que a Casa de Cultura funciona, que hai actividades, que se fan actuacións. Pero a pregunta xornalística non é se hai algo, senón se hai o suficiente e se hai un plan. A

pregunta é por que moitas das melloiras que se notan na vida diaria chegan pola iniciativa asociativa ou por actuacións doutras administracións; e por que o Concello, con capacidade de gasto e planificación, non formula unha estratexia global para as parroquias.

O parque infantil con queixas por insalubridade non é un accidente: é unha síntese. O mantemento que vai a rebufo, tamén. A mobilidade pensada como treitos soltos, igualmente. A falta dun proxecto de “centro parroquial” (espazos de encontro, itinerarios seguros, zonas verdes coidadas, equipamentos deportivos en condicións, programación estable e non dependente do voluntariado) é o que define o abandono contemporáneo: non é que non pase nada; é que non pasa o que debería pasar.

As potencialidades de Seixo: a cunca do Loira e as súas praias.

Seixo podería ser unha parroquia modelo do Marín do século XXI: un lugar onde vivir sen renunciar a servizos, onde a infancia teña espazo público digno, onde a mobilidade a pé non sexa un deporte de risco, onde a cultura non teña que tapar buratos, onde o comercio local se sinta respaldado e onde o rural deixe de ser sinónimo de espera.

Ten condicións: posición xeográfica, identidade e tecido social. Ten un capital comunitario que non se improvisa: asociacións que programan, xente que organiza, veciñanza que se mobiliza por sanidade e por calidade de vida. O que non ten é acompañamento político á altura dese capital por parte do goberno municipal.

A cunca do Neibó-Loira é o curso fluvial máis relevante do concello e un corredor natural que conecta a parte alta do territorio coa súa desembocadura na praia de Loira. Ese eixo non é só natureza, é tamén patrimonio etnográfico, unha rede de muíños, canles, presas e lavadoiros que testemuñan séculos de economía e vida comunitaria. O Grupo Cultural Ronsel fala de máis de cincuenta muíños espallados por toda a cunca, dende as zonas altas ata o tramo final.

O problema é que ese patrimonio permanece, en boa medida, fóra de calquera estratexia seria de posta en valor. Hai roteiros coñecidas que pasan por muíños “máis ou menos restaurados” xunto a outros claramente

abandonados, unha descrición que encaixa co que ve calquera persoa que percorra o río: estruturas derrubadas, vexetación invadindo canles, accesos mal coidados e sinalización inexistente ou insuficiente. Mesmo hai anos que se constata publicamente o valor do trazado para amosar muíños, presas e canles a ambas marxes, sen que iso se traducise nun plan municipal estable.

O máis revelador é que a defensa do río recae, unha e outra vez, no voluntariado: Ronsel leva convocando limpeza e accións ambientais para retirar lixo e chamar a atención sobre a degradación. Se o Concello e a alcaldesa queren falar de “potencialidades”, aquí teñen unha das máis claras: un itinerario fluvial e patrimonial que podería ser educación ambiental, turismo sostible e orgullo local. Pero mentres non haxa investimento, mantemento e protección real, o Loira seguirá sendo un recurso excepcional... tratado como un fondo de pantalla.

Se hai un elemento que resume con claridade o paradoxo de Seixo é o seu litoral. As praias da parroquia constitúen un dos maiores activos naturais do concello de Marín. Non só polo seu valor paisaxístico e ambiental, senón tamén polo seu potencial social, económico e turístico. Porén, ese potencial segue sen traducirse nun proxecto público coherente impulsado desde o goberno municipal.

As praias de Seixo combinan accesibilidade, abrigo natural e proximidade ao núcleo urbano, unha combinación pouco habitual que permitiría desenvolver un modelo de litoral pensado para o uso cidadán durante todo o ano, non só na tempada estival. Espazos para o paseo, a práctica deportiva, a educación ambiental ou a dinamización cultural ao aire libre poderían converter este tramo costeiro nun eixo

vertebrador da parroquia e do propio concello. Con todo, o que existe hoxe é unha xestión fragmentada, centrada no mínimo imprescindible: limpeza estacional, servizos básicos no verán e escasa planificación a longo prazo.

Non hai unha estratexia clara que ligue o litoral de Seixo coa mobilidade sostible, co comercio local ou coa vida cultural da parroquia. Tampouco se percibe unha aposta decidida por integrar as praias nun modelo de turismo responsable que xere actividade económica sen degradar o entorno. A sensación é que o Concello se conforma con que as praias “estean aí”, funcionando por inercia, sen asumir que poderían ser unha das grandes columnas dun Marín máis equilibrado territorialmente.

Nun contexto de emerxencia climática e debate sobre o uso público da costa, a falta de ambición política sobre as praias de Seixo non é só unha oportunidade perdida: é unha irresponsabilidade.

Un goberno municipal con ambición faría de Seixo un eixo real: plan de mantemento preventivo e transparente; auditoría de espazos públicos; mapa de puntos negros de seguridade viaria; programas de dinamización comercial e cultural con recursos; aposta por itinerarios peonís internos (non só na estrada autonómica); coordinación seria coa Xunta e coa Deputación para obter financiamento pero, sobre todo, para encaixalo nun proxecto propio.

O goberno do PP, en cambio, parece cómodo nunha fórmula de rendemento curto: actuar onde se ve e onde dá foto, e deixar que o rural se autoorganice. E cando o rural se autoorganiza demasiado (cando protesta, cando reclama, cando se planta) entón o goberno responde, pero non sempre resolve.

BAR PLAZA CANGAS Rúa Méndez Núñez, 27 - Cangas



AGRICOLA SEIXO
PIENSOS NUDESA

- PATATAS DE SIEMBRA
- CEREALES • ABONOS
- AVES • PLÁSTICOS
- SEMILLAS • FRESAS

Dtor. Otero Ulloa, 62 - SEIXO Teléf.: 986 704 102

O que queda ao final do día.

Ao caer a tarde, Seixo volve ao seu xeito: xente que recolle, luces que acenden, coches que pasan... A parroquia segue funcionando porque a vida é teimuda. Pero esa teimosía non pode ser o plan urbanístico nin o plan social dun concello.

A crónica de Seixo non é a dun lugar derrotado. É, precisamente, a dun lugar que resiste mellor do que lle corresponde. E iso é o máis duro: que o seu maior

valor, a comunidade, sexa tamén o colchón perfecto para que o Concello xustifique o abandono. Mentres a veciñanza tire, parece que non pasa nada. Ata que pasa. Seixo ten moitísimas potencialidades. O que non ten é un goberno local que as trate como prioridade política. E mentres Marín siga gobernado como se as parroquias fosen anexos e non co-razón, Seixo seguirá sendo ese nó onde todo pasa... excepto o futuro que lle debe.

Morre Xesús Alonso Montero



cera na cidade olívica en novembro de 1928. Don Xesús era un dos intelectuais máis importantes da Galicia contemporánea, de feito chegou a ser presidente da RAG entre os anos 2013 e 2017. Na súa longa vida cultivou todo tipo de xéneros literarios amosando nas súas páxinas dúas características significativas en toda a súa obra literaria: O compromiso social cos máis desfavorecidos, e o amor a Galicia. Don Xesús non era nacionalista, mesmo ten mantido leas importantes con destacadas figuras do nacionalismo galego. Pero tamén se pode querer moito ao noso país sen ser nacionalista como era o caso de Alonso Montero. O que si era o intelectual falecido era comunista. Foi moitos anos militante do Partido Comunista de Galicia. Non se debe falar da súa figura sen ter en consideración a súa faceta política, pois Xesús Alonso Montero foi un ser político desde o principio ata a fin da súa vida. Ao meu xuízo os panexíricos á súa produción intelectual son en verdade moi merecidos, pero os que prescinden da parte política da súa vida son manifestamente incompletos. Xesús Alonso Montero foi escritor e tamén foi político.

O pasado 12 de febreiro finaba na cidade de Vigo Xesús Alonso Montero aos 97 anos de idade. O vello profesor na-

Asemade foi profesor. Eu tiven a fortuna de ser o seu alumno na Universidade de Santiago alá polos anos 90 do século pasado. E foi un dos mellores profesores que tiven nunca: lúcido, divertido, erudito, cordial e profundamente humano. Na súa figura converxían unha extraordinaria erudición cunha moi agradable simpatía. Lembro con especial cariño unha brincadeira que de cando en vez gastaba aos seus alumnos e alumnas nas súas clases. Era algo parecido a isto: "Vostedes van ter a fortuna de poder dicir que foron alumnos dun home ao que algún día lle dedicarán as letras galegas". Estou seguro de que vai ser así, e abofé que me encantaría poder vivir o suficiente para chegar a velo. Antes de me despedir quixera dedicarlle algún dos versos que a el tanto lle gustaban e que fosen apropiados para describilo como ser humano. Non é fácil, pero creo que estes fermosísimos de Blas de Otero son moi apropiados:

"Solo está el hombre. ¿Es esto lo que os hace gemir? Oh si supieseis que es bastante.

Si supieses bastaros, ensamblaros.

Si supierais ser hombre, sólo humanos...."

Creo que o vello profesor si que o sabía, ser home, só humano.

Don Xesús chegou a vello cunha saúde en aparencia extraordinaria, aínda conservaba a mobilidade e autonomía suficientes para ir dando un paseo pola rúa Venezuela de Vigo desde a súa casa ata á da súa filla onde adoitaba ir xantar. De cando en vez coincidíamos e lembrabamos tempos pasados nas terras de Compostela. Quedáronnos pendentes dúas cuestións que tiñamos pactadas para o inicio deste ano; unha entrevista para ANP e unha charla sobre a relación de Lorca con Galicia que se comprometera dar en Celanova.

Pero non vai poder ser, morreu e todo se acabou. Non quixera romantizar a morte falando de cuestións metafísicas, non creo niso, e teño a sospeita de que don Xesús o consideraría unha parvada. Despídome de vostede profesor, expresando os meus mellores desexos de que unhas palabras que lle gustaban moito poidan algún día facerse realidade:

"En pé os escravos da terra

En pé os que non teñen pan

A nosa razón forte berra

O xénero humano forma a internacional"

Ata sempre profesor. Foi un pracer compartir un anaco do camiño da vida con vostede.

Tino Lago

• A CASA DA BOA CARNE •
CARNICERÍA

C/ José Regojo nº 19 Bajo
36800 Redondela

☎ 602 64 15 65
☎ 986 11 69 41

MotoJard
Bueu

Venta y reparación de maquinaria agrícola y motos

Francisco Escaneo, 13 - Bueu
Taller: 986 322 826

BAR
ÁGORA
SEIXO
MARÍN

AutoRos
Taller Multimarca

Rúa Tobal, 76 - San Roque - Cangas
Antigos Talleres Móvil, ao lado de Don Hotel
986 30 56 73 - 626 14 45 96
reproautores@hotmail.com

Casa dos druidas

Acuña Vilaboa

Muxicas

RAMÓN CABANILLAS,
105
MOAÑA
986 31 56 25



O acordo UE-Mercosur e a defensa do noso agro

opinión

Oscar Lomba

O acordo UE-Mercosur non é un simple tratado comercial. Constitúe unha decisión estratéxica que define que modelo de país e que modelo de rural queremos. Para Galicia supón unha ameaza directa a un sector que xa se atopa nunha situación límite, sometido a prezos en orixe ruinosos, a unha estrutura de propiedade extremadamente fragmentada, a unha cadea alimentaria controlada por grandes grupos industriais e a décadas de políticas que trataron o agro como un problema a xestionar e non como un pilar fundamental da nosa economía que cómpre fortalecer. Recuperarmos o noso agro non é unha consigna sentimental, senón unha necesidade económica, territorial, ambiental e democrática.

O futuro da agricultura e da gandería galegas non depende do heroísmo individual, senón da recuperación do poder colectivo por parte das persoas produtoras. Mentres as explotacións permanezan illadas, obrigadas a competir entre si e subordinadas a industrias e sistemas de distribución que impoñen prezos e condicións, non haberá rendibilidade nin substitución xeracional. O minifundio extremo, a perda de superficie agraria útil e a dependencia de insumos caros fan inviable un modelo baseado unicamente no esforzo individual. Sen unha estrutura que garanta o acceso á terra, unha dimensión económica suficiente, o control da transformación e a capacidade de planificación, o agro seguirá sendo socialmente necesario mais economicamente inviable.

A propia historia de Galicia demostra que os problemas estruturais só se resolven colectivamente. A concentración parcelaria evidenciou que o territorio non é unha simple suma de leiras illadas, senón un sistema que pode ser reorganizado para reducir custos, mellorar accesos, optimizar a xestión da auga e facer posíbeis explotacións viábeis. A concentración parcelaria do século XXI debe ir máis aló e debe combinar a reorganización da propiedade rural cunha rede de bancos públicos de terra, xestionados por concellos e comunidades locais, que garantan o acceso estábel a quen queira producir, que eviten o abandono e que reserven espazos para pastos comunais, cultivos forraxeiros, hortas de proximidade e proxectos forestais multifuncionais. Sen política de terra non hai política agraria.

A experiencia dos montes veciñais en man común amosa que a xestión comunitaria non é un vestixio do pasado, senón unha ferramenta plenamente vixente para xerar emprego, diversificar ingresos, previr incendios e fixar poboación. A cooperación entre gandeiros, comuneiros e administracións locais permite pechar ciclos produtivos, reducir a dependencia externa e construír economías territoriais resilientes.

Con todo, a terra por si soa non garante soberanía se a produción continúa en mans alleas. Mentres os gandeiros vendan leite, carne ou madeira como simples materias primas a

grandes industrias, seguirán actuando como subcontratados sen capacidade de decisión. Por iso resultan centrais as cooperativas e a economía social, non como simples centrais de compra, senón como estruturas integrais de transformación, envasado, comercialización e creación de marca propia. Matadoiros comarcais, obradoiros lácteos, fábricas de pensos, secadoiros, servizos loxísticos e redes de distribución compartidas constitúen infraestruturas estratéxicas para fixar valor no territorio e crebar a dependencia das cadeas globais.

A comercialización debe volver conectarse co país real. Os mercados locais, a venda directa, as canles curtas e, de maneira especial, a compra pública alimentaria para comedores escolares, hospitais e residencias permiten garantir prezos xustos, volumes estábeis e planificación a medio prazo. Isto é o que fai posíbel investir, innovar e incorporar xente nova ao sector. Sen seguridade de ingresos non hai futuro.

Todo o anterior require políticas axeitadas e unha planificación estratéxica e democrática, xunto con formación técnica, participación social e control público. A creación de consellos locais e comarcais de alimentación, o impulso á formación en xestión de cooperativas e empresas de economía social, unha ordenación territorial baseada na capacidade produtiva e ecolóxica e unha transición agroecolóxica xusta constitúen condicións indispensábeis para reconstruírmos un modelo que

sitúe a vida no centro.

Galicia dispón de terra, auga, coñecemento, tradición cooperativa e cultura comunitaria. O que falta é vontade política para artellar estes recursos nun proxecto de soberanía alimentaria e de economía ao servizo do país. Fronte a tratados como o de Mercosur, que afondan na dependencia, na competencia desleal e na destrución ambiental, a resposta non pode ser unicamente defensiva, debe consistir nun proxecto propio de reconstrución do noso agro.

Reorganizar a terra, fortalecer o cooperativismo, impulsar a economía social, asegurar unha comercialización xusta, planificar democraticamente e formar ás comunidades son pasos imprescindíbeis para que o agro galego deixe de ser un lugar de sacrificio e se converta nun espazo de futuro. Recuperar o noso agro é recuperar territorio, emprego, soberanía e dignidade. Non é unha opción, é unha condición para que Galicia teña futuro.



Muebles del Río


Avda. Loureiro, 41

36930 Bueu, Pontevedra

Telf.: **986 320 236**

Movil: **633 401 169**

mueblesdelriosl@gmail.com



**Toural nº30
VILABOA**

**658 887 625
986 631 514**



Avda. de Ourense, 48
Cangas

Visítanos, estaremos encantados de que a nosa casa sexa a túa!!!

A Nova Peneira parroquia a parroquia Santa Mariña De Vincios, Gondomar

Vincios, identidade parroquial, natureza, historia e tradición ao pé do Galiñeiro

Por G. Figueiredo


Coñecida popularmente como Vincios, esta parroquia do concello de Gondomar conta cunha poboación aproximada de 2.260 habitantes, repartidos en quince barrios ou lugares: Os Arcos, Brandufe, Casas, A Cernada, Figueiro, A Fraga, Guisande, Hervillas, Pasaxe, Piñeiro, Rocha, O Salgueiro, Serra, Tumbio e Xián. Trátase dunha parroquia viva, cunha forte identidade comunitaria e cun patrimonio natural, histórico e cultural que a converte nun dos espazos máis singulares do Val Miñor.

Un dos principais elementos que definen Vincios é a súa contorna natural, estreitamente ligada ao monte Galiñeiro, que forma parte da serra do mesmo nome. Esta serra esténdese polos concellos de Vigo, Gondomar, O Porriño e Tui, constituíndo un espazo natural de grande relevancia paisaxística. O pico máis alto da serra, con 709 metros de altitude, atópase precisamente en Vincios, sendo ademais a cume máis elevada das Rías Baixas.

Desde o seu cume, o Galiñeiro ofrece unhas vistas espectaculares que abarcan boa parte da área metropolitana de Vigo, o Val Miñor, o Val do Louro e o océano Atlántico, converténdose nun auténtico miradoiro natural. O acceso á cima só pode realizarse a pé, a través dun carreiro que non presenta unha dificultade técnica elevada, aínda que a pendente é pronunciada e require certo esforzo físico.

A ruta máis habitual comeza no Parque Forestal do Galiñeiro, situado a uns 435 metros de altitude. Este espazo conta cun pequeno estanque, cruces e diversos monumentos pétreos, ademais de mesas e fontes que o converten nun lugar axeitado para descansar ou xantar antes de iniciar a subida. Desde alí, o camiño continúa pasando polo refuxio Miguel Regueira, ata alcanzar os 516 metros de altura, punto no que comeza a subida máis esixente.

A ascensión conduce ata a crista formada por dous picos duns 690 metros de altitude, cuxa silueta lembra a crista dunha galiña, o que podería estar na orixe do topónimo Galiñeiro. Ao abri-



go destes dous cumios consérvanse restos dun antigo poboado castrexo ou dunha antiga fortificación, dos que aínda se poden apreciar partes dos muros e dalgúns vivendas.

Aínda que moitas persoas identifican estes dous picos co Galiñeiro, o verdadeiro cumio atópase uns 600 metros máis ao sur, elevándose ata os 709 metros. Ao longo de toda a crista, podemos gozar de vistas panorámicas dunha ampla parte da provincia de Pontevedra. Ademais, as peculiares formacións rochosas do monte deron lugar a varias vías de escalada e á aparición de cavidades naturais entre os seus penedos.

Aos pés do Galiñeiro, xa na parroquia

viguesa de Zamáns, atópase o encoro de Zamáns, unha infraestrutura fundamental para o abastecemento de auga dunha parte da área metropolitana de Vigo, o que reforza a importancia deste espazo natural.

O Galiñeiro destaca tamén polo seu importante patrimonio arqueolóxico, especialmente polos petróglifos situados na zona de Auga da Laxe. Trátase dun conxunto de rochas gravadas nunha chaira aberta cara á ría de Vigo, entre as que sobresa a coñecida Pedra das Procesións. A sonda deste lugar débese principalmente á representación de máis de 25 armas prehistóricas, como espadas curtas, puñais e alabardas datadas no Calcolítico, entre o III

e o II milenio A.C., teñen unha antigüidade aproximada de 4.500 anos e aparecen representadas a unha escala superior ao seu tamaño real, coa punta orientada cara arriba. Este conxunto converte Auga da Laxe nun dos espazos arqueolóxicos máis relevantes de Galicia.

Outro dos acontecementos máis emblemáticos da parroquia é o Curro do Galiñeiro, que se celebra no monte de Auga da Laxe o segundo domingo de xullo. Trátase do único curro da zona que conserva o recinto tradicional de madeira, tal e como se facía antigamente. Esta celebración, de orixe na Idade do Bronce, consiste na localización e agrupación das bestas, unha raza autóctona de cabalos coñecidos como garraños, que son conducidos ata o curro para proceder á rapa das crins, así como aos labores de marcaxe e limpeza.

O curro representa unha tradición profundamente arraigada, que combina patrimonio cultural, respecto polos animais e participación veciñal, e que se mantén grazas ao esforzo colectivo por transmitila ás novas xeracións.

No ámbito do patrimonio arquitectónico, Vincios conta coa igrexa parroquial de Santa Mariña e coa capela de Santa Lucía, situada no barrio da Serra. Este templo, de planta de cruz latina, destaca pola súa sinxeleza e polos dous planos da súa fachada. Nel celébrase a romaría de Santa Lucía o 13 de decembro, mentres que o 17 de xullo teñen lugar as festas patronais de Santa Mariña.

A vida social e deportiva da parroquia complétase co C.D. Vincios, equipo de fútbol que compite en Segunda Futgal de Vigo e xoga no campo situado no polígono da Pasaxe. Ademais, Vincios é berce do recoñecido piloto de rallies Alberto Meira Fernández, campión galego en 2010 e 2016 e vencedor do Rally Rías Baixas do Campionato de España en 2012, unha figura destacada do deporte do motor a nivel autonómico e estatal, figura que actualmente segue competindo no Campionato Galego de Rallies.



-MENÚ DEL DÍA - COMIDAS Y CENAS-
Plaza Santa Liberata, 7 (Frente a la Iglesia)
36300 Baiona (Pontevedra)
Telfn: 986 385965 - 685 135 540



C / San Lorenzo, 22 (Esq. de Diego carmona)
36300 Baiona (Pontevedra)
Telfn: 986 385 115 - 685 135 540



GKN Vigo: cando defender aos demais é defendernos a todas

Carmen Santos Queiruga, ex SX de Podemos Galicia

opinión

Hai conflitos laborais que transcenden a empresa concreta na que se producen. O que está a acontecer en GKN Vigo é un deles. Non só polo número de persoas afectadas polo ERE que a dirección pretendía implantar, senón polo que representa para o conxunto do tecido industrial da cidade, para a cultura obreira viguesa e para o modelo de relacións laborais que se nos quere impor. GKN foi durante décadas unha empresa de referencia no sector da automoción en Vigo. Xunto con outras grandes auxiliares, foi sinónimo de estabilidade, condicións dignas e emprego industrial cualificado. Por iso resulta especialmente preocupante que a proposta inicial da empresa para aplicar un ERE fose a de afectar a 72 persoas, xustificándoo por causas organizativas e produtivas, nunha empresa que non alega dificultades económicas nin perdas e que continúa tendo beneficios. Non estábamos diante dun problema de viabilidade, senón dun axuste de persoal nun contexto de incerteza sectorial, co obxectivo evidente de reducir custos e mellorar aínda máis as marxes empresariais.

Cómpre dicilo con rigor: a transición ecolóxica e industrial está chea de dúbidas, cambios tecnolóxicos e malas decisións acumuladas, pero nada diso xustifica que a resposta volva ser a de sempre: recortar emprego e empeorar as condicións laborais. A adaptación aos cambios pode ser lexítima. O que non é lexítimo é negar unha negociación real, presentar os recortes como inevitables e converter a incerteza nun instrumento de presión. Porque cando iso sucede, o que se está a facer non é

preparar o futuro, senón socializar os riscos e privatizar os beneficios.

Neste contexto, a resposta da negociación sindical e da mobilización da plantilla merece un recoñecemento explícito. Durante toda a negociación non houbo listas pechadas nin nomes nin apelidos, nin se sabía quen podería verse finalmente afectado por este ERE. Pero esa non era a cuestión principal: o realmente relevante era que a mobilización non se limitase a quen puidese verse afectado directamente, senón que fose un movemento colectivo en defensa do benestar de todos e de todas as traballadoras e traballadores. Porque cando a resposta é xeral, a forza multiplícase. O resultado final, coa suspensión completa do ERE, é un claro exemplo de que esta solidariedade e unidade funcionan e son decisivas.

As empresas —e a propia inercia do modelo neoliberal— xogan moitas veces a unha estratexia ben coñecida: facer que cada persoa estea preocupada exclusivamente pola súa situación individual, algo absolutamente comprensible, pero que funciona como unha ferramenta para romper a unidade, debilitar a causa común e facilitar os recortes. Divide e vencerás. Precisamente por iso é tan valiosa a solidariedade que se está demostrando en GKN: porque entender que defender aos demais é, en realidade, defenderse a unha mesma.

Moitas veces criticamos aos sindicatos. Pensamos que poderían facer máis, mellor ou doutro xeito. Pero imaxínemos por un momento un escenario sen eles. Un escenario no que non houberse quen frease estas estratexias, quen organizase a resposta colectiva, quen

plantase cara. O resultado sería unha sociedade aínda máis desigual, máis insegura e máis sometida ao medo.

Vivimos nun Estado constitucional que recoñece dereitos laborais, que non considera o traballo unha concesión graciosa das empresas, senón unha relación baseada nun equilibrio de intereses. Ese discurso de que “nos dan traballo” e de que debemos calar, agradecer e aceptar todo por medo a perder o posto é profundamente perigoso. As empresas contratan persoas porque as necesitan para producir, para xerar beneficios e para manter a súa actividade. Sen traballadores non hai empresas, igual que sen empresas non hai emprego. A clave está no equilibrio.

E ese equilibrio non cae do ceo. Constrúese. Cos sindicatos, coas institucións, coa sociedade civil e cunha cidadanía consciente de que permitir abusos hoxe é hipotecar o futuro mañá. Os gobernos teñen que ter a responsabilidade e a valentía de equilibrar a balanza, de condicionar axudas públicas ao mantemento do emprego, de non mirar para outro lado cando se vulneran dereitos.

Vímolo tamén fóra da fábrica. Vímolo en Balaídos, cando nun partido do Celta se lembrou a loita de GKN e unha parte importante do estadio respondeu cunha ovación de apoio. Esa imaxe é moi significativa: fala dunha cidade que recoñece esta loita como propia, que entende que non é unha reivindicación corporativa nin illada, senón unha defensa xusta do emprego e da dignidade do traballo nunha comarca profundamente marcada pola industria.

Neste punto cómpre nomear á CIG,

non por exclusión, senón porque é o sindicato con maioría no comité de empresa neste caso e porque en Vigo é coñecido por unha tradición máis contundente e combativa na defensa dos dereitos laborais. Esa forma de estar na rúa, cando é para defender os intereses das traballadoras e dos traballadores, é precisamente a que o Partido Popular de Galicia tenta criminalizar de maneira sistemática, con discursos apocalípticos sobre axitación, caos ou suposta violencia, un relato interesado que busca deslexitimar a organización colectiva e meter medo para debilitar a capacidade de resposta da clase traballadora.

Pois menos mal que existe esa “axitación”, a da xente organizada, consciente, que non cala e que non acepta chantaxes nin discursos de resignación. Porque o que realmente molesta non é o conflito, senón que a xente perdamos o medo, que sexamos máis esixentes e que reclamemos máis dereitos e equidade sen “despistarnos” polo camiño. Agora ben, xunto a este recoñecemento, tamén é necesario facer un chamamento á responsabilidade e á unidade de acción. Non só neste conflito, senón en todos os que están por vir. As traballadoras e os traballadores compartimos unha mesma sensación de fondo: fronte a desafíos cada vez máis globais, non nos podemos permitir que as liortas internas, as siglas ou as loitas por protagonismo rompan a unidade sindical. Cada organización ten a súa identidade, as súas estratexias e o seu dereito a reivindicar o seu papel, pero nunca por enriba das causas comúns.

Esta mesma esixencia é aplicable tamén ás organizacións políticas da esquerda social. A unidade non significa uniformidade nin renunciar ás propias ideas, pero si cohesión nos obxectivos fundamentais: a defensa dos dereitos laborais, da dignidade do traballo e dun modelo social máis xusto. Iso é o que a xente necesita e o que espera. Unidade para resistir, unidade para avanzar e unidade para conquistar metas comúns que beneficien á maioría social.

Por todo isto, todo o apoio ao persoal de GKN Vigo e ás accións que permitiron frear o ERE. Esta victoria colectiva demostra que a unidade e a mobilización teñen poder. Oxalá Vigo siga sendo un referente obreiro, unha cidade que non baixa a cabeza e que defende á clase traballadora desde un equilibrio social que, ao final, é o que nos fai gañar a todas e a todos.

Eu, que fun adoptada por esta cidade, sintome profundamente orgullosa de aprender das súas loitas, da súa dignidade e da súa maneira de mirar ao futuro sen renunciar á xustiza social. Porque sen iso, simplemente, non hai futuro posible.

Estamos en Baiona

La casa de las

CHIMENEAS

Tlf.: 986 35 80 19

Sta. Marta, 30

36300 Baiona - Pontevedra

HOTEL * * RESTAURANTE

A QUEIMADA

info@queimada.com

www.queimada.com

PRAZA DA CARRASCA, 5 NIGRÁN

986 350 307 - 986 350 380



Incendios forestais e bombeiros forestais. dúbidas e temores para o 2026

opinión

Xan Lois Cabreira, bombeiro forestal

Deixamos atrás un ano terrible pola vaga incendiaria sobre o territorio. Miles e miles de hectáreas arrasadas, espazos naturais completamente perdidos, aldeas queimadas, desaloxos, angustia e ansiedade por perdelo todo, logo cinzas e terra arrastrada pola choiva cunha grave contaminación edáfica (e as augas). E case 70 Bombeiros/as Forestais feridos de diversa consideración. Algúns casos foron terribles. Cunha frecuencia no tempo cada vez máis estreita, a cidadanía galega, é testemuña directa do mal dos incendios forestais (do territorio) en Galicia.

Pasado este desastre, toca saber onde seguimos e cara onde queremos ir logo do pasado polo cal coma Bombeiros Forestais de Galicia queremos, debemos e temos que facer balance do acontecido e reflexionar dar uns apuntamentos e por en alerta á sociedade galega, a nosa xente, e non do que xa pasou nin do que ven senón do que xa chegou senón do que está (polo de agora) para quedar.

Primeiro apuntamento. No debate da maraña incendiaria das vagas de incendios forestais e seus responsables, seguemos sabendo o de sempre de quen demos son estes suxeitos/as os que intereses buscan etcétera, mais independente da responsabilidade directa de quen ou como se inicie o lume, non nos queda outra máis que aceptar os incendios forestais coma un problema de carácter estrutural. E dicir que as causas responden, ao meu ver, a un ordenamento territorial (de práctica inexistente) e o noso (endeble) modelo produtivo. Porque entendo, que si, son estas causas as que favorecen

que os causantes de tal desfeita segan triunfaís. Entendo que hai que afrontar o problema a fondo coma unha obvia necesidade urxente, dun xeito integro. Galicia, coa imposta cultura silvícola, na que se arborou o territorio con especies de madeiras brandas e rápido crecemento, piñeiro e eucalipto, nun territorio que non era forestal senón gandeiro e agrícola, e podemos ver que ese modelo forestal aínda hoxe non se asentou. As políticas de forestación masiva (e súas nefastas consecuencias) da administración franquista no seu día, chegan ate hoxe.

Nun espazo bioxeográfico atlántico pero ademais, abeirado ao Mediterráneo xeran uns resultados fabulosos a curto prazo para a produción madeireira (barata) pero tamén vai acompañada dunha biomasa "excedente" extraordinaria moi difícil de xestionar e claro susceptible de poder arder. En consonancia, por riba a fuxida primeiro das xentes no rural e o envellecemento agora dos que quedaron, co abandono das minguidas eiras antes cultivadas, que antes servían de efectiva barreira entre ese novo monte arborado e os núcleos poboados (a interface urbano forestal). E conectados así os dous espazos, quedalle unha dura papeleta que lle resta tamén por xestionar ás comunidades veciñais de montes de viñar ese monte (antes agrícola e gandeiro) que recibiron cara o que soñan, no que o económico, o ambiental e o social (monte multifuncional) se asente. Aviso moi serio: ese "eixo Atlántico", tan densamente poboado e igualmente desartellado pode este ano, vivir un desastre do 2025 "ourensán" multiplicado exponencialmente, polo densa-

mente poboado e igualmente desartellado territorialmente. Por riba todo enmpiorado, coa enxurrada masiva de veraneantes que todo o enche.

Segundo apuntamento. Resulta ser un paradoxo pero a propia loita contra os incendios como está constituída (centrada máis na extinción que na prevención) pode axudar indirectamente a "provocalos", si a extinción se converte na columna vertebral desa loita en detrimento dunha actividade preventiva consistente na teoría, nun coidado de preservación integral dos nosos montes. Esta é unha análise obxectivamente perceptible a ollos da xente: si se inverte máis en extinguir o lume, obviamente máis intereses de empresas haberá en que o lume non se extinga. Helicópteros, avionetas, bulldozers, motobombas, EPIs, material etcétera. a ollos de calquera albíscase coma un sucumento mercado nas empresas interesadas do sector. Sen disimulado sarcasmo, podemos chegar a conclusión de que se contribúe así lamentablemente a mantelos.

E dicir a extinción convertese en instrumento de cobiza para alguén. E niso tamén entra ao meu ver a Xunta, involucrada directamente ao converter a extinción na pedra angular da súa política contra os incendios. E desa contradición a seguinte reflexión: si se pagara mellor por previr, moi posiblemente o lume non sería empregado por case ninguén.

En canto a nós os Bombeiros/as Forestais (si con maiúsculas) infrautilizados e o que xa sabemos: traballamos nunhas condicións durísimas, moi en precario cando falamos por exemplo dos concellos e mal pagado para o traballo

que é. Pero si, enlazando co exposto anteriormente e é outro dato obxectivo, os incendios nos dan traballo e insistir as condicións son durísimas. Cando hai un incendio, as brigadas de Bombeiros Forestais, as/os motobombistas as/os emisoristas, vixiantes das casetas, damos todo de nós. Vímonos arriba enfrontándonos no día a día á adversidade. Tamén dicir que nin sequera se lle debería, nin pasar pola cabeza a ninguén, que somos os culpables, de que haxa incendios. Arriscamos nosas vidas na fronte de lapas, tragamos inmensas bocaladas de fume, abrímonos paso para a extinción a lugares imposibles, ferímonos, sufrimos golpes de calor, caemos para logo volvernos levantar e continuar, pasamos sede e fame en xornadas extenuantes, esgotadoras para intentar pórllle couto a esta epidemia incendiaria, as veces, tomando decisións arriscadas pero precisas e calculadas en tempo récord. Si a dirección é boa e podemos, non erramos. Nós imos intentar estar sempre aí ao servizo da nosa xente, da sociedade galega.



La Vitrola
RESTAURANT

C/ Rosalía de Castro, 11 GONDOMAR
Tel.: 986 36 99 83 Móvil: 606 897 159

**TAPERÍA
O MONTE**

Camiño dos Concellos nº 34
Carrasca - Nigrán
Tel.: 986 38 70 52
Móvil: 609 804 666

PANADERIA - CONFITERIA

Penisco

AVENIDA DO CONDE, 3
GONDOMAR
986 360 188

NOELIA GOCE VICENTE
Arquitecta col. 4807
Estrada Vista Alegre 130 bajo izq.
Oia_ Pontevedra
Telf. 650 779 495
goce.arquitectura@gmail.com

arquitectura e interiorismo

Eladio Costas, S.L.
Correduría de Seguros y Asesoría de Empresas

C/ San Benito, 5
36380 - Gondomar
986 384 433
costasasesoria@gmail.com

Casa Puertas

Vicente López, n.º 7 • Arrabal
Tels. 986 362 144 - 986 362 075
Fax: 986 362 144 - Móvil: 666 077 636
36794 - STA. M.ª DE OIA (Pontevedra) ESPAÑA
e-mail: casapuertas@hotmail.com
www.casapuertas.es

Salón de té

TURISMO RURAL
C.A.

A Nova Peneira parroquia a parroquia Camposancos, A Guarda.

Por *G. Figueiredo*

Historia, identidade e memoria dunha parroquia mariñeira no Baixo Miño

A parroquia de Camposancos, pertencente ao concello de A Guarda, é un lugar con memoria, cheo de historia e marcado tanto pola súa tradicional vida mariñeira e rural como por acontecementos que deixaron profunda pegada da barbarie do réxime franquista. Situada na beira dereita da foz do río Miño e bañado polas augas do Océano Atlántico, o seu territorio de case 412 hectáreas acolle praias, paraxes naturais, edificios históricos e unha poboación que xira arredor dos mil habitantes aproximadamente. Pertence á diocese de Tui-Vigo, na que está incluída o arciprestado da Guarda-Teira.

Camposancos pasou por diversas etapas administrativas. Antes de 1836 existía como concello propio, pero despois foi integrado no concello da Guarda, mantendo, non obstante, dereitos e competencias locais. En 1924 constitúese como Entidade Local Menor, sendo o seu primeiro alcalde pedáneo D. Domingo Domínguez e recoñecida como tal polo propio Concello de A Guarda e dotándose dun alcalde pedáneo como representante da parroquia e posuíndo un edificio oficial. Camposancos é a Entidade local menor máis antiga de Galicia. A súa actual alcaldesa é Mercedes Martínez, do BNG. No último censo das eleccións do 2023, a parroquia suma arredor de 1.039 habitantes e están distribuídos nos barrios de A Armona, Bouza da Fonte, O



O artista X.Cabaleiro e Merchi Martínez presidenta da ELM no piñeiral O Puntal de Camposancos

Couto, A Granxa, O Muíño, O Outeiro, Palomar, A Pasaxe, Sa e Salgueiró.

O patrimonio relixioso e cultural.

Sábese que no lugar existiu un mosteiro templario do cal non quedan restos agás as columnas aparecidas nunha reforma. En 1798 Camposancos erixiuse en parroquia independente ao separase de Salcidos e un dos elementos máis salientables da parroquia é a súa igrexa parroquial, dedicada á Visitación de Santa María. Construída sobre a antiga ermida de San Amaro, a edificación comezou a erixirse no ano 1816 e foi concluída a mediados do século XIX, en 1856. Esta igrexa é o corazón relixioso da parroquia e centro de celebracións, festas e vida social,

mantendo vivo o vínculo entre a relixiosidade popular e a identidade dos nosos tempos.

Camposancos tamén conserva outros elementos do seu patrimonio, como cruzeiros, fontes e testemuños materiais da vida cotiá antiga, inscribíndose na paisaxe cultural da parroquia, ligando a tradición con espazos naturais e históricos.

O legado dos xesuítas.

O antigo colexio dos Padres Xesuítas, tamén coñecido como Colexio Santiago Apóstol de Camposancos foi fundado no ano 1876 polos xesuítas que intentaban instituír unha universidade privada, que finalmente só estivo activa durante cinco anos.. O colexio chegou a contar

cun prestixio enorme ata o punto de que del xurdiron dúas notables institucións como a Universidade de Deusto e a Universidade Pontífica de Comillas. Entre os alumnos avantaxados que saíron do colexio están o político pontevedrés Manuel Portela Valladares, que chegaría a ser ministro e presidente do goberno na Segunda república, ou o filósofo, escritor e político Antón Losada Diéguez. De 1916 a 1932 foi ocupado polos seus irmáns de relixión portugueses, etapa durante a cal contou con estudantes como o director de cine Manoel de Oliveira. A orde dos xesuítas foi expulsada e o centro pasou a ser un sanatorio.

Durante a Guerra Civil Española, tras o estalido do golpe de estado franquista en 1936 e a sublevación militar, este gran edificio foi reconvertido en campo de concentración polo réxime. Entre aproximadamente 1937 e 1941, albergou un dos máis grandes campos de represión en Galicia, onde pasaron entre 2000 e 3000 prisioneiros políticos e combatentes do exército republicano. Moitos deles, procedentes de lugares tan distantes como Asturias e outras rexións de España, sufriron duras condicións, xuízos sumarísimos e execucións. As cifras estimadas falan de máis de 200 penas de morte ditadas, con polo menos 159 execucións documentadas. Este capítulo converteu o lugar nun símbolo de represión, sufrimento e tamén de memoria histórica.

RenovaPhones
Reparación y venta de telefonía
Informática y Consolas
www.renovaphones.es
Venta de Consolas de segunda mano



C/ Concepción Arenal nº36 bajo - 36.780 - A Guarda - Telf: 986184101 - info@renovaphones.es



TINTORERÍA LAVANDERÍA MOISÉS
986 610 503
Concepción Arenal, 34. A Guarda

Grupo Cromata s.l.

- Pinturas
- Barnices
- Armarios Empotrados
- Tarima Flotante
- Papel decorativo

el. Baiona, 9 bajo B A Guarda (Pontevedra)
Telf./fax: 986 610 108 cromata@grupo-cromata.com



Excmo. Concello de Tui

En 1943 volveu ser un centro de ensino dos xesuítas, aínda que non retornou ó esplendor doutroira e pechou as aulas en 1959.

Unha parroquia de mar, monte e tradicións.

Camposancos non é só patrimonio relixioso e memoria histórica. O seu territorio inclúe praias recoñecidas como O Muiño e A Lamiña, areas de gran valor paisaxístico con augas claras e contornos tranquilas, moi apreciados polos veciños e veciñas, visitantes de verán ou excursionistas costeiros. O Caldeiro ou A Pasaxe, espazos naturais que forman parte do cotián dos seus veciños e veciñas e que atraen a visitantes pola súa beleza e diversidade.

A proximidade ao Monte Santa Trega, un dos cumios máis fermosos de Galiza, ten restos arqueolóxicos castreños, vincula a parroquia cos primeiros asentamentos humanos nesta área do Baixo Miño. Aquí hai a reprodución dunha vivenda castrexa tradicional, promovida pola Comunidade de Montes e veciños e veciñas para homenaxear as raíces paleolíticas e castrexas da vila. O Castro de Santa Trega que é o poboado fortificado da cultura castrexa situado a 341 m de altitude, con vistas espectaculares á desembocadura do río Miño e ao océano Atlántico. Foi declarado Monumento Histórico-Artístico Nacional e Ben de Interese Cultural (BIC). O sitio conserva restos de murallas, casas circulares e elementos que datan de épocas anteriores á romanización, con ocupación continuada entre os séculos I a.C. e I d.C. Un punto de interese imprescindible para amantes da historia e da arqueoloxía.

Un atractivo a maiores que convida a gozar da beleza da parroquia é O Piñeiral O

Puntal que o redondelán Xosé Cabaleiro, afincado na Guarda, coa colaboración de Gemma Marqués e Dani, artistas locais, souberon plasmar os petróglifos e trísceles do museo do Tegra debullados, case diría fusionados coas árbores do piñeiral nunha mestura plástica entre natureza historia e cultura do lugar.

Nos montes de Camposancos tamén podemos desfrutar de Sendeirismo e rutas de natureza: o Concello de A Guarda promove sendeiros naturais que combinan Galicia e Portugal, pensados os para amantes da natureza que queiran percorrer parte dos montes desta fermosa parroquia.

As Salinas Rupestres de Camposancos Ao longo da costa, nas zonas de O Puntal e A Lagoa, pódense ver as salinas rupestres: pías escavadas na rocha onde se recollía a auga de mar para obter sal por evaporación. Este tipo de estruturas son testemuños da actividade económica antiga e forman parte do patrimonio etnográfico. Aquí podemos ver vestixios arqueolóxicos prehistóricos.

A parroquia de Camposancos combina hoxe unha vida comunitaria activa coa conservación da súa memoria e patrimonio. As actividades relixiosas, festas tradicionais e iniciativas culturais conviven co esforzo por preservar a historia e facer dela unha ferramenta de identidade e cohesión social. que atrae ano tras ano a milleiros de visitantes, tanto galegos coma doutros países a observar de primeira man a personalidade propia de Camposancos no mapa de Galicia: unha parroquia de mar e monte, de historia e memoria, onde pasado e presente permiten ver, a pesar do seu tamaño, que ten moito que contar ao mundo.

Incels: a masculinidade en crise na era dixital



O termo incel procede da expresión inglesa involuntary celibate ('célibe involuntario'). A súa orixe remóntase aos anos noventa, cando Alana, unha moza canadense, creou un foro en liña dirixido a homes e mulleres que sufrían soidade, inseguridade ou dificultades para establecer relacións afectivas. Nos seus inicios, a comunidade incel tiña como obxectivo xerar un espazo de apoio mutuo para estas persoas. Porén, co paso do tempo, o concepto foi apropiado por homes heterosexuais e transformouse nun movemento integrado na manofera, caracterizado por discursos misóxinos e un profundo resentimento cara ás mulleres.

A ideoloxía incel baséase nun conxunto de crenzas, entre as cales destaca a culpabilización das mulleres polo fracaso masculino nos ámbitos afectivo e sexual. Eles afirman que o 80% das mulleres, denominadas Stacys, só esco-

llen ao 20% dos homes, os Chads, aos que consideran fisicamente atractivos e con elevado status social e económico. Esta visión reduccionista presenta as mulleres como seres superficiais, manipuladores, promiscuos e interesados, ao tempo que exige aos incels de calquera responsabilidade persoal nas súas dificultades para relacionarse. De xeito moi conveniente, as mulleres convértese nas únicas culpables de todas as súas desgrazas amorosas.

Outro dos seus piares fundamentais é a concepción das relacións sexuais como un dereito para os homes. Desde esta perspectiva, as mulleres atópanse na obriga de cubrir as necesidades sexo-afectivas deles, mentres que se lles esixe castidade e a subordinación dos seus propios desexos aos da parella masculina.

Entre as manobras incel para controlar e "educar" ás mulleres encóntrase o acoso en espazos públicos. Algunhas destas prácticas inclúen a intimidación de mulleres que camiñan soas pola noite ou que toman o sol na praia. En determinados casos, a radicalización incel derivou en graves actos de violencia. Os autores destes atentados adquiriron posteriormente o status de heroes ou mártires dentro da comunidade incel, e nalguna ocasión mesmo se lles chegou a render tributo.

Aínda que a maioría dos membros non exercen violencia física, existen episodios que evidencian como estes dis-

café bar

A cultural de Guillarei

sala de xogos - terraza - bocadillos

A Gándara-Guillarei-Tui 627 407 853

ROCHA

SUMINISTROS

SUMINISTROS PARA LA CONSTRUCCIÓN

www.rochasuministros.com

✉ C/José M^a Sexto 31, A Gándara 36780 A Guarda, Pontevedra

@ info@rochasuministros.com

☎ Tfns. 986 61 42 90 y 673 839 881

Casa

Telleiro

DESDE 1984

CASA TELLEIRO, EN TOMIÑO, A CARÓN DO SANTUARIO DE SAN CAMPIO DE FIGUEIRÓ

986 621 298

curso de odio poden desembocar en consecuencias letais. Un dos casos máis soados é o atentado de 2014 cometido por Elliot Rodger, un mozo de 22 anos que pertencía ao movemento incel. Rodger abriu fogo contra os transeúntes dun barrio estudantil de California, deixando tres vítimas mortais antes de suicidarse. Previamente, matara a coiteladas a outras tres persoas no seu apartamento. En 2018, Alek Minassian, de 25 anos, perpetró un atropelo masivo en Toronto que se saldou con dez falecidos. Pouco antes, publicara en Facebook: "¡A Rebelión Incel xa comezou! ¡Derrocáremos a todos os Chads e Stacys! ¡Saúden todos ao supremo cabaleiro Elliot Rodger!" En total, as vítimas foron cinco homes e once mulleres.

Esta realidade tamén se reflicte en producións audiovisuais, entre as que destaca a serie de Netflix Adolescencia. O protagonista é Jamie Miller, un rapaz de 13 anos con dificultades para relacionarse cos seus compañeiros e compañeiras, e con graves problemas de

autoestima. A estes problemas súmase a presenza dunha figura paterna que sofre ataques de ira e se amosa agresivo cara á súa muller. Na procura de respostas e referentes, Jamie recorre ás redes sociais. É neste contexto onde entra en contacto coa manófera e co movemento incel, nos cales pensa que atopou unha explicación e mesmo unha solución aos seus problemas emocionais e de socialización. Influenciado polos discursos misóxinos e altamente violentos da comunidade incel, Jamie acaba asasinando unha compañeira de clase no que el pretendía que fose un simple susto, mais tamén unha vinganza polas humillacións que sufrira por parte dela e doutros compañeiros.

En definitiva, non debemos tratar o movemento incel como un fenómeno pasaxeiro, senón como unha ameaza en expansión que revela o auxe da misoxinia entre os mozos, o uso da violencia para expresar unha profunda frustración persoal e a crecente crise de soidade que afecta ás novas xeracións na era dixital.

ronse polo tanto 20 negocios. Pese aos datos oficiais, o alcalde, non tivo reparo en afirmar que nos tres últimos anos o comercio local medrou un 52,85%.

Anxo Baz, portavoz municipal do BNG manifestou "o alcalde, despois de mentirlle a todos os guardeses e guardesas, aínda tivo a descaro de gabarse de que o florecemento da actividade comercial, se debía ao traballo de promoción realizado por el e o seu equipo. A realidade é que o sector do comercio sofre o abandono deste goberno mu-

nicipal que carece de ideas e vontade para poñer en valor o comercio local, demostrando no día a día a súa incapacidade para sacar adiante iniciativas que contribúan a dinamizalo".

O nacionalista concluíu decindo "Roberto Carrero está instalado nunha campaña de propaganda permanente, que o leva a tomar por parva á veciñanza, manipulando datos e mentindo, co único obxectivo de agochar a súa incompetencia e falta de traballo que lle impiden gobernar A Guarda con un mínimo de criterio".

O BNG denuncia que Roberto Carrero minte cando di que o comercio local da Guarda crece

O alcalde afirmou en distintos medios de comunicación, que o comercio local medrou un 52,8% nos últimos 3 anos

Segundo datos do INE neste período perdéronse 20 negocios

A Guarda

Segundo os datos publicados polo INE (Instituto Nacional de Estatística), o sector do comercio, hostalaría e

transporte na Guarda, pasou de 289 negocios no ano 2023 a 269 no ano 2025. Neste período de tempo perdé-

A Eurocidade Tui-Valença presenta un calendario deportivo único en Europa

Até decembro celebraranse 14 eventos de 10 modalidades deportivas que reunirán a máis de 8 mil participantes

Tui

A Eurocidade Tui-Valença presentou esta mañá o seu calendario deportivo para este ano 2026, formado por catorce eventos de 10 modalidades deportivas que conforman unha programación única en Europa compartida entre dous municipios de dous países.

Até decembro máis de 8 mil persoas participarán nas distintas probas previstas que suporán un investimento superior aos 65 mil euros.

Así se deu a coñecer esta mañá na presentación deste Calendario Deportivo da Eurocidade Tui-Valença na Pousada de San Teotónio por parte do alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, o presidente da Cámara Municipal de Valença, José

Manuel Carpinteira, o concelleiro de Deportes de Tui, Rafael Estévez, o vereador de Desporto de Valença, Óscar

Gescon
ASESORIA
FISCAL
LABORAL
CONTABLE
SEGUROS

Carlos González Benítez
Avda. Pio Troncoso Nº 2 Baixo
Goñán
986 609 702

Nivaria
centro de fisioterapia

Alberto Carrera Blanco
Nº Colex 2328
Rita Cabeza González
Nº Colex 2294
Tlf/Fax: 986 622 839
Móbil: 677 040 683
fisionivaria@gmail.com
Rúa Gondomar 59 baixo C.P 36740
Tomiño-Pontevedra.

Delapueria Floro
CITA PREVIA

Telf.: 986 621 110
667 932 855
C/ Centinela
36750 - GOIAN

COMPRAVENTA JR

JOYERÍA Y RELOJERÍA EXCLUSIVA DE OCASIÓN

TALLERES PROPIOS 609 884 609

COMPRO ORO

Travesía de Foxo S/N
Tui
Tef-Fax: 986 60 34 19
Joyeriajr@yahoo.es

JOYERÍA **JR** RELOJERÍA
Juan Rivera

Silva.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, remarcou na súa intervención a singularidade desta oferta afirmando que se trata “dun calendario único na Europa occidental”. Motivo polo que dicía temos que felicitarnos, e no que os grandes protagonistas son os deportistas e os promotores dos distintos eventos, a quen amosaba a gratitude polo seu labor. Reafirmou o compromiso da Eurocidade con “este calendario do que nos sentimos orgullosos”. No mesmo senso pronunciouse o presidente da Cámara de Valença, José Manuel Carpinteira, afirmando que “este calendario deportivo é un orgullo para a Eurocidade”.

O concelleiro de Deportes de Tui, Rafael Estévez, foi o encargado de anunciar as probas deportivas que terán lugar en instalacións tudenses e que comezan esta mesma fin de semana co Trail do Aloia. Avanzou coma novidade o I Trofeo de Hip Hop da Eurocidade. Incidía o concelleiro de Deportes de Tui en que este calendario cada vez rexistra unha maior participación con probas consolidadas e outras que inician a súa andaina. Pola súa o vereador de Desporto de Valença, Óscar Silva, avanzaba que grazas ás novas instalacións coas que se contan en Valença se incorpora ao calendario do I Torneo de Pump Truck Eurocidade. Volverán a

celebrarse as andainas e caminadas con carácter mensual entre marzo e decembro guiadas por Altitude e Celtas do Minho con percorrido por Fontoura, o convento de Monsteiró e o Monsteiro de San Fins en Valença, ou pola senda do Furnia, da Pedra Santa ou o Parque Natural do Monte Aloia en Tui.

Esta fin de semana o calendario deportivo da Eurocidade ábrese co Trail do Aloia que volve bater récord de participantes estando esgotadas as prazas tanto para os 12 kms coma para os 20 kms. Aínda están a tempo de anotarse os nenos e nenas para a proba que terá lugar o sábado.

En marzo as bicicletas serán as protagonistas coa celebración da XIII Eurocidade BTT que ten aberto o prazo de inscrición cun límite de 1.200 participantes. En abril celebrarase o X Torneo Mini Basquet Eurocidade e en maio o I Torneo de Pump Truck Eurocidade. Xa en xuño será a quenda I Trofeo de Hip Hop, da Rampa do Monte Faro e do XII Campionato Ibérico de Kung Fu. O X Torneo de Judo Eurocidade celebrarase no mes de xullo e en setembro o XII Trofeo Eurocidade de Hoquei, e comezará o XII Torneo de Tenis. Para o 25 de outubro está prevista a 2 Leguas da Contrasta, en novembro celebrarase o XII Trofeo de Baile Deportivo e pechará o calendario a X Urban Trail Night Eurocidade.

O Rosal

O Rosal transforma a súa biblioteca nun punto de encontro onde a infancia, as familias e a creatividade se dan a man. Dende hai meses, o programa Venres Rebuldeiros converteu moitas tardes do municipio nun tempo para parar, xogar, aprender e compartir, facendo da cultura e do lecer educativo unha experiencia colectiva que xa chegou a



Unha das xornadas Rebuldeiros

centos de nenos e nenas. Dirixido a toda a familia, os Venres Rebuldeiros suman xa 18 xornadas nas que centos de nenos e nenas disfrutaron con contacontos, obradoiros creativos, actividades musicais e xogo libre. Máis alá das propostas concretas, o programa consolidouse como un espazo de encontro para as familias do Rosal, onde a infancia medra xogando, creando vínculos e descubrindo o mundo nun ambiente próximo e acolledor.

A última sesión correu a cargo de Li-Escuela, que puxo música ao inverno cunha proposta pensada especialmente para os máis pequenos e pequenas da casa. A actividade encheuse de sons, ritmos e emocións compartidas, con fami-

lias cantando, tocando e experimentando xuntas, demostrando unha vez máis o valor da música como ferramenta de aprendizaxe e conexión emocional dende os primeiros anos de vida.

A alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández Callís, destacou que “os Venres Rebuldeiros amosan que apostar pola infancia e polas familias é apostar polo futuro do noso concello. Estes encontros crean comunidade, fortalecen vínculos e ofrecen á rapazada espazos onde medrar de maneira saudable e feliz”. A rexedora subliñou tamén que “ver como centos de nenos e nenas xa participaron no programa é a mellor proba de que este tipo de iniciativas responden a unha necesidade real da veciñanza”.

No Rosal os venres saben a xogo, diversión e encontro

Os Venres Rebuldeiros consolídanse como un espazo familiar de referencia tras 18 xornadas con centos de participantes

Nova entrega de composteiros para dar pulo á compostaxe doméstica no Rosal

Sesión informativa este xoves 12 de febreiro ás 20.00 h na Sala de Exposicións do Concello

Restaurante - Tapería

ARRVAZ

Vencelladas co mar dende sempre

Rúa Porto 56, A Guarda
36780 Pontevedra

www.arrvaz.com

986 614 571
reservas@arrvaz.com

MyR Lanas

Rúa Compostela,
Tui

Telf.: 986 60 45 08

teleson Servizo Técnico

Son | Imaxe | Antenas

986 625 240
699 384 905

Ramón Franco, 13 | Galerías O Rosal

O Rosal

Converter o lixo orgánico nun recurso útil xa dende a casa. Con este obxectivo, o Concello do Rosal continúa impulsando a súa campaña de compostaxe doméstica cunha nova sesión informativa e entrega de material, reforzando o compromiso municipal cun modelo de xestión de residuos máis sostible, responsable e de proximidade.

O encontro terá lugar o vindeiro xoves 12 de febreiro ás 20.00 horas na Sala de Exposicións do Concello e está aberta tanto ás persoas que levan tempo co seu composteiro ou que acaban de adquirirlo como a aquelas que queren incorporalo ao seu fogar ou que queren ter información sobre a compostaxe. A alcaldesa, Ánxela Fernández Callís, anima á veciñanza a sumarse a esta iniciativa e destaca que “a compostaxe é un pequeno xesto individual que ten un enorme impacto colectivo. Participar nesta campaña é apostar por un Rosal máis limpo, máis consciente e máis comprometido co futuro”.

A rexedora subliña tamén que “cada novo fogar que se incorpora á compostaxe doméstica é un paso máis cara a reducir residuos, aproveitar recursos

e avanzar nun cambio de hábitos necesario”, polo que convidou “a todas as persoas interesadas, teñan ou non experiencia previa, a achegarse a esta sesión”.

Con esta nova edición, continúa ampliándose a rede de fogares galegos comprometidos coa compostaxe doméstica, unha práctica que permite reducir os residuos orgánicos e transformar o lixo en abono natural de alta calidade. Nas sesións explícanse os principios básicos da compostaxe e entrégase de balde un composteiro.

As persoas interesadas poden atopar toda a información actualizada na páxina web <https://medioambiente.orosol.gal/>. Tamén poden contactar a través do teléfono 647 521 464 ou do correo electrónico info@ocaminosostible.gal.

Esta iniciativa conta co apoio da Xunta de Galicia e o financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Next Generation EU, e forma parte da aposta do Consorcio As Mariñas por un modelo de xestión sostible e de proximidade, implicando á cidadanía na redución e valorización dos seus propios residuos.

verténdose nun auténtico arquivo visual da alma de Tabagón. A exposición fotográfica Memorias das festas de Tabagón está a ser todo un éxito de participación e de público, cunha recompilación de máis de 400 imaxes achegadas pola propia veciñanza que percorren décadas de historia arredor das festas da Saúde e San Brais, unha das celebracións con máis arraigo do Rosal.

As fotografías, que van desde os anos 40 ata a actualidade, recollen momentos profundamente simbólicos da vida da parroquia: a elaboración e subida do arco floral, as procesións, os festexos populares ou a convivencia arredor da festa. Entre elas destacan auténticas xoias históricas, como unha imaxe de hai 100 anos dun aniversario da erección do arco floral, xunto a instantáneas moi recentes tomadas hai apenas dúas semanas durante os preparativos do arco deste ano, que supón a recuperación dunha tradición que levaba tempo sen realizarse.

A alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández Callís, puxo en valor o significado desta mostra, sinalando que “esta exposición non só recupera unha festa, senón que recupera a memoria colectiva dunha parroquia que cumpre máis de 200 anos de historia. Detrás de cada unha destas imaxes hai centos de persoas que forman parte desa historia, dese legado, desa memoria... e que construíron coa súa emoción, co seu traballo, co seu sacrificio o que é Tabagón e tamén O Rosal”.

Por primeira vez realízase unha recompilación histórica destas dimensións sobre a parroquia, coincidindo cun ano que xa queda marcado na memoria colectiva. “2026 pasará á historia non só pola recuperación da subida do arco floral, senón tamén por este legado visual que permanecerá no tempo como testemuña do que fomos e do que somos”, destacou a rexedora, quen quixo agradecer de maneira expresa o traballo da nova comisión de festas polo seu impulso á recuperación desta tradición.

Neste senso, o arco floral deste ano incorporará no seu círculo central o debuxo da igrexa, como símbolo da parroquia e da súa historia, reforzando o vínculo entre pasado, presente e futuro. “É moito máis ca unha festa, é un reencontro coa memoria que nos deixaron os nosos avós e avoas e coa

orixe dunha comunidade que segue viva”, engadiu a alcaldesa.

A exposición Memorias das festas de Tabagón poderá visitarse aínda os días 30 e 31 de xaneiro e 1, 7 e 8 de febreiro, en horario ininterrompido de 10.00 a 20.00 horas na Casa Social da Comunidade de Montes de San Xoán de Tabagón.

Mentres tanto, esta fin de semana arrinca a programación das festas. Este venres 30, a partir das 18.00 horas, terá lugar a subida do arco artístico, seguida dunha cea con prezos populares e, pola noite, unha Festa Oitenteira a cargo dos DJ Los lunes al sol, Romeo, Piedra e Maci. O sábado 31, ás 21.30 horas, haberá verbena coa orquestra Miramar e música cos DJ Charlie e Adrián Mesu. Xa o domingo 1, ás 11.00 horas, celebrarase un pasarrúas coa Banda de Música do Rosal; pola tarde, desde as 17.00 horas, haberá inchables e, ás 18.00 horas, concerto da banda, con chocolate de balde e poxas ao remate.

Ademais, dentro das celebracións do bicentenario, o Concello designou o vindeiro luns 2 de febreiro, día da Saúde e San Brais, como festivo local.

Máis de 400 imaxes para reconstruír a memoria festiva de Tabagón

Grande éxito da exposición fotográfica ‘Memorias das festas de Tabagón’, que pon en valor dous séculos de historia

A parroquia festexa este 30 e 31 de xaneiro e 1 de febreiro as súas festas da Saúde e San Brais



O Rosal

O que comezou como unha chamada á memoria da veciñanza acabou con-



**BOCATAS, PLATOS COMBINADOS
TERRAZA, APARCAMIENTO
ZONA INFANTIL**

**GUILLAREI - PONTENOVA 10 B
986 60 17 96**

Mueble juvenil
Armarios empotrados
Tapizados
Mediciones
Proyectos

MS
muebles
descanso

www.mueblesousa.com
sousamuebles@gmail.com

Rúa Galicia, 52 - 36780 A GUARDA
Tel./Fax: 986 61 04 07

MANEL RIVEIRO

PELUQUER@S • ESTÉTICA

30 AÑOS
DESDE 1995

📞 986 621 077
📍 Avd. Ordóñez, 27
36750 Colón - Tomiño
Pontevedra

Facebook, Instagram, Twitter icons

O grupo vigués “Acordeireta” presenta o seu segundo traballo discográfico

ACORDEIRETA
BAIXO OS REMENDOS. NÓS

Tras ‘Loitar cantando’ (2020), o primeiro proxecto do dúo Acordeireta (Saiáns, Vigo), chega ‘Baixo os remendos, nós’, un segundo disco para segundas vidas. Patricia González Iglesias e Alejandro Balbuena Ojea parten do remendo co obxectivo de concibir un álbum distinto e innovador, onde se sitúan, literalmente, debaixo das eivas e dos problemas diarios para coselos co canto e a música. Son eles, os remendos, os alicerces. Cos seus fíos preséntannos este novo traballo composto ao longo de varios anos, sen présa, ao son do corpo. Como xa acontecera en ‘Loitar cantando’, a poesía e a música encóntranse para confluír nas voces e mans de Patri e Alex. Este disco convértese nunha revolta, na que convive o social e a música tradicional, mesturada con temas de creación propia xunguida ás raíces e textos de poetas, moitas delas homenaxeadas no Día das Letras Galegas, como son Rosalía de Castro, Manuel María, Florencio Delgado Gurriarán ou Xela Arias. Ademais, neste traballo Acordeireta rende homenaxe aos poetas labregos Paco Ledo e Alberto Calvín, aos gaiteiros Desiderio e Modesto de Murias, ao acordeonista Pazos de Merexo, á escritora

Raquel Castro e a Luz Fandiño, autora que xa estivera presente no seu primeiro álbum (‘Loitar cantando’ son versos de Luz) e que agora volve, outra vez, estar con Patricia González e Alejandro Balbuena baixo os remendos. A revolta faise visible nos directos de Acordeireta. Nos concertos mesturan varios instrumentos, como acordeón cromático, acordeón diatónico, diferentes tipos de pandeiretas, pandeiros, culleres, pratos con dedais e bombo, alén das voces e incluso cantan cunha antiga máquina de coser para homenaxear tamén o importante labor variedade de instru-

mentación, xunto aos diversos ritmos e tonalidades, crea un ambiente ameno, fresco, contun- dente, emocionante, que convida a bailar e que goza dun estilo e son propios.



Fruiterías en Vigo e Feiras de Padrón, Redondela, Sabarís, Tomiño e os xoves no mercado municipal de Tui

FEMINISTAS e COMBATIVAS
En loita pola nosa DIGNIDADE!

116 anos despois de celebrarse a Conferencia Internacional de Mulleres Socialistas, orixe da conmemoración do 8 de Marzo como Día internacional das mulleres traballadoras, facemos un chamamento a debater sobre a situación social e política que atravesan as mulleres traballadoras galegas e a expoñer que medidas deben adoptar os gobernos e as patronais para rematar coa situación de discriminación e precariedade.

Se no ano 1910 as mulleres denunciaban a carestía dos alimentos, as duras condicións laborais, os baixos salarios e a fin dos conflitos bélicos, non será até o ano 1977 cando as Nacións Unidas proclamen o día para os dereitos das Mulleres e a Paz Internacional.

A CIG mantén a perspectiva de clase e a orixe que deu lugar á **xornada de loita internacional** denunciando que:

- Pese a que as **mozas galegas** puideron acceder de maneira masiva a estudos superiores, seguen abocadas a emigrar se queren emanciparse e acceder a unha profesión acorde aos seus coñecementos e a unha vivenda digna.
- Un posto de **traballo nas distintas administracións públicas** (sectores claramente feminizados) non garante hoxe en día un salario nin condicións dignas, como tampouco superar a fenda salarial. A falta de persoal precariza as condicións de traballo.
- O recorte de persoal no **ensino público**, nomeadamente en atención á diversidade, así como a precarización do servizo e das condicións laborais nos sectores de infantil 0-3, centros de menores e de atención á discapacidade, afondan na desigualdade social.
- O desmantelamento da atención primaria, as listas de agarda e a falta de camas nos hospitais, xunto cun enfoque da **saúde** que non ten en conta os procesos físicos e psicolóxicos que afrontan as mulleres, a falta de recoñecemento de doenzas relacionadas con enfermidades profesionais, e a inexistencia de coeficientes redutores de cara á xubilación en ocupacións feminizadas dificultan unha vellez digna.
- O modelo privatizador do PP non só afecta a sanidade. Os continuos recortes e a privatización dos **servizos sociais, para a igualdade e atención á dependencia** deterioran o servizo público, imposibilitando que as persoas maiores ou con doenzas incapacitantes poidan acceder aos coñecementos, precarizando o tipo de empregos que se crean para este fin e obrigando as mulleres a que asuman ese rol coitador de balde.
- As traballadoras galegas seguen ocupando maioritariamente **traballos temporais e a tempo parcial**. A fenda salarial acúrtase só por mor da suba do salario mínimo. Pero cada vez hai máis traballadoras pobres, o cal vai determinar as prestacións futuras (lembramos que as **pensións** da Galiza seguen a ser as máis baixas do estado).
- Os **traballos feminizados** seguen a ser minusvalorados económica e socialmente malia os intentos legislativos para identificar e reducir a fenda salarial. Cómpre o incremento salarial das profesións feminizadas e esixir que o réxime especial de persoas empregadas do fogar sexa regulado dentro do sistema ordinario da Seguridade Social, con retribucións acordes a importancia dese labor.
- Os **permisos e licenzas** deben axustarse aos novos modelos familiares. Tanto a recuperación do parto como a situación de lactación natural debe garantirse até os 12 meses que recomenda a OMS por medio dunha prestación económica específica para amparar ambas as situacións. A incorporación ao traballo ten que ter lugar con todas as garantías tamén en canto á protección de riscos laborais.
- As denuncias de **acoso e violencia no traballo** deben ser investigadas con celeridade e concluír con sancións exemplarizantes no caso de comprobarse os feitos, e naquelas situacións que non fiquen acreditadas por falta de probas, farase un seguimento dos riscos psicosociais asegurando que non se produce máis dano. Os protocolos de prevención e actuación existentes deben revisarse e simplificarse para garantir a axilidade dos trámites. E debemos esixir, naquelas **profesións cun alto risco de sufrir violencia no traballo**, que se dispoña dun dispositivo de alerta xeolocalizado que permita facer unha chamada de emerxencia, alén dos protocolos e plans de prevención correspondentes.

Fronte a esta situación, temos que **mobilizarnos** e rematar co silencio fronte aos ataques. Do mesmo xeito que fixeron as **anergas nas manifestacións populares** xurdidas contra o descontento coa situación económica e social da época loitando por obter produtos básicos a prezos xustos, denunciando os abusos no traballo (a folga das cigarreiras en 1857, a das lavadeiras de 1907, as “revoltas da fame” e as “revoltas das pedradas” do ano 1918), contra o peche de empresas e o ataque ao medio de vida (conflito da conserveira Odosa, na Illa de Arousa no 1989; a loita de Caramelo no 2009 así como a das teleoperadoras contra a deslocalización, dependentes de INDITEX no 2017, as folgas de mulleres de 2018, 2019 e 2021, o conflito da limpeza de Lugo no ano 2024, as do SAF e residencias, así como as do profesorado e da sanidade pública no ano 2025, entre outras) demostrábase que só cunha acción combativa nos lugares de traballo, nas urnas, na negociación colectiva, nos fogares e nas rúas poderemos avanzar.

Desde o feminismo galego e de clase comprometémonos a loitar contra as discriminacións incorporando a perspectiva de xénero na nosa acción sindical, animando as mulleres traballadoras de calquera sector a afiliarse á CIG, participar nas candidaturas ás eleccións sindicais, combatendo o capitalismo, o imperialismo, o colonialismo, o machismo, o racismo e o fascismo con rebeldía.

MOBILÍZATE COA CIG O 8 DE MARZO
Compostela ás 11:30 horas desde a estación de trens

CIG
Secretaría das mulleres



Xeito
ESPECIALIDADES

Pimientos Rellenos de Marisco
Pescados y Mariscos de la Costa
Bogavante con Arroz
Zamburiñas a la Plancha
Entrecot de Buey
Parrillada de Pescados
Postres Caseros

Rúa Fernández Albor, 19 (al final del puerto) - 36780 A GUARDA (Pontevedra)
Telf. 986 610 474 - Reservas: 659 984 234

GRACIAS POR SU VISITA

**8 DE
MARZO**

Día internacional das
mulleres traballadoras

FEMINISTAS E COMBATIVAS

**EN LOITA POLA
NOSA DIGNIDADE**



Secretaría das mulleres



MASTER

CADENA

MASTER LA GUARDIA

986 611 973

C/. Manuel Alvarez, 20 - A GUARDA

www.mastercadena.es

laguardia@mastergalicia.com

MASTER

CADENA

MASTER TOMIÑO

986 622 147

Rúa Gondomar 59 - TOMIÑO

www.mastercadena.es tomino@mastergalicia.com

NEW MASTER

CADENA

986 953 442 - 696 645 020

C/ SANJURJO BADÍA Nº 108 - VIGO



Retrato da envexa política hoxe

opinión

Manuel Alfonso Estévez, fillo de Fornelos da Ribeira

Hai cousas que existen, pero non as vemos. A envexa é unha delas.

Pregunto: ¿Que é a envexa? Pois unha virtude, un vicio, unha enfermidade, ou quizais, un camiño, sen selo.

Visto como vai o mundo actualmente, se presta a moitas envexas. E ¿Cantas cousas se fan pola envexa?

A envexa, segundo a miña humilde opinión (hai opinión para todos), é falta de personalidade, e temos que pasar de facer o que fan os demais, tendo en conta que non sempre o que mais tira é o mellor situado economicamente. Basta observar os amantes das compras a prazos.

Hai que ver tamén, como os veciños como están esperando terminar cos prazos para meterse noutro novo, por exemplo. Pero non hai que mesturar a envexa cos celos que teñen parentes. Este último, soe ser mais grave.

Xa dende nenos, empezamos cos celos e hai que educalos. E os maiores, que teñen problemas, facelos entender, ser aptos para a vida, evitando as envexas e os celos.

Nas aldeas hoxe, son mais acusadas as envexas - incluso - entre veciños, sen esquecer a envexa política que é un fenómeno antigo coma a mesma política recoñece, senón, coma a defensa dos principios, preocupación polo ben común, ou crítica responsable.

Hoxe, me pregunto: ¿Que é a envexa

política? Pois una reacción emocional é estratéxica, que xorde, cando unha persoa ou grupo percibe que outro gaña poder e prestixio, ou apoio social, é ocupa un espazo simbólico, que antes non tiña.

A envexa política actualizada, adoita expresarse de formas diferentes:

Deslexitimar moral (non merece estar aí), e perigoso, etc... etc. A hipervixilancia sobre cal quer erro do rival amplificando os cambios de criterio (O que antes era aceptable agora é intolerable). E, por último, a ironía desprezo, como armas eficaces para erosionar ser ou parecer agresivo.

A envexa é tan poderosa que non é só xestión e recoñecemento

simbólico. A envexa aparece cando alguén recibe mais atención mediática. Conecta mellor co malestar social, e representa unha renovación que deixa absolutos aos de sempre. Neste sentido, a envexa política é un síntoma de inseguridade de identidade: Medo a perder relevancia.

Agora ben, existe diferenza entre crítica e envexa. Non toda crítica é envexa, porque a diferenza clave está no obxectivo: A crítica política busca mellorar ou corrixir, e a envexa política busca impedir que outro medre, mesmo se iso prexudica ao conxunto.

Cando a oposición prefere o fracaso colectivo antes ca o éxito do rival, a envexa está gobernando. As consecuencias son: Empobrecemento do

debate público, que favorece a polarización emocional, substituíndo proxectos por ataques persoais e xerando cinismo cidadán.

A envexa política dende a perspectiva filosófica, axuda a entendela pola persistente e eficaz maneira de entendela.

A envexa, como paixón política, e unha paixón triste. E, en política aquí está a clave: Valor no interior é relacionala depende do recoñecemento ou do lugar no espazo público, cando outro ascende é alguén descende.

Nietzsche dixo que a envexa é o resentimento moral, que vai mais lonxe.

Para el, grande parte da política de hoxe está, atravesada polo resentimento: Incapacidade de crear, incapacidade de afirmar, e polo tanto, necesidade de negar a o outro. Así, a envexa se converte en moralizadora.

Non se combate o rival polo que fai, senón, polo que é e representa.

Di Hannah Arendt: A envexa é destrución do espazo común, necesita un espazo compartido, onde os actores recoñezan aos adversarios, non como inimigos. Pero, a envexa non acepta a pluralidade nin tolera que outro brille cando a envexa domina, xa non importa gobernar mellor, senón, impedir que o outro exista politicamente.

Por último, a envexa política, dentro dos propios partidos é mais intensa porque se divide en un inimigo externo, coa mesma ideoloxía, co mesmo electorado, teoría e obxectivos. E adoita, disfraces radicalmente ideolóxicos

con moderación e cara coas dúas moedas.

Así vemos moitos proxectos políticos non fracasan por falta de apoio social, senón polo boicot interno.

¿Canta falta de xenerosidade fai falta, para que gobernen os mellores!

Aquí non se distinguen ideas, senón, lexitimidade simbolicamente, porque a envexa interna adoita disfraces radicalmente ideolóxicos.

Queren ir de moderadores coas dúas caras da mesma moeda: Impedir que o outro capitalice o recoñecemento, paralizandoo a organización, castigando o talento, e recompensando a obediencia política. Así se ven moitos proxectos políticos do actual goberno español, que non fracasan por falta de apoio social, senón polo boicot.

Na Galiza, a envexa actúa por inacción calculada. Esquerdas e dereitas, é un problema transversal. Aquí a envexa política non é ideolóxica, senón cultural. O nacionalismo aparece como un debate eterno, no que a esquerda é a guerra de siglas. Na dereita, é o control férreo para que nada se mova.

En ambos casos, e o mesmo medo: ¿Quen reordena o taboleiro?

Galiza, admira o talento a posteriori, cando este marchou, cando perdeu a forza, e cando xa non ameaza a ningún. So molesta.

Da pena contemplar a envexa política galega que xa non berra, só suspira e agarda e se resiste a esperar... pero quen perde: Sempre Galiza.

JUAN CARLOS FOTOGRAFO

SERVICIOS FOTOGRÁFICOS

- REPORTAJE SOCIAL • RETRATO • PUBLICITARIA
- RETOQUE DIGITAL • REVELADOS
- VENTA DE MATERIAL • FOTOS CARNET

Telf: 986 65 92 51 - Móvil: 654 362 239
e-mail: j.carlosfotografo@hotmail.com
Rúa Fonte da Vila, 3 - 36450 Salvaterra de Miño

ATLÁNTICO SUPERMERCADO

Praza da Ferie - As Neves

Aridos do Mendo, s.l.

Mendo
áridos e formigóns

Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos e Formigóns

O Condado

“O meu soño é estar nos Xogos Olímpicos de Los Ángeles 2028”

Lucía Rodríguez, xogadora da selección española absoluta de bádminton natural do Condado

Lucía é unha moza do Condado de 21 anos de idade. Ela naceu en Salvaterra e é filla dunha muller de As Neves e dun home de Ponteareas. Desde que era unha nena comezou a destacar no deporte do bádminton ata tal punto que aos 14 anos foi seleccionada para ir a un centro de alto rendemento e Pontevedra, e alí se foi vivir sendo pouco máis ca unha meniña. Cando fixo os 18 levárona ao Centro de Alto rendemento de Madrid. Desde entón vive feliz na capital do estado, combinando os estudos coa práctica do deporte que lle apaixona. Lucía está na elite española deste deporte, de feito compite representando a España na selección absoluta de bádminton, e pouco lle falta para chegar á elite mundial. No ránking ocupa unha das 50 primeiras posicións entre todos os deportistas do mundo, está no posto 46. Ela soña con disputar uns xogos olímpicos e por que non, tamén con poder estar nun dos tres postos do podio olímpico e acadar unha medalla. Non sei se o conseguirá, pero si sei que desde ANP desexamos con todas as nosas forzas que poida facer o seu soño realidade. En calquera, caso sexa posible ou non, o que xa é incuestionable é que unha deportista do seu nivel é un orgullo para a nosa comarca.



Lucía Rodríguez nun partido

Queremos coñecer a túa historia persoal

Ben, pois eu nacín no 2004 en Salvaterra do Miño. A miña nai é das Neves e meu pai é de Ponteareas, pero eu nacín en Salvaterra. Medrei en Salvaterra, pero As Neves é tamén a miña casa para min.

E como comeza a túa relación co deporte? Sempre foi o bádminton?

Non, para nada. Gustábame moito o deporte e de pequena probei fútbol, taekwondo e tenis. O bádminton apareceu como actividade extraescolar no colexio cando tiña sete anos. Apunteime case sen saber o que era. Ía un par de días á semana e comecei así, aos poucos.

En que momento pasa de ser unha ac-

tividade máis a algo serio?

Como me gustaba e se me daba ben paseime da extraescolar do cole e comecei co Club Bádminton As Neves. É o club máis importante da Comarca, incluso case poderíamos dicir que é o máis importante da provincia de Pontevedra, con moita tradición e moito nivel, a pesar de ser dun pobo pequeno compite nos campionatos de España e consegue moitas medallas. Alí foi onde comecei a adestrar con máis regularidade e a tomalo máis en serio.

Cantos anos tiñas cando empezaches no Club Bádminton de As Neves?

Entre oito e nove. Aquí pasábao moi ben e comecei a competir por toda Galicia.

Como segue despois a túa carreira deportiva?

Con doce anos xa comezo a adestrar a máis nivel en Pontevedra no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD). Con catorce quedei a vivir en Pontevedra na residencia de luns a venres. Este CGTD é o segundo máis importante de España en bádminton por detrás do de Madrid.

E non che deu medo ir vivir sen os teus pais tan só con catorce anos?

Ao principio estaba nerviosa, non coñecía a moita xente, pero adaptación foi rápida. Ao final estás rodeada doutros rapaces e rapazas que viven o mesmo ca ti. As fins de semana ía a casa cos meus pais.

A túa valoración desa etapa en Pontevedra?

Moi intensa. Adestraba todos os días e tamén estudaba alí. No instituto só había unha clase, todos eramos deportistas. Iso axuda moito, porque todos entendemos as competicións, as viaxes e o ritmo de adestramento.

Ata cando estiveches vivindo no CGTD?

Ata os dezaioito anos, cando rematei a selectividade. Despois desta etapa en Pontevedra marchei para Madrid.

Seguías competindo co Club As Neves na túa etapa de Pontevedra?

Si, sempre. Aínda que adestraba no CGTD, competía e sigo competindo co

LEIRAUTO TALLER
Talleres Leirauto S.L.L. f

MECÁNICA EN GENERAL
CAMBIO DE LUNAS
MANTENIMIENTO
NEUMÁTICOS
PRE ITV ...

986 657 255
648 606 300
leirauto@gmail.com
San Roque 5B 36457
Leirado - Salvaterra

Joyería - Relojería
SANTATERESA

C/ Progreso, 80 - 36880 A CAÑIZA
Teléfono: 886 155 560
Mail: santatareixa@hotmail.com

TAPI-ART
Taller de tapicería
Tapiceiros dende 1960

-Automóbil, Náutica, Fogar, Oficinas e hostelería
Somos especialistas
Crta. Nac.120- Barral Ponteareas
Tlf. 620032970

meu club. Iso non cambiou.

Que supuxo Madrid para ti?

En xaneiro de 2023 fun seleccionada para ir ao Centro de Alto Rendemento de Madrid co equipo nacional. Foi un paso moi grande. Non fun soa, fun con tres xogadores máis. Vivimos tamén en residencia e xa estamos totalmente integrados na dinámica da selección española. Estou moi contenta.

Como é o teu día a día agora con 21 anos e formando parte da selección española?

Adestro unhas cinco horas diarias. O bádminton é a prioridade absoluta por enriba dos estudos. Ademais estou estudando Animación 3D, pero vou pouco a pouco, adaptándome ao calendario de competicións. Non é doado compaxinalo, pero creo que é importante formarse tamén.

O voso calendario é principalmente internacional, non si?

Si. En España case non competimos, porque para o ránking mundial non conta demasiado. A maioría dos torneos son fóra. Dependendo do mes podemos ter dous ou tres torneos internacionais. En España só facemos o campionato de España.

Unha muller moi coñecida no teu mundo é Carolina Marín. Que significa para vós?

É o referente absoluto. En España ningún conseguira o que ela conseguiu a nivel mundial. É un exemplo e é a mellor na historia do bádminton.

Vedesvos chegando ao seu nivel?

O noso mellor resultado foi unha semifinal nun torneo internacional. Ela gañou campionatos do mundo e Xogos Olímpicos.

En que modalidades compites?

Estou especializada en dobres. Xogo dobres feminino con Paula López, que é de Madrid, e dobres mixto con Rubén García, de Granada. En individual non compito, despois de júnior o normal é espe-

cializarse nunha modalidade e decidín centrarme en dobres.

Cal é a túa posición actual no ránking?

Agora mesmo estou arredor do posto 46 do mundo en dobres mixto. En dobres feminino estamos máis atrás, sobre o 80, pero é porque a miña compañeira estivo lesionada e operada o ano pasado e case non competimos. Chegamos a estar no 43.

Pódese vivir profesionalmente do bádminton en España?

Mentres estás competindo a este nivel, si. Pero non é un deporte que che asegure estabilidade para toda a vida. Cando deixas de competir, tes que ter outra saída profesional. Por iso tamén estudo.

Ata que idade se pode competir a alto nivel?

Depende moito da persoa e do seu corpo. Hai quen con 25 anos xa está queimado e o deixa, e hai casos como o de Pablo Abián, que te 41 anos e segue competindo chegando a estar no Top Mundial. É un deporte moi esixente física e mentalmente.

Cal é o teu gran obxectivo deportivo? Clasificarme para os Xogos Olímpicos de Los Ángeles 2028. É o gran soño. Creo que temos opcións reais de loitar pola clasificación.

Se vos clasificades, tedes opcións a algunha medalla?

Agora mesmo sería moi complicado, pero a longo prazo ese é o obxectivo. Se estás aí, queres aspirar ao máximo.

Botas de menos Galicia?

Claro que si. Sempre que podo volvo. A familia e os amigos están aquí e iso nótase.

E cando remate a túa carreira deportiva, onde te ves?

Agora mesmo gustárame volver a Galicia. Pero son nova e poden pasar moitas cousas. Xa veremos que trae o futuro, poden pasar moitas cousas na vida persoal e deportiva.



Malditos bastardos

opinión

Xoan Carlos Caballero, mestre

Tarantino xa foi quen de cambiar a historia en Malditos bastardos. Un grupo de elite formado por soldados xudeus-estadounidenses encargouse de sementar o pánico entre o exército nazi. Sen contemplacións, arrincaban as cabeleiras dos soldados e marcaban cruces gamadas a coitelo nas súas fronteiras, para que, unha vez rematada a guerra e colgado o uniforme non puidesen zafarse do xenocidio o que someteron á poboación xudea.

O bo de Quentin fíxonos gozar e que imaxináramos durante dúas horas que a historia puido ser completamente diferente grazas a xenial ocorrencia de meter nun teatro a Hitler e os seus secuaces, bloquear as portas para logo plantarlle lume e ametrallalos dende o anfiteatro.

Se tanto gozamos co esa escena, que tería evitado tanto sufrimento de ter sido certa, preguntome se nestes intres Tarantino, en vez de cambiar a historia, non sería capaz de adiantarse a ela e rodar Malditos Bastardos Volume 2.

A día de hoxe, non son as Waffen SS de Adolf Hitler as que percorren as rúas á caza de xudeus senón os paramilitares do ICE de Donald Trump en busca de emigrantes. Os motivos para detelos e ser enviados a un centro de procesamento poden ser a aparencia, a cor de pel, a indumentaria ou mesmo o acento.

Salvando as distancias, o fondo é semellante, e o director de cine só tería que ir actualizando o tipo de aberracións que se cometen na actualidade para que, devagar, fosen conducindo a un final exacto ao da primeira metraje. Vénseme á cabeza unha escena de Air-

bag onde un político moralmente idéntico a Trump lamentábase de ser vítima dun complot logo de ser detido por abusar de nenas de dez anos. Tratábase dun pederasta que aseguraba descoñecer a idade das menores e que culpabilizaba aos pais por vestilas coma putas. Na segunda parte de Malditos Bastardos, Tarantino non dubidaría en recrutar exguerrilleiros de tódolos grupos que combateron as ditaduras militares en América do Sur para transformalos nun novo exército de elite. Unha Fronte Revolucionaria Pansudamericana integrada por membros de Sendero Luminoso, as Farc, os Tupamaros, o Exército Zapatista de Liberación Nacional ou mesmo os Montoneros Arxentinos.

Rematado o período de formación, comezarían a rastrexar as rúas estadounidenses en busca dos axentes do servizo de inmigración e marcarlles o acrónimo ICE na fronte con saíles en miniatura, saíles que serían réplicas exactas do liberador Simón Bolívar.

E a guinda do pastel, a escena final posiblemente tería lugar na Torre Trump. Escollería o día do aniversario de Melania. O goberno estadounidense estaría invitado ao completo. Chegados a ese momento, teño dúbidas de como remataría Tarantino a súa obra mestra. Probablemente veríamos a Trump, Cruz e Vance saltando polo aire cun habano na boca, recheo dunha sustancia explosiva no día da celebración da invasión de Cuba ou envelenados comendo unha arepa venezolana aderezada con xofre extraído do petróleo que lle roubaron ao país caribeño.

Mais eu inclínome porque estrelaría o Air Force One contra a Torre Trump, cuxo pasaxe sería o Estado Maior



MENTA POLEO
arte en flor

Servicio 24horas.

+34 629 505 958 | +34 986 659 288

Rúa Galicia, nº 2 36450 Salvaterra de Miño

info@mentapoleoartenflor.com

www.mentapoleoartenflor.com

audífonos
escoita®

PRUÉBALOS
GRATIS

escoita.gal

Vigo | Ourense | Redondela | Porriño
Ponteareas | Tui | Tomiño | Salceda C. | Allariz

900 525 754 | escoita.gal
tel.: gratuito

Conxunto ianqui. Todos eles con hi- fo de America —así rebautizado por perlordose lumbar e secuelas cogniti- Donald Trump— logo de ser arras- vas, provocadas polo peso das meda- trados entre os escombros das torres, llas penduradas no peito que, a miúdo, polas correntes atlánticas dende Nova lles causaban caídas de fuciños contra Iorque. Mentres, ao lonxe, escóitaselle o chan. a un mariachi cantar “Ay ay ayay canta Os golfos americanos no fondo do Gol- y no llores”

A parvada do mes

Anotop at

“É moi diferente vir apoiar ao presidente Azcón que vir dar a cara polo presidente Sánchez.....Eu non veño dar a cara polo presidente Azcón, que tamén...”

Alberto Núñez Feijoo

Os negocios de toda a vida

A ferretería de Julio Pérez Giráldez, memoria viva de A Caniza

“Hai que ser sincero cos clientes, e buscar sempre o mellor para eles”



Julio na súa ferretería

O día que Julio decida pechar o seu negocio A Caniza vaino

asesoría terra

"Consultoría, Servicios Integrales en Asesoría, Organización, Planificación, Productividad y Eficiencia"



asesoría terra

Rúa Rosalía de Castro, 107 - Baixo



Bugarín · Chan, 10
36869 PONTEAREAS

Facemos Comida para levar

986 66 15 19
687 30 98 62

GALIPOR

GALAICO PORTUGUESA DE REPARACIONES, S.L.

SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA

Regueiro, 3 - Oleiros - Salvaterra
986 658 257 galiporgalicia@gmail.com

botar de menos. Julio leva toda unha vida atendendo á veciñanza da súa vila coa súa mirada cálida e cordial, o seu sorriso oceánico e a súa inmensa capacidade para escoitar a calquera persoa que se achegue pola súa ferretería a mercar calquera cousa, ou simplemente a conversar. Porque si, Julio é un excelente conversador que suma aos seus máis de 60 anos de actividade profesional, ferreiro, comercial, dependente, transportista, repartidor de prensa., unha capacidade innata para escoitar aos demais e encontrar as palabras adecuadas para construír un universo de comodidade e calidez no centenario espazo do seu negocio de ferretería. Julio é un vello amigo de A Nova Peneira co que foi un pracer conversar e coñecelo un pouco máis. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa.

De onde es ti natural?

De San Amaro na provincia de Ourense. Nacín en 1947. É un sitio moi preto da Cañiza, está a uns 20 quilómetros de distancia

Cando chegaches á Caniza?

Eu levo toda a vida aquí. Cheguei cando tiña catro anos, en 1951.

Cal foi o motivo de que chegaras á Caniza?

Porque os meus pais montaron unha carnicería. Estaba na rúa Progreso, xa pechou hai moitos anos.

Cando empezaches a traballar?

Moi pronto. Cando tiña 13 anos. Traballaba polo día e ía estudar de noite a unha academia, a academia de Don Pedro. Traballaba de dependente nun comercio de tecidos. Logo cando cumprín 18 anos marchei a Vigo.

Que fas en Vigo?

Marchei para uns almacenes que naquela época eran moi importantes: "Almacenes Gran Vigo". Logo fun para "Textil Hogar". Estiven tanto de comercial como de encargado de tenda.

Ti comezaches traballar novo, e sei ca casaches novo tamén?

Pois si, casei cando ía facer os 21 anos.

Levas toda unha vida con Mari Carmen. Lembras onde a coñeciches?

Si, claro que o lembro. Ela é de Arbo e coñecina nunha festa no seu pobo.

En que ano volvíches á Caniza?

Hai 42 anos, comprei o local onde teño a ferretería na actualidade.

O negocio xa existía antes de que ti

o montaras?

Si, chamábase Ferretería Pintos. O negocio ten arredor de 140 anos de antigüidade. Desde hai 40 anos estiven vivindo ininterrompidamente do negocio.

Pero polo que eu sei fíxeches máis cousas?

Si, a verdade é que traballei moitísimo. Tamén cheguei a repartir prensa por Vigo e pola península do Morrazo. Lembro ir nun Seat 1500 dos daquela época e que nos días de chuvia tiña que parar un feixe de veces a limpar o parabrisas. Incluso levei por moitas zonas as valixas da Caixa de Aforros. A verdade é que toda a vida traballamos moito.

Que produtos podemos encontrar na ferretería?

Somos unha ferretería convencional. O que hai que ser é sempre sincero co cliente e buscar sempre o mellor para el. Eu tiña armería, pero deixei, e durante moito tempo tamén fixen transporte.

A onde ías co camión?

Ía por toda España e por moitos sitios de Europa tamén: Lisboa, París, Berlín..

En tantos anos de traballo seguro que viviches todo tipo de contextos: bos, malos e regulares. Atrévíaste a dicir cal foi o peor contexto económico de todos estes anos?

Eu creo que o actual. Antes traballabamos moito pero gañabamos suficiente

para construír un proxecto de vida que permitira vivir con dignidade. Agora traballar moito, ou incluso moitísimo, non asegura nada. As cousas pónense moi difíciles, especialmente para a mocidade

Alén dunha intensa vida laboral, tamén tiveches un paso pola política, verdade?

Si, fun nunha lista independente que encabezaba José Carpintero. Cheguei a ser concelleiro catro anos. Estaba Mera de alcalde.

Cal foi o motivo que impulsou a túa participación política?

A defensa dos intereses do meu pobo. A min nunca me fixo falta a política para vivir e considero que non depender da actividade política para poder vivir é a mellor maneira de poder actuar con liberdade. No caso contrario, se o teu salario está na actividade política, podes verte obrigado a tragar con cousas que non cres ou coas que non estás de acordo.

Cal é o mellor recordo do teu paso pola política?

Regularizar o polígono industrial.

Que tal relación tiveches cos tres alcaldes que coñeciches?

Moi boa cos tres. Tanto con Mera como con Miguel como con Piña estiven moi ben cos tres.

Ao teu xuízo que sería necesario para mellorar A Caniza?

Non é unha pregunta fácil. O rural galego en liñas xerais atravesa problemas

serios e A Cañiza non é ningunha excepción. Pero eu vexo ao noso pobo un tanto frío. Boto de menos máis iniciativas para tratar de dinamizar a actividade comercial e a vida en xeral.

Por que non te xubilas?

Porque me gusta o que fago. Estou moi a gusto tratando coa xente e atendendo á clientela que me ven visitar. Mentres a saúde responda non vexo razón algunha para deixar de facer o que me gusta. Que quede claro que non é polo que dá a tenda, que xa é moi antiga. É porque adoro o trato coa xente. Sirveme para sentirme vivo. Ás veces a xente venme contar as súas frustracións e os seus problemas, eu escóitoos con atención e interese e síntome como un pouco psicólogo.

Tes fillos?

Si, un fillo e unha filla. Pero ningún dos dous ten interese en seguir co negocio.

Cando se acabe a túa vida profesional, a ferretería morre?

Se alguén estivera interesado traspasaríaa, claro. No caso contrario pois quedaría como unha especie de museo.

Rematamos. Cal é a túa opinión do cambio de topónimo da vosa localidade que pasará a adoptar a forma galega orixinal e chamarse A Caniza?

Cando eu era neno esa era a forma maioritaria. A xente dicía A Caniza. Logo no franquismo pasou a ser La Cañiza, posteriormente A Cañiza e agora un novo cambio. Tanto cambio a verdade non sei eu.



INSTALACIONES AS NEVES



FONTANERÍA - CALEFACCIÓN Y GAS

MANUEL NÚÑEZ ÁLVAREZ

986 667 012 | 608 884 729

C/ Cruceiro, 11 Bajo 3. 36440 AS NEVES



Cafetería La Parada 24H
Desayunos, menú de día, cenas, bocadillos, platos combinados, comidas y postres para llevar, terraza, parque infantil, aparcamiento clientes.

GASOLINERA 24h
Tienda conveniencia-butano/propano, palets, carbón y leña, lavado de coches (túnel, boxes y aspirado), aparcamiento clientes

Taller Salco (9-13:30/15-19)

Cousas de Salvaterra



Árdelle a casa a Ángela Pazo de Arantei, de Moreira.

Antón Xaque, veciño da vila

historia

O certo é que vivía na freguesía de Arantei, pero non sabemos si era orixinaria da freguesía de Moreira, Pontareas, (e non sería nada fora do común, que tivera as súas orixes na freguesía monçanense de Moreira). A pobre muller, pobre, tivo a mala fortuna de que lle ardeu totalmente a súa casa. O suceso tivo repercusión na prensa da época e transcendeu, como non? a o país onde tantos galegos residían emigrados, Arxentina.

Repasemos algúns xornais da época, a ver que dicían:

- O 19 de Setembro de 1926, El Pueblo Gallego de Vigo daba a nova: "O día 16 ás doce, iniciouse un incendio na casa habitada pola súa propietaria, a veciña desta parroquia Ángela Pazo alcumada "Troula". O toque de alarma, dado polas campás, acudiron o lugar do sinistro os veciños da parroquia e veciñas, co propósito de sufocar o lume, pero este tomou tales proporcións que en pouco máis dunha hora consumiu por completo o inmovible. Solo puideron salvar algúns efectos domésticos e evitar que as lapas prenderan na casa contigua, propiedade da veciña Josefa Filgueira. A Sra. Ángela é una pobre muller que ten o marido na América e que se adica a venda de peixe a domicilio. A destrución da modesta vivenda deixouna pouco menos que na miseria...."

- El Tea, (xornal de tendencia agrarista) do 03 de Xullo de 1927, dicía, "...leemos no decenario El Eco del Condado, (xornal editado polo abade de Fornelos da Ribeira de tendencia clerical), de data 10 de Abril pasado, como noticia de Arantei, que os fillos desa parroquia residentes en Bos Aires, xiraran a Sra. Ánxela Pazo, 1600 Pesetas, (uns 6000€ de hoxe), pra axudala a reconstruír a casa que lle fora destruída nun incendio, produto que segundo "El Eco", obtiveran os mencionados veciños nun festival (sen máis). A falga da verdade non pode ser maior. Coñezo o asunto e quero, por medio do "El Tea" informar con sinceridade os veciños dese Distrito da ver-

dade, para dar a cada quen o seu e darlle a voz de alerta para que non se deíxen enganar".

"O saberse en Bos Aires a triste noticia do incendio e das súas fatais consecuencias, varios veciños de Arantei e socios da Sociedade Unión Progresista do Distrito de Salvaterra de Miño en Bos Aires, puxeron a noticia en coñecemento da Comisión Directiva de esta e solicitaron fixera o posible por axudar a infortunada muller. A Comisión da Unión resolve no acto por unanimidade organizar un festival a beneficio de cuxa organización encargouse a C. D. agregando á mesma as persoas que asinaban a carta de solicitude, todos eles de Arantei e socios. Dito festival realizouse o día 25 de Decembro de 1926 no Orfeón Español, dando un resultado líquido de 649 pesos moeda nacional. É digno de aplauso o entusiasmo que os veciños de Arantei demostraron, o mesmo que todos os demais socios da entidade organizadora pois solo así se pode obter un éxito tal". Asina M. P. Couto, Bos Aires, Maio de 1927.

- Polo xornal agrarista, prohibido na Galiza, "Acción Agraria", sabemos en que consistiu ese festival, "con moito entusiasmo véñense realizando os traballos referentes á organización do festival artístico e baile familiar que esta entidade debe realizar o sábado 25 de Decembro do 1926 no Orfeón Español, a total beneficio da veciña de Arantei Ángela Pazo, da cal demos conta no noso número anterior, de seguido damos a coñecer o programa a desenrolar: 1.- Enano de Riego, pola orquestra.

2.- O Cadro Social de Declamación "Aires do Miño", dirixido polo consocio Sr. José Pazos, porá en escena o xoguete cómico nun acto, orixinal de Julio Firtuoso, titulado Academia de "Declamación". 3.- Aires Españoles, pola orquestra. 4.- O sainete nun acto e tres cadros orixinal dos Sres. E. de Rosa e A. Discépolo".

Asemade esa Sociedade puxo en coñecemento a outras asociacións irmás parecidas de Bos Aires, como se pode apreciar na carta que se reproduce de seguido:

S. U. P. del D. de S. de M. en B. A. Secretaría Cerrito 585

Buenos Aires, 06 de decembro de 1926

Sr. Presidente de la Sociedad "LA ANTORCHA DE CRISTIÑADE", (idénticas cartas ás Sociedades de FORNELOS, CALDELAS, ENTIENTENZA, NOGUEIRA e SALCEDA). Da nosa consideración: Despois de saudalo e polo seu intermedio aos demais membros desa C.D manifestámoslle que a presente ten por obxecto solicitar o concurso desa prestixiosa institución para o festival que esta Sociedade realizará a noite do 25 do corrente no Orfeón Español a total beneficio da veciña Ángela Pazo de Moreira, da parroquia de Arantei, pertencente ao noso Distrito de Salvaterra, a quen fai aproximadamente dous meses queimóuselle a casa na citada parroquia, quedando na indixencia e sen teito en que acubillarse porque o seu estado de pobreza non lle permite construír outra.

O produto líquido que se obteña na referida velada será destinada a

reconstruírle a casa á mencionada veciña, e tratándose dunha obra humanitaria como esta, non dubidamos que esa institución, que pertence ao mesmo partido xudicial, prestaranos o seu concurso, a cuxo efecto lle participamos que fixemos rifas de \$0.20 en talonarios de \$ 1 cada un, sendo o valor das entradas o seguinte; palcos con 4 entradas \$ 10 cada un, cabaleiros \$ 2 cada un, damas \$1 cada un, e con moito gusto remitiremos a esa Directiva a cantidade que dunha ou outra teña a ben pedirnos.

En espera das súas gratas noticias respecto diso, enviamos un fraternal saúdo a esa Entidade. Pola C A.:

Secretario: Núñez.

Presidente: Manuel Puente.

Tamén a Sociedade Unión Progresista do Distrito de Salvaterra de Miño en Bos Aires, diríxese o 09 de Febreiro de 1927 a Señora Ángela Pazo de Moreira de Lima (xa nos aportan outro dato, Lima), de Arantei, Salvaterra de Miño, nos seguintes termos:

"Da nosa consideración: Un núcleo de veciños desa parroquia e socios desta Sociedade, tendo coñecemento da desgraza que lle ocorreu a Vde. o incendiárselle a casa, solicitou da Comisión Administrativa desta Sociedade a realización dun festival pra arranxar fondos con que socorrela e levantar de novo a casa, solicitude a que esta Comisión Administrativa accedeu de inmediato, pois esta Sociedade está sempre disposta a socorrer os seus asociados en Bos Aires e ás familias no Distrito.

O festival ó que nos referimos foi celebrado o día 25 de Decembro de 1926 e arroxou un saldo líquido de 646.51 pesos, que o cambio actual ascende a cifra de 1.593 Pesetas, cantidade que xunto coa presente seralle entregada en man polo noso representante nesa Sr. Manuel Mariño Méndez (que acabou sendo alcalde na 2ª República), a quen lle rogamos se sirva outorgarlle o recibo correspondente para o Arquivo desta Sociedade".

Asina a carta o Secretario Núñez, sendo Presidente nesa altura Manuel Puente, de Oleiros.

As Entidades Locais Menores

“O BNG de Mondariz está en plena forma, e con toda a ilusión de poder chegar ao corazón da maioría social do noso pobo”

Alex Estévez, alcalde pedáneo da ELM de Vilasobroso

Unha Entidade Local Menor é unha administración local de ámbito inferior ao concello. Xestiona unha parroquia e adoita ser un sinal de identidade e orgullo moi importante na personalidade colectiva da veciñanza da súa área xeográfica. No país galego existen 9 ELM, a inmensa maioría están en Pontevedra, 8, mentres que a restante se atopa no Concello de Leiro, na provincia de Ourense. Das 8 entidades provinciais 7 están na área de influencia de A Nova Peneira: Vilasobroso e Queimadelos, en Mondariz, Camposancos en A Guarda, Pazos de Reis en Tui, Morgadães en Gondomar, Chenlo no Porriño e Bembrive en Vigo. Imos coñecer as todas. Na presente edición falaremos cos alcaldes pedáneos das dúas Entidades Locais Menores do concello de Mondariz : Álex alcalde de Vilasobroso, e Pablo alcalde de Queimadelos, ambos do BNG.

A viaxe polos camiños da vida ás veces é como cantaba Rubén Darío “dura, amarga e pesa”, e pola contra en ocasións dános sorpresas inesperadamente agradables. Unha delas é Álex , alcalde pedáneo da ELM de Vilasobroso desde o 2019, ao que nunca tivera a oportunidade de coñecer ata os últimos días do pasado mes de Xaneiro. El é enxeñeiro de profesión, ten 45 anos de idade e é un cadro político de primeirísimo nivel que estou seguro chegará moi lonxe no universo da política galega. Álex reivindica con orgullo a etapa da alcaldía de Xose Emilio Barros e manifesta que o BNG ten toda a ilusión por acadar a confianza da maioría da veciñanza de Mondariz porque, entende el, que ten o mellor proxecto para o conxunto do seu pobo. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa

Queremos coñecer un pouco máis

Ben, pois eu teño 45 anos, son natural de Pontearreas aínda que con vínculos familiares moi profundos con Vilasobroso. O meu avó era o propietario da

antiga fábrica de madeira e fixo casa en Vilasobroso na década dos 80. Son enxeñeiro de formación e de profesión. Estiven unha temporada traballando en Holanda e regresei á terra en setem-



Xavier Moreda

bro do ano 2015.

Como cando comezou a túa relación coa política?

O meu interese comezou de forma natural e espontánea. Eu diría que xa no colexio. A medida que fun crescendo tomei partido polo que consideraba máis xusto.

Como iniciaches a militancia no BNG?

Houbo un pequeno encontro cando tiña 18 anos. Logo fun estudar a Madrid e a miña vida política quedou un tanto aparcada. A relación sería comezou cando volví de Holanda e xa formei parte do consello local do Blo-

que de Mondariz. No ano 2019 fun escollido alcalde pedáneo de Vilasobroso, este é o meu segundo mandato. Lembro aqueles momentos con especial cariño pois houbo un traballo intenso e frutífero cóbado a cóbado con Xose Emilio Barros, que no mandato 19-23 foi o alcalde de Mondariz.

Cantos habitantes ten Vilasobroso?

Algo máis de 300. Pero censados que votemos aquí seremos arredor de 250.

Cantas persoas formades a corporación?

Somos 5: 2 do BNG, eu son o presidente, 2 de Alternativa e 1 do PP.

Como é a túa relación cos compañeiros de corporación de AV e do PP?

É cómoda, coas lóxicas discrepancias, pero lévase ben.

Cales son os principais problemas que padece Vilasobroso?

Non somos alleos ao principal problema que padece todo o rural galego: O valeiro demográfico como consecuencia da escaseza de servizos e oportunidades laborais para podermos construír un proxecto de vida no lugar no que nacemos.

Que competencias ten unha ELM?

A principal é o coidado do noso patrimonio. Alí tamén incluímos o monte, as fontes, as presas, os lavadoiros, prazas, camiños e os mercados(este último suposto non nos atinxe, pero si hai ELM que teñen mercados)

Como vos financiades?

Por lei nós temos dereito a un mínimo do 25% dos impostos municipais da

AS NEVES
TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

Mecánica, Chapa
y Pintura al Horno
B- 36307866

Tlf.: **986 68 29 08**

667 36 70 41

Pazo, n.º8

36449 Tortoreos

As Neves

talleresneves@gmail.com

TALLERES LAMAS
José Luis Lamas Pérez
Servicio Oficial
PASQUALI Y BARBIERI

MEDER - SALVATERRA
Teléfono/Fax: 986 657 247
tallereslamasss@gmail.com

* MECANICA
* CHAPA
* PINTURA

AUTO-TALLER



Agrícola
“A Sementeira”
PIENSOS - CEREALES - SEMILLAS - AGRÍCOLA
JARDÍN - SULFATOS - ABONOS / SUSTRATOS - ETC
Telfs: 986 65 93 94 - 606 7450 09
Rúa Galicia 2 Bajo SALVATERRA DE MIÑO (al lado del DIA%)

AGROPARAÑOS

- Piensos en xeral
- Cereais
- Abonos / Sulfatos
- Sementes e plantas
- Viña, horta e froitas
- Plásticos e mallas
- Ferretería
- Patatas
- Venda de polos e galiñas

SERVICIO A DOMICILIO

664 414 191

PARAÑOS, 3. COVELO



parroquia. Quero aclarar que levamos moi pouco tempo recibíndoo. Foi algo que se regularizou na alcaldía do BNG. Agora mesmo, tanto na alcaldía de Calis como con Pablo Barcia, o alcalde actual, temos que batallar para podelo cobrar. Cando nos chega esa partida podemos formularnos a posibilidade de acometer algunha contratación, algo que ata entón era imposible. Quixera salientar ao respecto do tema do financiamento, algo esencial para o funcionamento normal de calquera entidade, que a colaboración da DEPO e da Xunta é inexistente.

Desde que es presidente da ELM convíviches con 3 alcaldes diferentes: Emilio do BNG, Calis de Alternativa, e Pablo Barcia do PP. Como valoras a relación con eles?

Institucionalmente foi cordial cos 3.

A situación política de Mondariz é

enormemente complexa. De feito dos 35 concellos da nosa área de influencia é o único no que non me atrevo a prognosticar nada en absoluto do que pode acontecer nas eleccións do 27. Cal é a túa opinión?

Na política municipal importa moito a persoa. Resulta difícil saber o que pode acontecer. Quero recoñecer o traballo titánico do alcalde Xosé Emilio Barros, en colaboración co PSOE. O goberno do 19-23 BNG-PSOE conseguiu moitísimas cousas, incluíndo un financiamento inaudito para Mondariz. Os veciños, que son soberanos, polo que sexa non o recoñeceron e danlle o apoio maioritario a Calis.

Logo toman unha decisión inédita e todo o equipo de goberno dimite. Para min esa actuación defrauda ás persoas que depositaron a súa confianza en Al-

ternativa. A situación de Mondariz é complexa, si. Hai temas estruturais de moita importancia que foron abordados na alcaldía do BNG e que parece mentira que non estean enriba da mesa do alcalde actual nin que tampouco o estiveran na etapa de Calis.

Como está a saúde interna do BNG de Mondariz?

Está moi ben, no momento actual gozamos de moi boa saúde. É certo que a perda da alcaldía no 23 foi un golpe duro pero a diferenza doutros o BNG é un proxecto colectivo firmemente chantado na realidade social do pobo galego que se constrúe sempre de abaixo arriba. Temos corpo militante, activo e comprometido, nomeamos a unha nova responsable local, Alba Sanjurjo, unha muller nova, e estamos en plena forma e con toda a ilusión para

tratar de chegar ao corazón da maioría social do pobo de Mondariz.

A dimisión de Xosé Emilio Barros?

El deixa de encabezar o BNG local pero segue sendo un importante activo do bloque de Mondariz. De feito na última xuntanza do consello local alí estivo con nós. A súa dimisión ven dada unicamente porque levaba moitísimo tempo como concelleiro. E na vida de calquera persoa chega un momento no que o corpo pide parar.

Se a asemblea de militantes de Mondariz decidira que ti es a persoa máis adecuada para encabezar a candidatura do Bloque ás municipais do 27, ti estarías disposto?

Eu son un militante do BNG, que é unha organización radicalmente democrática, e asumirei a decisión maioritaria que

“O mellor que lle pode pasar a Mondariz é que volva o BNG ao goberno do noso pobo”

Pablo Rodríguez Fernández, alcalde pedáneo de Queimadelos.

Queimadelos é unha das ELM da nosa área de influencia. É unha parroquia moi pequena de apenas 100 veciños, berce da nosa ex compañeira e xornalista brillante Alma López, e que amosa con orgullo unha personalidade propia moi marcada. A ELM é gobernada cunha maioría máis que absoluta, cunha maioría total, que xa lle gustaría poder acadar algunha vez ao alcalde de Vigo, pois os 3 membros da corporación son do BNG. Esta organización goberna a ELM desde hai moitísimos anos, sinal de que deben de estar a facer moi ben as cousas. O presidente da ELM é Pablo, un home novo de 41 anos que traballa de profesor de autoescola na cidade de Vigo. Nós conversamos con el. Velaí vai o resultado

Queremos coñecerte mellor, Pablo

Ben, eu teño 41 anos son natural de Mondariz e vivo en Queimadelos desde hai 15 anos. Na miña

vida profesional eu traballo de profesor de autoescola en Vigo.

Como e cando comezou a túa relación coa política?

Sempre tiven interese nos asun-



Pablo Rodríguez Fernández

meu vínculo coa política orgánica comezou no ano 2019 cando entrei de vogal na ELM de Queimadelos.

Quen era presidente/a naquel momento?

Sandra, unha compañeira do BNG. Ela é agora vogal e eu asumín a presidencia.

Por que motivo se deu ese cambio?

Ben, nós entendemos que a rotación nas responsabilidades políticas é adecuada, e incide en positivo na saúde democrática de calquera administración.

Cantas persoas sodes na corporación da ELM e de que partidos?

Somos 3 e os 3 do BNG.

Caramba tedes maioría absolutísima

tos públicos, especialmente nos que atinxen á forma máis próxima e directa de facer política que é o contacto coa nosa veciñanza. O

Pois si, e nós desde logo que estamos moi honrados pola confianza que nos dá a veciñanza de Queimadelos.

GASOLEOS TEA S.L.

Distribuidor Oficial para:
CALEFACCION, INDUSTRIA y AUTOMOCION

SERVICIO A DOMICILIO

REPSOL

Tel. 986 66 13 90
C/. Real, s/n. - bajo
Tel. y Fax 986 66 13 89
36860 PUENTEAREAS

Tel. 986 61 43 61
C/. Rosalía de Castro, 3
Tel. y Fax 986 61 43 12
36780 LA GUARDIA

COMERCIAL Carrera

Todo en baño y cocina

WWW.comercialcarrera.com

Xinzo, 1-Sobral
Ponteareas

986 641 439
609 490 331

info@comercialcarrera.com

Nas votacións das municipais na parroquia tamén gaña o BNG?

Si, na nosa parroquia adoita gañar o Bloque. Polo menos nos 15 anos que eu levo vivindo aquí.

Cantos veciños ten Queimadelos?

Arredor de 100, somos unha parroquia pequena.

Hai xente moza?

Moi pouca.

Cales son os principais problemas ten a ELM de Queimadelos?

A cuestión económica á a máis complicada. Supoño que lle pasará o mesmo ás outras ELM.

A ELM ten dereito ao 25% dos impostos recadados na vosa parroquia. Recibides eses cartos sen ningún tipo de atranco?

Recibímolos por primeira vez cando Xose Emilio Barros foi alcalde. Cando gobernou o BNG en Mondariz foi a única vez na historia que recibimos eses cartos, que legalmente nos corresponden, sen ter que estar a pelexar para que nos dean o que é noso.

Entón tanto na alcaldía de Calis como na de Pablo tivestes que reclamálo?

Si, e temos atrasos pendentes de cobro que non se dan solucionados.

O concello debe cartos á ELM?

Si, de varios anos atrás. E non o solucionou Calis, nin de momento o alcalde actual.

Alén da cuestión económica que outros problemas ten Queimadelos?

Os meses que calquera outra zona do rural galego: envellecemento da poboación, falta de servizos e o saneamento. Só unha parte moi pequena da parroquia dispón de saneamento. Nesta cuestión do saneamento só avanzamos na épo-

ca da alcaldía de Xose Emilio Barros. Nestes tres últimos anos non se fixo nada en absoluto.

Cales son as vosas principais actividades?

Como a de calquera outra ELM a xestión do noso patrimonio. Logo nós temos unha particularidade que é a xestión da auga.

De onde procede a vosa auga?

É unha traída veciñal.

Como financiades a xestión?

Cobrades un recibo aos veciños?

Nós de momento financiamos a xestión da auga cos beneficios que nos dá a explotación do monte, coa venda da madeira e co alugueiro dunhas antenas.

Que tal son as relacións co actual alcalde Pablo Barcia?

Falar con el é complicado. Cada vez que queremos ter unha reunión con el é difícil. A nosa percepción é que non somos a súa prioridade e que anda ás voltas cada vez que lle pedimos unha cita.

Rematamos. Mondariz vive unha situación política moi complexa, case se podería dicir que inédita na historia política recente do estado español. Non é nada fácil prognosticar que é o que pode acontecer nas eleccións do 2027. Ti como o miras?

Eu o que digo é que o mellor que lle pode pasar a Mondariz é que o BNG volva gobernar. Foi a única vez na nosa historia que Mondariz avanzou. Nós estamos moi ben en plena forma, con moito ilusión e agardamos poder chegar á maioría social do noso pobo.

Supoño que non tardaredes moito en designar un novo candidato ou candidata?

Non, claro que non. As eleccións son en pouco máis dun ano.

AporM censura ao alcalde de Mondariz por querer duplicar equipamentos públicos

Afirma que é incomprensible que queira construír unha nova depuradora e outra escola infantil só para Mondariz, cando ambos servizos xa existen

Mondariz

O alcalde de Mondariz, o popular Pablo Barcia, vén de anunciar que o Concello solicitou á Xunta de Galicia unha subvención para construír a súa propia depuradora. A xuízo de Alternativa por Mondariz esta medida é irresponsable e populista, xa que a Xunta de Galicia construíu a depuradora en 2005 para o seu uso conxunto por ambos municipios que está preparada para dar servizo a 6.000 persoas, cando Mondariz Balneario só ten 724 habitantes.

Agora, 21 anos despois da posta en marcha da depuradora supramunicipal, o PP desde o Concello de Mondariz e desde a Xunta de Galicia toman a decisión de emendarse a si mesmos e apostar de novo por un localismo irresponsable que non entende de compartir ou mancomunar servizos con Mondariz Balneario, só porque o seu alcalde non é do seu partido.

"O saneamento integral de Mondariz e a calidade da auga do río Tea son do interese dos veciños de Mondariz e Mondariz Balneario, e teñen que estar por riba das siglas dos partidos políticos. Quen non entenda isto, ten que dedicarse a outra cousa", concluíu.

Ao mesmo tempo, o rexedor mondari-zán traballa por construír no noso Concello unha escola infantil propia, cando xa existen unha en Mondariz Balneario

desde o ano 2006 que funciona conve-niada con Mondariz. "O localismo é un capricho infantil que non ten en conta a vida real, que pensa que as administracións teñen que facer o que non fan os nosos veciños: vivir de costas uns dos outros", afirma Montes Bugarín.

Mutuo prexuízo

Para Xoán C. Montes Bugarín, portavoz de AporM e anterior alcalde, a negativa a impulsar a colaboración con Mondariz Balneario é unha demostración de que a vella política arraigou de novo no concello coa chegada do PP á alcaldía. "Se Mondariz e Mondariz Balneario colaboran e cooperan, todos gañamos. Se cada un vai polo seu lado, todos os servizos que prestamos aos veciños, incluído o do saneamento, serán máis caros, perdemos todos", sentenciou.

Calis instou a Pablo Barcia a non ser localista nin contribuír ao illamento de Mondariz. "Xestionamos conxuntamente con Mondariz Balneario a Depuradora, o Punto Limpo e a Escola Infantil. Se hai discrepancias nos custes destes servizos, falémolo, discutámolo e cheguemos a un acordo en mutuo beneficio. Calquera outra decisión é traballar polo contrario: o encarece-mento dos servizos públicos e o mutuo

EA ESPACIO
arquitectura

arquitectura | gestión | urbanismo

Marqués de Viana 12 - Bajo
SALVATERRA DE MIÑO

+34 886 663 033 | info@espacioarq.es | espacioarq.es

Ferretería Bazar

Materiales de construcción

Mondariz

Avenida del Val, 1 36870 - Mondariz

986 656 002

TAPICERÍA
SAN ROQUE



650 44 00 57

C/ Moscadeira Nº5. PONTEAREAS

Ferretería Alpe, s.l.

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN EN GENERAL

Tel.: 986 65 64 66 - MONDARIZ



Aarón Franco, xornalista

Galaicolandia

opinión

Son profesor. Teño unha academia. Nada extraordinario. En Marín hai moitas. O extraordinario, ás veces, é o que che cae enriba un xoves calquera sen esperalo.

Hai uns días pregunteille a unha alumna, con toda a normalidade do mundo, que tal lle fora o exame de galego. A resposta non foi boa nin mala: foi desconcertante. Comezou a falar-me de Galaicolandia. Así, con toda a seguridade. Eu quedei calado uns segundos, pensando que se me escapaba algunha referencia cultural nova, algún videoxogo, unha serie, un meme. Preguntei. Ela explicou. Volvín preguntar. Ela volveu explicar, cada vez con máis convicción. Ata que, despois de moitas voltas, entendín que cando dicía Galaicolandia estaba a falar de Gallaecia.

Non era unha broma. Non era unha provocación. Era algo peor: era un sín-

toma.

Desde o punto de vista pedagóxico, o primeiro que chama a atención non é o erro concreto, senón o proceso. Hai unha palabra lida mal, interpretada peor e nunca contrastada. A lectura convértese nun acto mecánico, sen contexto nin curiosidade. As palabras pasan, pero non pousan. E cando non pousan, o significado constrúese como se pode, a partir de ecos, intuicións ou sonoridades familiares. Gallaecia soa raro; Galaicolandia soa a parque temático. O cerebro escolle o cómodo.

Pero o problema non é só pedagóxico. É sociolóxico. Vivimos nun tempo no que a información é constante, pero o coñecemento escaso. Lese pouco, e cando se le, faise rápido, fragmentado, sen fondo. A comprensión lectora non é unha habilidade secundaria: é a base de todo o demais. Sen ela non hai pensamento crítico, non hai historia,

non hai conciencia colectiva. Só hai presente eterno, unha sucesión de estímulos sen fío.

E aí entra algo máis fondo, máis incómodo. O descoñecemento das orixes. Non saber de onde veñen as palabras adoita ir acompañado de non saber de onde vimos nós. Gallaecia non é un dato erudito nin unha anécdota para especialistas: é unha peza básica para entender que Galicia existe antes de existir como comunidade autónoma, que houbo pobo, territorio e identidade moito antes de que alguén decidise poñer fronteiras administrativas.

Cando unha rapaza confunde Gallaecia con Galaicolandia, non está só equivocándose nun termo histórico. Está amosando unha relación feble co país que habita. Non por culpa dela, senón porque algo fallou antes: na escola, nos currículos, nos medios, na transmisión cultural cotiá. O país foise

volvendo abstracto, decorativo, algo que se celebra un día ao ano pero que non estrutura o pensamento.

E isto non vai de culpar á mocidade. Vai de preguntarnos que lle estamos ofrecendo. Que relato. Que ferramentas. Que tempo para ler con calma, para entender, para preguntar sen medo. Vai de asumir que amar un país non é só sentir orgullo, senón coñecerlo. Saber nomealo correctamente. Saber de onde vén o que somos.

Desde o amor a Galicia doe pensar que estamos criando xeracións que viven aquí sen raíces, flotando nun presente sen memoria. Galaicolandia soa simpático, incluso ten graza. Pero detrás desa graza hai unha alarma. Porque un país que non se coñece acaba por non recoñecerse. E o que non se recoñece, pérdese. Pouco a pouco. Sen ruído. Como unha palabra mal lida que nunca ninguén se detén a corrixi-la.



Democracia, partitocracia e nomenclatura

Moncho Laereu, xornalista

opinión

Reparemos nos nomes dos partidos burgueses. O PSOE é "socialista" e "obreiro". O PP é "popular", coma o partido romano que pretendía representar aos plebeos fronte aos patricios. Vox, bota man do termo latino que significa "voz", coma quen quere ser a voz do pobo. En Portugal hai un partido de dereitas que se chama "socialdemócrata" e o CDS-PP, igual có desaparecido CDS español, é "social". Noutros estados temos partidos moi reaccionarios que no seu nome son "libertarios" ou "da liberdade", monárquicos que son "republicanos"... Cousas veredes.

Ningún partido é quen de chamarse "Partido Progre Otanista", "Partido Casposo Oligarca". "Partido da Burguesía", "Partido Contra o Reparto da Riqueza", "Partido Machista pola Contaminación", "Partido Imperialista contra a Soberanía". Non son

parvos. Son produtos e saben venderse (apréciese a polisemia do termo). Parvos somos os que votamos neles pensando que son "socialistas", "obreiros", "populares", "cidadáns", "voz", "socialdemócratas", "sociais", "libertarios", ou "da liberdade" cando son todo o contrario. Sen disimular.

Igual pensamos que é triunfo noso que teñan que chamarse así; igual pensamos que teñen que aceptar o noso discurso, que teñen que falar nos nosos termos. Nada diso. Realmente eses nomes son un engano máis, como cando o fan dende os seus xornais, dende a súas radios e televisións, dende as súas redes e editoriais... Os obreiros pensamos que estamos a votar nun partido obreiro, o pobo pensa que está a votar nun partido popular, os que podían non poden, o que non ten voz pensa que está a votar nun partido que lla dá.

Iso si, Sumar resta e o Bloque anda bloqueado.

Relacionado con isto. Do punto de vista de clase, e dende a politoloxía académica, ningún réxime político actual é estritamente democrático. Todos son ditaduras dunha clase sobre outra. Os estados socialistas teñen economías planificadas, aspiran a ser ditaduras do proletariado, pero botan man do eufemismo "democracia popular". O termo ditadura está moi denostado e ten mala prensa. Pero, por outro lado, os estados capitalistas son economías de mercado, ditaduras da burguesía, e botan man tamén do eufemismo "democracia liberal". A democracia real é un horizonte lonxano.

Ningún estado capitalista ten lexitimidade para se apropiarlle do nome "democracia", é pura propaganda. Non pode haber democracia cando mandan os oligarcas, cando deciden os mercados, cando as eleccións "democráticas" son

un teatro para que se turnen no goberno os dous partidos de sempre que escenifican diferencias pero despois fan o mesmo e mandan para os mesmos. E moito menos podemos falar de democracia cando a xefatura do estado é hereditaria. Engánannos cos nomes, engánannos cos termos baleirándoos de contido. Nomenclatura enganosa.

A que vén esta reflexión sobre palabras, nomenclatura, terminoloxía...? A colación dos debates xurridos tras a agresión imperialista -"intervención" para os medios sistémicos- e o consiguiente secuestro -"captura" para os voceiros capitalistas - do Presidente Constitucional -"ditador" para os que se someten ao Imperio- de Venezuela e da súa parella, a Primeira Combatente. As palabras son manipuladas e manipúlabeis porque as mentes tamén o son. Sen ocultarnos e sen botar man de eufemismos, insistimos, non hai alternativa: Comunismo ou barbarie.



Auga C.B.
Beleza e saúde

Pedreira, 7
Baixo
A Lama
986 768 261
augacb@outlook.es

ASESORIA

PONTECALDELAS S.L.

Plaza de Cotobad, 2 Telf.: 986 76 74 31
PONTECALDELAS Fax: 986 75 05 13
asesoriapontecaldelas@hotmail.es

CONTRA A PRECARIEDADE E A DESIGUALDADE

**NA GALIZA TRABALLO DIGNO
POBO CON DEREITOS**



10 DE MARZO
DÍA DA CLASE OBREIRA GALEGA

Manifestación Vigo:
19h saída desde a Dobrada



Confederación Intersindical Galega

Conflicto en GKN Vigo

“Pídlle á sociedade viguesa que apoie todas as medidas que tomemos en defensa dos nosos postos de traballo. Hoxe tócanos a nós, pero mañá pode tocarlle a calquera outro”

Pedro Velasco, presidente do comité de empresa

Esta empresa, a antiga Indugasa, é unha das industrias máis importantes da comarca de Vigo. Leva máis de medio século de actividade xerando emprego e estabilidade para milleiros de persoas que neste tempo pasaron pola factoría. Actualmente case 750 persoas prestan os seus servizos na planta viguesa, a práctica totalidade en situación de traballadores indefinidos. Teoricamente, despois dunha negociación entre empresa e traballadores no ano 2023, a estabilidade no emprego debera estar garantida por un período de 10 anos. Pero a realidade non se correspondeu neste caso coa teoría, e a dirección da empresa ven de presentar ao comité unha proposta de despedimento colectivo que afectaría a 72 persoas, practicamente o 10% da totalidade do persoal. Nós conversamos con Pedro Velasco, presidente do comité desde hai tres anos e membro do mesmo desde hai case dúas décadas. Pedro é militante da CIG, e manifesta a súa oposición a este expediente de regulación de emprego, e a intención do comité de empresa de non permitir ningún despido que sexa traumático. Velaí vai o que deu de si a nosa conversa



Decoraciones Victor
Roberto Rivas
 C/ de la Iglesia, 10
 36820 Ponte Caldelas
 Pontevedra
 roberto@decoracionesvictor.es

986 750 383
609 067 164

www.decoracionesvictor.es

Canto tempo levas traballando na empresa?

Arredor de 30 anos.

No comité de empresa canto levas?

Cerca de 20 anos. Como presidente levo tres anos, asumín a responsabilidade no actual mandato.

Supoño que en 20 anos no comité terás visto de todo?

Si, a verdade é que si. Vin de todo, algunha cousa boa e moitas cousas malas: ERTES, Apagóns, os

problemas dos microchips...Facer sindicalismo de clase non é nada fácil. Na CIG traballamos moi duro co único obxectivo de mellorar as condicións da clase traballadora. E podo asegurar que ás veces a vida sindical supón un importante deterioro da vida persoal.

Cantos traballadores e traballadoras ten a empresa?

Algo menos de 750

Todos indefinidos?

Escola Infantil
PAPAVENTOS
pontecaldeas

. Educación infantil 0-3 anos 100% subvencionada
. SED (Ludo, Deberes): Trades Vacacións
. Plan Madruga e servizo comedor nen@s de 3-12 anos
. Horario 07:30- 20:30

C/ Paseo Cordo Boulosa, 3
 36820 - Pontecaldeas

Tlf: 986 767 520
 E-mail: eipapaventos@hotmail.com

Café - Tapería VICTORIA

Tapería Victoria
 Ponte Caldelas

Si. Grazas a un acordo que chegamos coa empresa para captar unha produción, que se supuña nos ía dar estabilidade por un período de 10 anos, logramos facer a todo o persoal indefinido.

Quen é a propiedade de GKN?

Nos últimos anos pasamos por diversas mans. Somos unha multinacional que está en todos os continentes. O capital é anglo alemán. Agora mesmo acábese de facer unha especie de compra fusión e pasaremos a ser propiedade dunha empresa americana chamada AAM. Nos vindeiros meses cambiaremos de nome, de logo e de imaxe corporativa.

Este cambio de propiedade ten algo que ver co ERE que se vos ven de presentar?

Penso que non. É un ERE que só afecta a esta fábrica. Ningunha outra do grupo está afectada.

Canto coñeces a intención da empresa de presentar un ERE?

Nos últimos días de xaneiro convocan ao comité e nos trasladan a intención de facer un despido colectivo. Abren o período de con-

sultas e iníciase un período de negociación nunha mesa entre o comité e a dirección da empresa. Na primeira xuntanza, o 29 de xaneiro, achegáronnos unha memoria explicativa cos argumentos da empresa para xustificar as súas razóns para o ERE.

A cantos compañeiros/as afectaría esta proposta de ERE?

A 72 persoas, practicamente ao 10% do persoal.

Sabemos as persoas que estarían afectadas?

Sabemos os departamentos.

As condicións de despedimento que ofrece a empresa?

Non as coñecemos de momento.

Facemos esta entrevista pouco despois desa primeira xuntanza. Imaxino que aínda non teríades tempo de estudar esa memoria?

Estamos estudándoa, si. Pero polo que fomos vendo xa hai cousas que non nos cadran: eles queren facer un ERE xustificándoo como produtivo, técnico e organizativo e nós pensamos que as auténticas razóns son económicas. Nós solicitamos diversa documentación

de tipo económico para poder-mos analizar todo con rigor.

Entramos entón nunha fase de negociación, e toca esperar, supoño?

Eu tiña a esperanza de que acontecería algo semellante ao que pasou en GKN Euskadi hai un par de anos. Alí ofreceron cartos para incentivar as saídas de persoas que estaban nos 58/ 59 anos. Pero valorando o que nos presentaron xa temos claro que afectaría a xente que non está nese abano de idade. Unha situación que sería traumática para as persoas afectadas. Todo o comité estamos na mesma posición de non permitir ningún despido traumático.

Prevés unha negociación dura e longa?

Ben, isto ten uns prazos. Agora temos un mes no que achegaremos a nosa posición razoada de por que pensamos que este ERE non é necesario. A partir de aí establecemos un calendario de dúas xuntanzas por semana.

Cantas persoas sodes no co-

mité e de que sindicatos?

Somos 21 : 8 de CIG, 7 DE COO, 5 DE UXT e 1 da CUT

Ao longo das negociacións contemplas como posible calquera tipo de escenario?

Si.

Incluso a folga?

A deriva destes últimos anos foi moi grande. O persoal cedeu certos dereitos adquiridos a cambio de garantir a estabilidade durante 10 anos. E agora 2 anos despois véñennos con isto?...A plantilla está moi queimada. Sentímonos enganados, e temos claro que se volvemos ceder en breve tere-mos que sufrir unha nova volta de porca..E si, calquera escenario, incluso ese polo que me preguntas, é posible.

A posición do comité referente a non permitir despidos traumáticos é unánime? Ou tes medo de que poida haber fendas?

Polo de agora a posición é unánime e agardo que así siga sendo ao longo de todo o proceso. Neste tipo de asuntos é esencial a unidade sindical.

Eu só podo responder por min e polo meu sindicato, e nese sentido podo dicir con rotundidade que a CIG non vai permitir ningún despido traumático. Agardo que o resto de sindicatos estean nesa posición ata que este proceso remate.

Grazas e sorte Pedro

Só unha cousa máis. Aproveito a oportunidade das vodas páxinas para dirixirme á sociedade viguesa e pedirlle que apoie todas as medidas que poidamos tomar:Hoxe tócanos a nós pero mañá pode tocarlle a calquera outro.

Kami 
el auténtico croissant artesano de mantequilla

Bajada a la Playa, 152 B
36392 Sayanes / VIGO
Tel. 986 491 118 / Móvil 645 260 727

SERVICIO A CAFETERÍAS Y HOTELES

Café - Taberna Tenda Exprés

 **Laura**

Vending 24 horas

Estrada de Zamáns, 219
Teléfono: 986 468 365
Móbil: 670 062 376

CAFETERÍA 

Martes a Domingo de 8:00 de la mañana a cierre
Gregorio Espino 48 - VIGO Tel.: 669 522 169

 **Barxío**

Estrada do portal
Valadares

Belleza Jazmín Estética Bienestar





SALUD NATURAL Y BIENESTAR INTEGRAL
CONECTA CON TU ESENCIA



NATUROPATÍA
CENTRO SALUZ
Camelias 106 (Vigo)

- Naturopatía
- Acupuntura
- Acompañamiento emocional
- Herbolario

671 19 20 72
www.naturopatiasaluz.com

MOLINER
outlet de Juguetes

Abiertos online 24h en www.jmoliner.es

VENTA AL PÚBLICO

Los juguetes son más que simples objetos, son herramientas que permiten a los niños explorar, imaginar y crear su propio mundo de posibilidades.

newcompany
moliner
VENTA Y DISTRIBUCIÓN DE
REGALOS Y JUGUETES



Polígono A Granxa

259ª Nave, 6

O Porriño

986 346787
visita a nosa web:

info@jmoliner.com